Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia

Última versión

MODIFICACIÓNS

Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa
- Artigo 179 apartado 2.d) nova redacción por disposición adicional cuarta.
- Artigo 182 apartado 4.d) nova redacción por disposición adicional quinta.

Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia
- Artigo 230 bis engadido por disposición adicional oitava.

Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior
- Artigo 252 bis engadido por artigo 1 apartado un.
- Artigo 286 modificado por artigo 1 apartado dous.

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo
- Artigo 2 nova redacción por disposición derradeira terceira apartado 1.
- Artigo 123 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 124 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 125 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 126 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 127 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 128 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 129 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 130 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 131 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 132 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 133 derrogado por disposición derrogatoria.
- Artigo 134 derrogado por disposición derrogatoria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Capítulo IV do Título VI derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Artigo 231 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 232 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 233 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 234 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 235 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 236 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 237 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 238 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 239 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 240 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 241 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 242 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 243 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 244 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 245 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 246 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Artigo 247 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 248 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)
Artigo 249 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)
Artigo 250 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1. e)

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
Artigo 13 nova redacción por artigo 59.

Coa Lei de Administración local de Galicia, apoiada explicitamente nos artigos 2.2, 27.2 e 40 do noso Estatuto de autonomía, téntase facer fronte, por unha banda, á definición do papel que a Comunidade Autónoma mesma ten en relación coas administracións locais e, por outra, á moi peculiar organización dos asentamentos urbanos en Galicia, a orixinalidade dos cales precisou desde sempre un enfoque xurídico axeitado ás súas características e ó que se teñen referido desde diferentes perspectivas especialistas de tódolos campos do saber.

O cumprimento escrupuloso deste compromiso será o único parámetro que nos ha de servir para medi-lo éxito do empeño perseguido, que terá como horizonte «a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego», segundo fermosa expresión empregada polo noso Estatuto de autonomía.

O Estado das autonomías propicia e mesmo fomenta respostas orixinais a problemas orixinais e así, sabiamente, configurou en grande medida a Administración local como un espacio típico da acción lexislativa das comunidades autónomas, sen reservarlle ó Estado máis cá aprobación dunhas bases que tratan de dotar dunha mínima unidade a fábrica xeral das nosas administracións deixando o resto á acción dos poderes autónomos para que, respectando estas regras básicas, conclúan o debuxo da maneira que xulguen máis conveniente á evolución histórica e ás características do asentamento poboacional que lles son propias.

É así como as Cortes Xerais aprobaron a lexislación básica de réxime local, con explícito apoio no contido do artigo 149.1.18.º da Constitución, correspondéndolle, a partir de aí, ó Parlamento de Galicia configura-lo significado, o papel, o sentido mesmo, en definitiva, das nosas seculares administracións locais.

Dentro deste marco lexislativo elaborouse a Lei de Administración local de Galicia, que ten como obxectivo primordial regula-las peculiaridades que no ámbito local se dan na nosa Comunidade Autónoma.

En xeral, todo o texto da lei procurou axustarse á sistemática da lei básica do Estado, desenvolvéndose aqueles aspectos que, polo seu contido, así o requirían.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Regúlanse neste texto as entidades locais que a lexislación básica do Estado especifica como entes locais territoriais, o municipio e a provincia. Dótase a parroquia rural, de longa tradición no campo galego, verdadeira trama celular da vida local do noso pobo e o seu auténtico sinal de identidade, da condición de ente local de carácter territorial, deixando a regulación da súa organización, funcionamento e competencias a unha lei posterior do Parlamento de Galicia. A partir de aí, deséñanse, con novos perfís, as demais entidades locais, fomentándose, por exemplo, as mancomunidades de municipios, os consorcios locais, que son dotados do carácter de entidades locais institucionais, enchéndose así o baleiro legal existente na materia, e as áreas metropolitanas, que deberán facerlles fronte ás novas esixencias de servicios públicos demandados polos cidadáns con organizacións fortes e dotadas dos medios que cumpran.

O municipio constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia, regulándose nesta lei os seus elementos esenciais, de entre os cales destaca, pola problemática que leva aparellada, o territorio. Aopinión unánime, neste momento, é que o número de municipios españois non é, precisamente, pequeno, polo que o seu aumento non semella o máis desexable, sobre todo se temos en conta que, en principio, os pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, dificilmente poden atende-las esixencias que require a prestación dos servicios públicos. Por isto esta lei pretende lograr fórmulas axeitadas que, sen adoptar medidas drásticas, dificulten a creación de novos municipios independentes, favorecendo, pola contra, o asociacionismo municipal, xa que a experiencia demostrou que as mancomunidades de municipios ou os consorcios locais, infrautilizados no territorio galego, xestionan con menor custo e maior efectividade as competencias locais, especialmente no caso dos pequenos municipios.

En canto á provincia, e sen mingua da súa autonomía, senón máis ben todo o contrario, reforzando as súas competencias, esta lei pretende que se concerten as súas atribucións coas propias da Comunidade Autónoma, e isto para facer realidade o mandato constitucional que postula a eficacia do aparato administrativo.

Poténciase, se cabe, a competencia especial que teñen as deputacións provinciais, consistente en «asegura-lo acceso da poboación ó conxunto dos servicios mínimos de competencia municipal», podendo, mesmo, substituí-lo municipio na prestación deles e debendo facelo coa aprobación do Plan provincial de obras e servicios. Ademais, no marco da proposta de Administración única e do principio de subsidiariedade, están chamadas a desempeñar un papel cada vez máis importante no conxunto do sector público xa que, pola súa experiencia e proximidade ó cidadán, poden prestar mellor os servicios que este demanda.

Respecto da comarca, unha vez que o Plan de desenvolvemento comarcal, que tivo a súa orixe no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de decembro de 1990, está consolidado, tanto na súa estructura coma na súa inserción social, a Lei de desenvolvemento comarcal regulou o que era un modelo experimental de planificación e intervención no territorio. Esta lei, seguindo as disposicións contidas naquela, elude a configuración das comarcas como entidades locais de carácter territorial, de xeito que estas carecerán, polo de agora, en Galicia, de personalidade xurídica diferenciada, dado que o custo económico e a duplicidade de funcións que isto supoñería, así como a experiencia doutras comunidades autónomas, recomendan atrasa-la creación de novas administracións públicas no noso país.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Preocupación especial do texto legal foi a prestación de servicios públicos ós veciños, único contraste e a máis autorizada proba do exame á que poden e deben ser sometidas as administracións públicas polos cidadáns, que non ven nelas, e con razón, máis ca instrumentos destinados a face-la vida en colectividade máis feliz e fructífera. É por todo isto polo que, desde a perspectiva organizativa, se pretende mellora-la calidade destes servicios, sinalándose niveis homoxéneos de prestación e alternativas que poden darse cando os municipios non presten estes servicios mínimos de acordo coa homoxeneidade e cos niveis mínimos establecidos. A lei apóiase nas provincias para garantir, dentro das súas posibilidades, a prestación dos servicios mínimos polos municipios.

Así mesmo, regúlanse, con carácter case regulamentario, as áreas metropolitanas, as mancomunidades de municipios e os consorcios locais, xa que a realidade ten demostrado que estes entes asociativos, pola súa voluntariedade e capacidade de acomodación ás distintas necesidades reais, constitúen a fórmula idónea para a prestación de determinados servicios que, sen precisaren un marco organizativo superior, exceden da capacidade individual dos municipios.

Por outra banda, a desexable descentralización funcional, co acercamento da Administración ós cidadáns e coa conveniencia da participación destes nas decisións que directamente os afectan, conduce a unha regulación aberta e flexible das entidades locais menores que posibilite a súa creación, sempre que se acredite a posesión de recursos suficientes e a súa constitución non supoña unha notable diminución da capacidade económica do municipio.

No marco da proposta de Administración única, como intento de axeita-la estructura administrativa do Estado, no seu conxunto, á realidade dun Estado composto, e entendendo que o modelo proposto non se completaría se non se producise un paralelo proceso de descentralización de competencias da Administración autonómica cara ós concellos e ás deputacións, en todos aqueles servicios nos que a súa prestación por estes entes redunde nun mellor servicio ó cidadán, esta lei supón non só un reforzamento das competencias propias das entidades locais, senón, o que é máis importante e está en harmonía coas últimas demandas dos representantes locais, que se regulan as figuras da transferencia, delegación e encomenda de xestión, figura aquela —a de transferencia— inédita na nosa tradición e que está chamada a desempeñar un importante papel na tarefa de reforza-lo peso das administracións locais no conxunto do sector público.

Polo que respecta ás relacións entre a Administración autonómica e a Administración local, considéranse por esta lei a partir do recoñecemento constitucional e estatutario do principio de autonomía dos entes locais.

Derrogados os antigos instrumentos de tutela, estes son substituídos por dous novos principios, que presidirán toda a armazón de relacións interadministrativas: a cooperación e a coordinación. Cumpría, xa que logo, que esta lei regulase a aplicación e o desenvolvemento deles.

Tanto a cooperación coma a coordinación oriéntanse a flexibilizar e previr disfuncións derivadas do propio sistema de distribución de competencias, aínda que sen alterar, en ningún

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

dos casos, a titularidade e o exercicio das competencias propias dos entes en relación. A voluntariedade caracterizará a cooperación, por iso se constitúe no instrumento fundamental de colaboración entre institucións implicadas na satisfacción de fins de interese xeral, deber xurídico de todas e cada unha das administracións públicas, a través da constitución de consorcios locais ou da subscrición dos convenios de cooperación que se estimen precisos. Só cando a súa aplicación resulte «manifestamente inadecuada por razón das características da tarefa pública de que se trate», poñerase en marcha a facultade, que esta lei lle outorga ó Consello da Xunta de Galicia, de coordina-la actividade das administracións locais no exercicio das súas competencias.

A Lei de Administración local de Galicia complétase, finalmente, cunha regulación de tódolos aspectos comúns ás entidades locais que integran o bloque do ordenamento xurídico local.

Para o cumprimento destes fins e obxectivos esta lei estructúrase nun título preliminar e en oito títulos, divididos en capítulos e seccions e, nalgunha ocasión, en subseccións:

Exposición de motivos.

Título preliminar. Disposicións xerais.

Título I. Do municipio.

Capítulo I. Territorio.

Sección 1.ª: Das alteracións dos termos municipais.

Subsección 1.ª: Da Comisión Galega de Delimitación Territorial.

Subsección 2.ª: Da fusión de municipios.

Subsección 3.ª: Da incorporación de municipios.

Subsección 4.ª: Da segregación para a creación de municipios independentes.

Subsección 5.ª: Da segregación-agregación.

Subsección 6.ª: Do procedemento común para a alteración dos termos municipais.

Sección 2.ª: Da demarcación, deslinde e amolloamento.

Sección 3.ª: Do cambio de denominación e capitalidade do municipio.

Capítulo II. Poboación.

Capítulo III. Organización.

Sección 1.ª: Do alcalde.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sección 2.ª: Dos tenentes de alcalde.

Sección 3.ª: Do Pleno.

Sección 4.ª: Da Comisión de Goberno.

Sección 5.ª: Da Comisión Especial de Contas.

Sección 6.ª: Das comisións de estudio, informe ou consulta.

Sección 7.ª: Dos órganos territoriais para a xestión municipal desconcentrada e de participación cidadá.

Sección 8.ª: Do alcalde de barrio.

Sección 9.ª: Dos grupos políticos.

Capítulo IV. Competencias.

Sección 1.ª: Das competencias propias.

Sección 2.ª: Dos servicios mínimos.

Sección 3.ª: Das actividades complementarias doutras administracións públicas.

Sección 4.ª: Da transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma nos municipios e da encomenda de xestión.

Capítulo V. Réximes municipais especiais.

Sección 1.ª: Dos municipios turísticos.

Sección 2.ª: Dos municipios histórico-artísticos.

Sección 3.ª: Dos municipios industriais.

Sección 4.ª: Dos municipios pesqueiros.

Sección 5.ª: Dos municipios rurais.

Título II. Da provincia.

Capítulo I. Territorio.

Capítulo II. Organización.

Capítulo III. Competencias.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sección 1.ª: Das competencias propias.

Subsección 1.ª: Da coordinación dos servicios municipais entre si para garanti-la prestación integral e axeitada dos servicios públicos en todo o territorio da provincia.

Subsección 2.ª: Da asistencia xurídica.

Subsección 3.ª: Da asistencia económico-financeira.

Subsección 4.ª: Da asistencia técnica.

Subsección 5.ª: Da asistencia en materia de formación e perfeccionamento en xeral.

Subsección 6.ª: Da prestación de servicios de carácter supramunicipal.

Subsección 7.ª: Do fomento e da administración dos intereses peculiares da provincia.

Sección 2.ª: Da transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma nas provincias e da encomenda de xestión.

Título III. Outras entidades locais.

Capítulo I. Das áreas metropolitanas.

Sección 1.ª: Da creación das áreas metropolitanas.

Sección 2.ª: Da organización e do funcionamento da área metropolitana.

Subsección 1.ª: Do Consello Metropolitano.

Subsección 2.ª: Da Comisión de Goberno.

Subsección 3.ª: Do director xeral.

Subsección 4.ª: Do delegado da Xunta de Galicia na área metropolitana.

Subsección 5.ª: Dos órganos complementarios.

Sección 3.ª: Das competencias das áreas metropolitanas.

Sección 4.ª: Da facenda das áreas metropolitanas.

Capítulo II. Das mancomunidades de municipios.

Sección 1.ª: Do procedemento de constitución e de disolución das mancomunidades de municipios.

Sección 2.ª: Da organización das mancomunidades de municipios.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sección 3.ª: Das competencias das mancomunidades de municipios.

Sección 4.ª: Da facenda das mancomunidades de municipios.

Capítulo III. Dos consorcios locais.

Capítulo IV. Das entidades locais menores.

Sección 1.ª: Do procedemento de constitución e de disolución das entidades locais menores.

Sección 2.ª: Da organización das entidades locais menores.

Sección 3.ª: Das competencias das entidades locais menores.

Sección 4.ª: Da facenda das entidades locais menores.

Capítulo V. Das agrupacións de municipios.

Sección 1.ª: Das agrupacións voluntarias.

Sección 2.ª: Das agrupacións forzosas.

Título IV. Da transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma nas entidades locais e da encomenda de xestión.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Capítulo II. Da transferencia.

Capítulo III. Da delegación.

Capítulo IV. Da encomenda de xestión.

Título V. Relacións interadministrativas.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Capítulo II. Da Comisión Galega de Cooperación Local.

Capítulo III. Da colaboración, cooperación e auxilio.

Sección 1.ª: Da colaboración e cooperación.

Subsección 1.ª: Dos consorcios locais.

Subsección 2.ª: Das sociedades anónimas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Subsección 3.ª: Dos convenios de cooperación.

Sección 2.ª: Do auxilio.

Capítulo IV. Da coordinación.

Sección 1.ª: Dos plans sectoriais.

Sección 2.ª: Doutras técnicas de coordinación.

Título VI. Disposicións comúns ás entidades locais.

Capítulo I. Réxime de funcionamento.

Capítulo II. Impugnación de actos e acordos e exercicio de accións.

Capítulo III. Estatuto dos membros das corporacións locais.

Capítulo IV. Do persoal ó servicio das entidades locais.

Sección 1.ª: Disposicións xerais e comúns.

Sección 2.ª: Dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Sección 3.ª: Dos demais funcionarios de carreira.

Sección 4.ª: Persoal laboral e eventual.

Capítulo V. Da información e participación cidadá.

Sección 1.ª: Da información ós cidadáns.

Sección 2.ª: Participación cidadá.

Sección 3.ª: Asociacións de veciños.

Sección 4.ª: Consultas populares.

Capítulo VI. Dos símbolos das entidades locais.

Título VII. Bens, actividades e servicios e contratación.

Capítulo I. Bens das entidades locais.

Sección 1.ª: Disposicións comúns.

Sección 2.ª: Da adquisición e do alleamento dos seus bens polas entidades locais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sección 3.ª: Das potestades e prerrogativas das entidades locais respecto dos seus bens.

Capítulo II. Actividades e servicios.

Sección 1.ª: Actividades.

Sección 2.ª: Servicios.

Capítulo III. Contratación.

Sección 1.ª: Disposicións xerais.

Sección 2.ª: Das actuacións relativas á contratación.

Título VIII. Das facendas locais. Disposición adicional.

Disposicións transitorias.

Disposición derrogatoria.

Disposicións derradeiras.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei. a Lei de Administración local de Galicia.

Título preliminar Disposicións xerais

Artigo 1

1. A Comunidade Autónoma de Galicia organízase en municipios e provincias, que teñen a condición de entidades locais territoriais, ás que se lles garante a autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

2. Nos termos que determinará unha lei do Parlamento de Galicia, as parroquias rurais galegas terán a consideración de entidades locais territoriais e gozarán de autonomía para a xestión dos seus intereses patrimoniais.

Artigo 2

1. Gozan da condición de entidades locais non territoriais as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as entidades locais menores.

2. As áreas metropolitanas terán a consideración de entidades locais supramunicipais de carácter territorial.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo modificado: Artigo 2 nova redacción por disposición derradeira terceira apartado 1.

Artigo 3

A Xunta de Galicia levará un rexistro no que se inscribirán tódalas entidades locais de Galicia. O contido, a organización e o funcionamento daquel determinaranse regulamentariamente.

Artigo 4

1. As entidades locais galegas rexeranse conforme o disposto nesta lei e na normativa que a desenvolva, sen prexuízo do establecido na normativa básica estatal.

2. Os regulamentos orgánicos e as ordenanzas de cada entidade local serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e por esta lei.

Artigo 5

1. As entidades locais servirán con obxectividade os intereses públicos que se lles encomenden e actuarán de acordo cos principios de eficacia e servicio ós cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á lei e ó dereito.

2. As entidades locais, conforme os criterios de reciprocidade nas súas relacións entre si e coas outras administracións públicas, rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto ós respectivos ámbitos de competencias.

3. A Xunta de Galicia, a través da Comisión Galega de Cooperación Local, fomentará e promocionará as relacións de colaboración e cooperación entre as distintas administracións públicas galegas.

Artigo 6

1. Na súa calidade de administracións públicas, corresponderanlles ás entidades locais territoriais de Galicia, no ámbito das súas competencias e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local:

a) A potestade regulamentaria e de autoorganización.

b) A potestade tributaria e financeira.

c) A potestade de programación ou planificación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) As potestades expropiatoria e de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens.

e) A potestade de lexitimidade e executividade dos seus actos.

f) A potestade de execución forzosa e sancionadora.

g) A potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.

h) A inembargabilidade dos seus bens e dereitos nos termos previstos nas leis, e as de prelación, preferencia e demais prerrogativas recoñecidas á Facenda pública en relación cos seus créditos, sen prexuízo das que lle correspondan á Facenda do Estado e da Xunta de Galicia.

i) A exención dos impostos do Estado e da Xunta de Galicia, nos termos establecidos polas leis.

2. As potestades e prerrogativas determinadas polo apartado anterior seranlles tamén aplicables ás demais entidades locais non territoriais, de conformidade, se é o caso, co establecido polos seus estatutos, coas seguintes particularidades:

a) A potestade tributaria referirase, exclusivamente, ó establecemento de taxas, contribucións especiais e prezos públicos.

b) A potestade expropiatoria corresponderalle ó municipio ou provincia, que a exercerá en beneficio e a instancia da entidade local interesada.

Artigo 7

1. O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, tales entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial, o castelán.

3. A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.

Artigo 8

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. As competencias das entidades locais son propias ou atribuídas por delegación, logo da aceptación da entidade correspondente.

2. As competencias propias de municipios, provincias e demais entidades territoriais só poderán ser determinadas por lei e exerceranse en réxime de autonomía e baixo a súa propia responsabilidade, atendendo sempre a debida coordinación, na súa programación e execución, coas demais administracións públicas nos termos establecidos polas leis.

3. A Xunta de Galicia poderá delegar competencias nas entidades locais e encomendárlle-la xestión ordinaria dos seus servicios nos termos establecidos por esta lei. Para a súa efectividade cumprirá a aceptación expresa do Pleno da Corporación.

A delegación non supoñerá cesión da titularidade da competencia. As competencias delegadas exerceranse nos termos da delegación, que preverá as técnicas de dirección e control e os medios para desempeñalas, que, en todo caso, terán que respecta-la potestade de autoorganización dos servicios da entidade local que asuma a delegación.

A encomenda de xestión non supoñerá cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da Xunta de Galicia dictar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

4. As competencias municipais poderán ser exercidas polas áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios ou consorcios locais nos supostos e cos requisitos establecidos por esta lei e sempre logo da delegación da entidade local mediante acordo corporativo.

Artigo 9

Sempre que sexa posible, e cando non se opoñan razóns de interese público debidamente consignadas, concederáselles ás asociacións de municipios e provincias que teñan a representación e defensa dos intereses das entidades locais galegas diante dos correspondentes poderes públicos a oportunidade de expoñeren o seu parecer sobre as disposicións de carácter xeral e os anteproxectos de lei que, en materia de réxime local, elabore a Xunta de Galicia. Farase efectivo mediante un informe razoado e nun prazo mínimo de dez días, contados desde o seguinte á súa remisión para consulta.

Título I Do municipio

Artigo 10

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Os municipios son entidades locais básicas da organización territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e canles de participación cidadá nos asuntos públicos locais.

2. O municipio ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

3. Son elementos do municipio o territorio, a poboación e a organización.

Capítulo I Territorio

Artigo 11

1. O termo municipal é o territorio no que o Concello exerce as súas competencias.

O exercicio de competencias fóra do termo municipal levará consigo a nulidade radical da actuación por manifesta incompetencia, agás nos supostos nos que as potestades municipais poidan, ó abeiro dunha norma específica, excede-lo propio termo.

2. Todo municipio pertencerá a unha soa provincia.

Sección 1.ª Das alteracións dos termos municipais

Artigo 12

1. A alteración dos termos municipais só poderá producirse entre municipios limítrofes.

2. O termo municipal poderá ser alterado:

a) Por fusión de dous ou máis municipios limítrofes para constituír un novo municipio.

b) Por incorporación dun ou máis municipios a outro limítrofe.

c) Por segregación de parte do termo dun municipio ou de varios municipios para constituír un novo municipio.

d) Por segregación de parte do termo dun municipio ou de varios municipios para agregarse a outro limítrofe.

3. Ningunha alteración poderá dar lugar a un termo municipal descontinuo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Os límites territoriais dos termos municipais poderán modificarse coa finalidade de axeitalos ás iniciativas de corrección de disfuncionalidades territoriais elaboradas pola Comisión Galega de Delimitación Territorial. Amodificación será acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, logo da audiencia, polo prazo dun mes, dos municipios afectados, do informe da respectiva Deputación Provincial e do dictame do Consello Consultivo de Galicia.

5. As alteracións dos termos municipais inscribiranse no Rexistro de Entidades Locais de Galicia e no estatal.

Artigo 13

1. A Xunta de Galicia establecerá medidas de fomento para as fusións de municipios ou para a incorporación voluntaria a outros.

a) Nos orzamentos da Comunidade Autónoma figurará anualmente unha consignación destinada á creación dun fondo especial para o fomento das fusións, con cargo á que se concederán axudas ás fusións na contía que se determine para cada exercicio, e que será xestionado pola Dirección Xeral de Administración Local.

b) Estableceranse axudas económicas e técnicas, entre as que poderán incluírse as seguintes:

– A colaboración na nova reestruturación orgánica e funcional da entidade local resultante da fusión, que poderá elaborar a RPT, o inventario de bens ou o PXOM.

– A posibilidade de dispensa da prestación dalgún dos servizos mínimos establecidos como obrigatorios na presente lei. Asinarase o correspondente convenio coa deputación provincial para o seu financiamento conxunto.

c) Estableceranse criterios prioritarios ou especiais na asignación de subvencións finalistas.

d) Estableceranse criterios prioritarios ou especiais nos plans de organización dos servizos autonómicos.

e) A Comunidade Autónoma poderá condonar débedas existentes cos municipios fusionados, que deberán concretarse no decreto de fusión.

f) Os municipios fusionados terán dereito a un aumento na porcentaxe de participación que lles corresponde no Fondo de Cooperación Local, que se concretará anualmente na primeira lei de orzamentos seguinte á adopción do acordo de fusión.

g) No suposto de fusións municipais e no caso de existir varios habilitados nacionais con posto en propiedade no ámbito dos concellos fusionados, aplicaranse as seguintes regras:

– Se o municipio resultante tiver menos de 5.000 habitantes e unicamente precisar da asistencia dun habilitado nacional, permanecerá no posto o que teña a praza en propiedade.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O resto quedará na situación de expectativa de nomeamento ou deberá incorporarse ao posto onde sexa titular. No caso de que existan varios coa súa praza en propiedade, permanecerá no posto o que teña maior puntuación no baremo de méritos estatais. O resto deberá ser transferido á Comunidade Autónoma e integrado como persoal desta na categoría de técnico de administración xeral ou optar por quedar na situación de expectativa de nomeamento.

– Se o municipio resultante tiver máis de 5.000 habitantes e precisar cubrir varios postos de habilitados nacionais, a Comunidade Autónoma procederá a clasificar os postos e a adxudicalos aos habilitados existentes. Poderán optar estes aos diferentes postos en función da categoría á que pertencen e da puntuación do baremo de méritos estatais. No caso de existir máis habilitados que postos para distribuír, aplicarase o procedemento anterior e deberán ser transferidos á Comunidade Autónoma.

2. Estas medidas de fomento das fusións poderán ser aplicadas tamén aos municipios fusionados nos últimos cinco anos

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 13 nova redacción por artigo 59.

Artigo 14

1. Non procederá a segregación parcial cando isto supoña:

a) Que o municipio segregado non conte con recursos suficientes para prestar, na parte non segregada do seu termo municipal, os servicios mínimos esixidos polo artigo 81 desta lei e pola lexislación básica na materia.

b) Diminución na calidade media dos servicios que viñan sendo prestados polo municipio que se pretende segregar. Pola contra, deberá supoñer unha mellora na calidade do servicios que pasen a ser xestionados polo municipio agregante.

c) Cando a parte que se trate de segregar estivese unida por rúa ou zona urbana a outro núcleo ou poboado do municipio orixinario.

d) Cando existan datos e evidencias que permitan deducir que os supostos beneficios da segregación non se poden acadar con outros mecanismos.

2. A segregación parcial levará consigo, ademais da división do termo, a de bens, dereitos e accións, débedas e cargas en función do número de habitantes e da riqueza impoñible correspondentes ó territorio que se trate de segregar, que se practicarán conxuntamente.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. A aprobación do expediente de segregación condicionarase á subrogación formal do novo municipio ou daquel no que se integre o territorio segregado nas débedas pendentes e nas cargas financeiras derivadas dos investimentos e servicios que se viñan prestando no territorio que se vai segregar, por parte do municipio ou dos municipios orixinarios.

Subsección 1.ª Da Comisión Galega de Delimitación Territorial

Artigo 15

1. Créase a Comisión Galega de Delimitación Territorial como órgano de estudio, consulta e proposta en relación coas materias que atinxen a determinación, revisión e modificación dos límites territoriais das entidades locais galegas e das demarcacións en que se estructura a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Serán funcións da Comisión:

a) Emitir informe sobre tódolos expedientes de alteración de límites municipais.

b) Emitir informe sobre tódolos expedientes de cambio de capitalidade.

c) Elaborar, a pedimento do Consello da Xunta de Galicia, os estudios e as propostas de revisión para proceder á aplicación do establecido no artigo 13 desta lei.

d) Estudiar e dictamina-las alegacións presentadas e os distintos informes emitidos sobre o Mapa municipal de Galicia antes da súa elevación ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

e) Exerce-las demais que lle atribúen as leis.

Artigo 16

O Mapa municipal de Galicia elaborarase baixo a responsabilidade da Consellería competente en materia de réxime local, axustándose na súa elaboración e aprobación ó que resulte dos expedientes de delimitación e deslinde e, se é o caso, das resolucións definitivas en caso de conflicto, e aprobarase de acordo co seguinte procedemento:

a) O Mapa municipal de Galicia será aprobado inicialmente pola Consellería competente en materia de réxime local.

b) Aprobado inicialmente o documento, remitiráselle ó Instituto Xeográfico Nacional para o seu informe e someterase a información pública para alegacións polo prazo de trinta días, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e nos boletíns oficiais das catro provincias galegas.

c) Simultaneamente daráselles traslado do documento ás deputacións provinciais, ós concellos interesados e á Delegación do Goberno para que, no mesmo prazo, poidan emitir

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

informe, que se entenderá favorable no caso de que, transcorrido o devandito prazo, non o remitisen.

d) Estudiadas e dictaminadas, pola Comisión Galega de Delimitación Territorial, as distintas alegacións e informes e feitas as correccións que procedan e logo do dictame do Consello Consultivo de Galicia, seralle elevado o expediente, polo conselleiro competente en materia de réxime local, ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

e) O decreto polo que se aprobe definitivamente o Mapa municipal publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado e comunicaráselle á Administración do Estado, para os efectos previstos na lexislación básica de réxime local.

Artigo 17

A composición, a estructura orgánica e o funcionamento da Comisión Galega de Delimitación Territorial determinaranse regulamentariamente, e, en calquera caso, deberán formar parte dela representantes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas, designados polas súas entidades asociativas máis representativas na forma máis axeitada para garantir unha presencia sensiblemente proporcional ós resultados das últimas eleccións municipais.

Igualmente poderán formar parte as institucións públicas e privadas que, en virtude dos seus obxectivos e finalidades, teñan unha relación ou incidencia especial sobre a organización territorial de Galicia.

Subsección 2.ª Da fusión de municipios

Artigo 18

1. Enténdese por fusión de dous ou máis municipios o resultado da súa unión, de xeito que se produza a desaparición de todos eles, creándose un novo no que o ámbito territorial e a poboación se correspondan coa suma dos municipios fusionados.

2. Como consecuencia da fusión, o novo ente creado poderá mante-la denominación de calquera dos municipios orixinarios ou establecer unha nova.

3. O novo municipio poderá fixa-la súa capitalidade en calquera núcleo do termo resultante.

4. Tanto a denominación coma a capitalidade do municipio resultante dun proceso de fusión deberán ser propostas desde o comezo do procedemento por parte dos municipios orixinarios.

Artigo 19

Poderá realizarse a fusión cando se dea algún dos seguintes requisitos:

a) Cando se confundan núcleos de poboación que sexan capitalidade dos respectivos municipios.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Cando separadamente carezan os municipios de recursos suficientes para atende-los servicios mínimos esixidos polos artigos 81 desta lei e 26.1 da Lei reguladora das bases do réxime local ou os que en cada momento determine a normativa aplicable.

c) Cando existan notorios motivos de necesidade ou conveniencia económica ou administrativa ou consideracións de orde xeográfica e demográfica.

d) Cando do proceso de fusión deriven importantes vantaxes para os municipios afectados no que á prestación de servicios se refire e así sexa estimado polos concellos fusionados.

Artigo 20

No suposto de concorrer algunha das circunstancias previstas nos apartados b) e d) do artigo anterior, o expediente de fusión poderá iniciarse a instancia dos municipios interesados ou de oficio por parte da Xunta de Galicia. No caso do apartado b), a Xunta de Galicia garantirá o investimento para o primeiro establecemento dos servicios mínimos.

Subsección 3.ª Da incorporación de municipios

Artigo 21

1. Enténdese por incorporación dun ou de varios municipios a outro limítrofe a operación consistente na integración do incorporado ou dos incorporados ó incorporante, de forma que aquel ou aqueles desaparezan pasando a formar parte deste.

2. O territorio e a poboación do municipio resultante quedarán constituídos pola suma de todos eles, manténdose a capitalidade e denominación do municipio incorporante, que integrará para tódolos efectos a personalidade xurídica dos municipios incorporados.

Artigo 22

Poderá acordarse a incorporación dun ou de varios municipios a outro limítrofe cando se dea algún dos seguintes requisitos:

a) Cando resulte imposible a prestación ós veciños dos municipios que se van incorporar dos servicios mínimos previstos nos artigos 81 desta lei e 26.1 da Lei reguladora das bases do réxime local ou os que en cada momento determine a normativa aplicable, e se opte por esta vía no canto da fusión.

b) Cando resulte gravemente diminuído algún dos elementos básicos do municipio ou dos municipios que se incorporen.

c) Cando do proceso de integración deriven significativas vantaxes para os municipios afectados no que á prestación de servicios se refire e así sexa estimado polos concellos que se integran e polo receptor.

Artigo 23

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. No caso de concorrer algunha das circunstancias previstas nos apartados a) e c) do artigo anterior, o expediente de incorporación poderá iniciarse a instancia dos municipios interesados ou de oficio por parte da Xunta de Galicia. No caso do apartado a), a Xunta de Galicia garantirá o investimento para o primeiro establecemento dos servicios mínimos.

2. No caso de concorrer algunha das circunstancias previstas no apartado b) do artigo anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia deberá iniciar de oficio o expediente de incorporación.

Subsección 4.ª Da segregación para a creación de municipios independentes

Artigo 24

Enténdese por segregación para a creación de novos municipios a operación consistente en separar parte do termo dun ou de varios municipios para constituír un novo e independente municipio.

Artigo 25

Para que poida crearse un municipio novo e independente, por segregación, cómpre que se dean todos e cada un dos seguintes requisitos:

a) Que existan motivos permanentes de interese público.

b) Que se trate dun ou de varios núcleos de poboación territorialmente diferenciados e afastados da capitalidade do municipio ou dos municipios orixinarios en máis de dez quilómetros, ou que, sen mediar esta distancia, as vías e os medios de comunicación con aquela resulten manifestamente insuficientes, e sempre que exista unha franxa de solo non urbanizable de, polo menos, cinco quilómetros. En todo caso, o novo municipio non poderá ter descontinuidades no seu territorio e non poderá constituír un enclave dentro de calquera dos municipios orixinarios.

c) Que o núcleo ou os núcleos que se van segregar conten cunha poboación non inferior a cinco mil habitantes e que o municipio ou os municipios dos que se segregan non baixen deste límite poboacional ó producirse a segregación.

d) Que o novo municipio conte con recursos propios suficientes para a implantación e o mantemento dos servicios que a lei lle esixe e a súa independencia non supoña en ningún caso diminución na calidade dos que viñan sendo prestados por el ou polos municipios orixinarios.

e) Que no núcleo ou nos núcleos que se pretenden segregar non viñesen sendo prestados, polo municipio ou polos municipios orixinarios, os servicios mínimos esixidos pola lei coa calidade media coa que se prestan no resto do seu termo municipal.

f) Que en calquera caso non exista outra alternativa que permita resolve-los problemas que motivan a segregación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 26

No expediente que para o efecto se instrúa, deberán constar fidedignamente tódolos requisitos mencionados no artigo anterior, así como o proxecto de orzamento relativo ós gastos e ingresos correntes, tanto do municipio ou dos municipios orixinarios coma do que se pretende constituír. Neste figurarán, de xeito especial, os ingresos previstos e os gastos precisos para o mantemento dos servicios mínimos coa calidade esixida por esta lei.

Artigo 27

O novo municipio, ademais das débedas pendentes e das cargas financeiras que lle correspondan, deberá asumi-las mesmas cargas, funcionarios, persoal laboral e servicios que ata o momento da segregación viñesen prestando as súas actividades ó servicio do núcleo ou dos núcleos de poboación que integrarán o novo territorio, debendo subrogarse nas conseguintes obrigas.

Subsección 5.ª Da segregación-agregación

Artigo 28

Enténdese por segregación-agregación a operación consistente en separar parte dun termo municipal do seu ámbito territorial orixinario para agregalo ó doutro limítrofe.

Artigo 29

Poderá levarse a cabo a segregación parcial dun termo municipal para a súa agregación a outro municipio limítrofe cando concorra algunha das seguintes causas:

a) No caso de que se confundan núcleos urbanos de dous ou máis municipios como consecuencia do desenvolvemento urbanístico e ningún destes núcleos sexa capital dos municipios afectados ou só o sexa o do municipio agregante.

b) Cando existan notorios motivos de necesidade ou conveniencia económico-administrativa que así o aconsellen.

c) Cando o núcleo de poboación que se vai segregar estea recibindo os servicios mínimos, esixidos polos artigos 26.1 da Lei reguladora das bases do réxime local e 81 desta lei, do municipio ó que pretende agregarse.

Artigo 30

1. O municipio ó que se lle agregue unha parte do termo municipal doutro deberá indemnizar economicamente a este nunha contía igual a dez veces o valor actual das cantidades deixadas de percibir polos impostos sobre bens inmobles e actividades económicas que se devenguen no territorio que se vai segregar. Esta valoración deberá figurar no expediente que se tramite para o efecto.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Se a valoración fose estimada insuficiente con respecto ó beneficio que lle reportaba ó municipio orixinario a parte do termo municipal que se segregou, a indemnización será fixada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local.

2. Se o municipio do que se segrega unha porción de territorio non aceptase a valoración sinalada, o procedemento poderá continuar coa consignación do importe dela na Caixa Xeral de Depósitos.

Subsección 6.ª Do procedemento común para a alteración dos termos municipais

Artigo 31

As alteracións de termos municipais poderán ser iniciadas de oficio pola Consellería competente en materia de réxime local ou a instancia de:

a) Calquera dos municipios interesados.

b) As deputacións provinciais respectivas.

Artigo 32

1. As alteracións de termos municipais poderán, así mesmo, ser tramitadas, con carácter voluntario, polos concellos interesados. En tal caso o expediente será iniciado polos acordos dos respectivos concellos, adoptados co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

2. Os acordos someteranse a información pública por un prazo non inferior a trinta días.

3. Rematado o período de información pública, os concellos adoptarán novo acordo, coa mesma maioría ca no acordo de iniciación, no que se resolverá sobre a procedencia da alteración e, se é o caso, sobre as reclamacións presentadas.

4. Se os acordos fosen favorables á alteración, elevaráselle o expediente á Consellería competente en materia de réxime local.

Artigo 33

1. As alteracións de termos municipais consistentes na súa segregación parcial para a constitución dun novo e independente municipio ou na segregación de parte do termo dun municipio para agregalo a outro limítrofe poderán ser promovidas a instancia dos veciños residentes na parte ou nas partes que se vaian segregar.

2. No suposto de que a segregación fose promovida a instancia veciñal, precisarase o apoio das dúas terceiras partes dos veciños residentes, cunha residencia mínima de dez anos no territorio que se vai segregar.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. No suposto de iniciación veciñal será constituída polos veciños unha Comisión Promotora. Para isto deberán comparecer tódolos interesados perante fedatario público, coa finalidade de manifesta-la súa vontade de designa-los membros da Comisión Promotora.

4. A Comisión Promotora deberá incorporar ó expediente toda a documentación prevista nos artigos 34 e 35 desta lei.

5. Unha vez completada a documentación pola Comisión, elevaráselles ós concellos correspondentes, que, tras sometela a información pública por un prazo non inferior a trinta días, adoptarán acordo sobre ela, no prazo de dous meses. Os acordos serán adoptados co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

6. Adoptados os acordos municipais e incorporada ó expediente certificación deles, o Concello elevarallo á Consellería competente en materia de réxime local, aínda cando os acordos municipais non fosen favorables. Se transcorrido o prazo de dous meses ó que se refire o apartado anterior non se adoptou acordo municipal expreso, a Comisión Promotora elevaralle o expediente á Consellería competente en materia de réxime local.

Artigo 34

1. Deberán incorporarse ós expedientes de alteracións de termos municipais os seguintes documentos, sen prexuízo de cantos outros se estimen oportunos:

a) Plano do termo ou dos termos municipais que vaian ser obxecto de alteración, con sinalamento, se é o caso, dos novos límites ou da liña divisoria dos municipios.

b) Informe no que se xustifique que concorren as motivacións necesarias para levar a cabo a alteración que se propón.

c) Memoria xustificativa de que as alteracións non minguan a solvencia dos municipios ós que afectan, en prexuízo dos acredores, ou, se é o caso, acta notarial na que se acredite, por comparecencia das dúas terceiras partes dos veciños das porcións segregadas, que se comprometen no novo municipio a responder subsidiariamente, no seu día, respecto da parte correspondente dos créditos que existan, agás as obrigas persoais de cada un daqueles.

2. Así mesmo, achegaranse as estipulacións xurídicas e económicas que se propoñen, entre as que deberán figurar, cando procedan:

a) A forma de liquida-las débedas ou os créditos contraídos por cada municipio.

b) As fórmulas de administración de bens e xestión de servicios.

c) Calquera outra que lles conveña ós municipios afectados respecto das obrigas, dereitos e intereses de cada un.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 35

1. Nos supostos de segregación parcial para constituír un novo municipio, incorporaranse ó expediente, ademais dos documentos ós que se refire o artigo anterior, os seguintes documentos:

a) Informe demostrativo de que nin o novo municipio nin o orixinario ou os orixinarios carecerán dos medios precisos para o cumprimento dos seus fins.

b) Proxecto de división de bens, aproveitamentos, usos públicos, créditos e calquera outro dereito e obriga entre o concello ou os concellos orixinarios e o novo, e bases que se establezan para resolver, posteriormente, calquera outra cuestión que non fose posible dilucidar.

c) Certificación, expedida polo secretario, dos bens, dereitos e aproveitamentos comunais do municipio ou dos municipios obxecto da segregación, así como dos que lle correspondan exclusivamente á veciñanza da parte ou das partes que se fosen segregar.

d) Certificación do secretario relativa ó número de electores, habitantes e veciños dos termos municipais e da porción que se pretenda segregar.

2. Nos casos de segregacións parciais de termos municipais iniciadas a pedimento das dúas terceiras partes dos veciños, acreditarase, mediante certificación do secretario do Concello respectivo, estendida ó remate das sinaturas que subscriban a solicitude, que han de estar autenticadas notarialmente, que os asinantes figuran como residentes veciños no padrón municipal.

Artigo 36

Instruído o expediente de alteración de termos municipais, e para efectos de que emitan o informe que estimen oportuno, daráselles audiencia no prazo dun mes a:

a) Os municipios e as demais entidades locais interesadas cando a iniciación fose decretada de oficio pola Consellería competente en materia de réxime local ou a instancia dos municipios ou das deputacións provinciais respectivas.

b) As deputacións provinciais no caso de que as alteracións de termos municipais fosen tramitadas, con carácter voluntario, polos concellos interesados ou promovidas polos veciños residentes na parte ou nas partes que se vaian segregar.

Artigo 37

1. Recibidos os informes ós que se refire o artigo anterior ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen emitidos, a Consellería competente en materia de réxime local elevaralle o expediente á Comisión Galega de Delimitación Territorial para que emita informe e elaborará proposta de resolución. Para estes efectos a devandita Consellería poderá solicitarlles a tódalas administracións públicas que considere precisas cantos datos estime

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

necesarios coa finalidade de dispoñer dos elementos obxectivos suficientes para a elaboración da proposta de resolución.

2. O informe e a proposta de resolución ós que se refire o apartado anterior seranlle remitidos, xunto co expediente, pola Consellería competente en materia de réxime local, para dictame, ó Consello Consultivo de Galicia.

Artigo 38

1. A resolución definitiva do procedemento farase por decreto do Consello da Xunta de Galicia, do que se lle dará traslado á Administración do Estado para os efectos previstos no artigo 14.1 da Lei reguladora das bases do réxime local.

2. As resolucións definitivas dos expedientes de alteración de termos municipais deberán conter, se é o caso:

a) Nome do novo municipio.

b) Núcleo no que radicará a capitalidade.

c) Novos límites dos termos municipais afectados.

d) Poboación e parroquias dos termos municipais afectados.

e) Aprobación das estipulacións xurídicas e económicas acordadas.

3. A resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia correspondente e no Boletín Oficial del Estado.

4. No caso de que o expediente fose iniciado de oficio pola Consellería competente en materia de réxime local e de que no trámite de informe formulasen oposición un ou máis dos municipios afectados, a alteración de termos municipais aprobarase por lei do Parlamento de Galicia.

Artigo 39

Nos casos de creación de novos municipios ou de alteración de termos municipais durante o período que medie entre eleccións municipais, observaranse as seguintes normas:

1.ª) No caso da fusión de dous ou máis municipios limítrofes, cesarán tódolos alcaldes e concelleiros e será designada unha Comisión Xestora pola Consellería da Xunta competente en materia de réxime local, integrada por un número de vocais xestores igual ó que lle correspondese de concelleiros segundo a poboación total resultante do novo municipio. A designación farase seguindo os mesmos criterios de reparto utilizados para as eleccións municipais segundo os resultados producidos nelas no conxunto dos municipios afectados.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2.ª) Nos supostos de incorporación dun ou máis municipios a outro limítrofe, cesarán os alcaldes e concelleiros dos concellos dos municipios incorporados. Se como consecuencia da incorporación lle correspondese ó municipio resultante un maior número legal de concelleiros, de conformidade co disposto na lexislación electoral, a diferencia cubrirase por vocais xestores designados pola Consellería da Xunta competente en materia de réxime local entre os concelleiros cesados. A designación farase seguindo os mesmos criterios que se utilizaron para as eleccións municipais, repartindo o número de concelleiros en que resultaría incrementada a nova Corporación entre as candidaturas segundo os resultados que obtivesen no conxunto dos concellos que se incorporan.

3.ª) Cando se trate da creación dun novo municipio pola segregación de parte dun ou de varios municipios ou da segregación de parte dun municipio para agregalo a outro, aquel do que se segregue a porción de territorio permanecerá co mesmo número de concelleiros que tiña. O novo municipio procedente da segregación será rexido e administrado por unha Comisión Xestora designada pola Consellería da Xunta competente en materia de réxime local de acordo cos resultados das eleccións municipais na Mesa ou nas mesas correspondentes ó territorio segregado.

Se como consecuencia da agregación lle correspondese ó municipio que recibiu a porción segregada un maior número de concelleiros, a diferencia cubrirase por vocais xestores designados pola Consellería da Xunta competente en materia de réxime local de acordo cos resultados das eleccións municipais na Mesa ou nas mesas correspondentes ó territorio segregado.

Sección 2.ª Da demarcación, deslinde e amolloamento

Artigo 40

1. Os concellos terán a facultade de promove-la demarcación, o deslinde e o amolloamento dos seus termos municipais.

2. Enténdese por demarcación a operación consistente na fixación, a unha entidade local, do termo municipal que lle corresponde ou na corrección do que fose fixado.

3. Enténdese por deslinde a operación consistente na identificación dos límites determinantes do ámbito territorial de dúas ou máis entidades locais limítrofes no caso de existir confusión entre eles.

4. Enténdese por amolloamento a operación consistente na colocación de fitos ou marcos cos que se sinale ou faga perceptible a liña divisoria entre os termos municipais pertencentes a dúas ou máis entidades locais limítrofes. Esta operación realizarase de acordo coas correspondentes coordenadas GSM.

Artigo 41

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Os conflictos que poidan presentarse entre municipios en relación coa demarcación e co deslinde dos seus termos serán resoltos polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local e logo do informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial.

2. No suposto de que se trate de expedientes que supoñan a alteración de termos municipais, será preceptivo, ademais, o dictame do Consello Consultivo de Galicia.

Artigo 42

1. Para a demarcación, o deslinde e o amolloamento dos termos municipais cada un dos concellos ós que afecte a liña divisoria nomeará unha comisión composta polo alcalde e tres concelleiros, os cales, co secretario da Corporación e co perito que designe cada Concello, verificarán a operación de que se trate.

2. Unicamente asistirán ó acto, por cada municipio, ademais dos membros da citada comisión, dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuízo poidan xustifica-lo sitio no que estiveron os marcos ou sinais divisorios e mailos propietarios dos terreos afectados polo deslinde.

Artigo 43

Cando os concellos interesados estean conformes cos límites existentes na actualidade non procederá nova fixación, agás nos casos excepcionais nos que documentalmente se xustifiquen erros materiais ou vicios de procedemento na delimitación anterior.

Artigo 44

1. Cando existisen diverxencias entre os concellos implicados, en canto á maneira de aprecia-lo sitio por onde deba pasa-la liña divisoria ou no que deban colocarse fitos ou marcos, cada comisión levantará acta por separado. Nela faranse constar tódolos datos, antecedentes e detalles que se estimen precisos para xustifica-la súa apreciación. Con esta actuación daranse por rematadas as actuacións previas.

2. As alcaldías respectivas remitiranlle as actas, con tódolos demais antecedentes, á Consellería competente en materia de réxime local, que lle enviará o devandito expediente ó Instituto Xeográfico Nacional para que este designe técnico ou técnicos que deban presentarse sobre o terreo en unión das comisións sinaladas e dun representante desta Consellería, a fin de levar a cabo, á vista e de conformidade cos documentos presentados, o deslinde dos termos municipais, establecendo a súa demarcación definitiva e os puntos onde deben situarse os correspondentes marcos.

3. Recibido o informe do Instituto Xeográfico Nacional, remitirase o expediente a informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial e da Deputación Provincial respectiva, e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, logo do dictame do Consello Consultivo de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Da fixación da correspondente liña límite daráselle coñecemento á Administración central do Estado, co obxecto da súa inscrición no Rexistro Estatal de Entidades Locais, aínda que deberá inscribirse tamén no rexistro que leve a Xunta de Galicia.

Artigo 45

Cando os deslindes afecten os límites das provincias, cada unha das deputacións interesadas terá dereito a integrarse nas comisións previstas no artigo 42 desta lei cunha representación igual á de cada Concello.

Artigo 46

Nos expedientes de sinalamento da liña de deslinde, a incomparecencia da representación dalgún dos concellos, sempre que fosen convocados de forma fidedigna, nas operacións de campo que se deban realizar levará implícito o decaemento do seu dereito para impugna-la liña que se fixe, coa presencia do Concello ou dos concellos comparecentes.

Artigo 47

A determinación dos límites dos novos municipios constituídos pola segregación de parte do termo dun ou de varios municipios corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia.

Sección 3.ª Do cambio de denominación e capitalidade do municipio

Artigo 48

O nome e a capitalidade dos municipios poderán ser alterados por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local e logo do acordo do Concello interesado e do informe da Deputación Provincial respectiva.

Artigo 49

1. O acordo deberá ser adoptado polas dúas terceiras partes do número de feito da Corporación e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros dela.

2. O expediente someterase a información pública polo prazo de trinta días, para que os particulares ou as entidades que se cresen prexudicados poidan presentar reclamación.

3. Resoltas, se é o caso, as reclamacións presentadas, elevaráselle o expediente ó Consello da Xunta para a súa resolución, logo do informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial no caso de cambio de capitalidade e da Comisión Galega de Toponimia se se tratase dun cambio de denominación.

4. Os cambios de denominación e capitalidade dos municipios serán inscritos no Rexistro de Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e publicados no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da respectiva provincia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

5. Daráselle conta destes cambios á Administración do Estado, co obxecto da súa anotación no Rexistro de Entidades Locais e da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Artigo 50

Nos expedientes de cambio de nome dos municipios teranse en conta as seguintes regras:

a) Non se autorizará cambio de nome cando o proposto sexa idéntico a outro existente ou poida producir confusións na organización dos servicios públicos.

b) Cando a nova denominación acordada conteña incorreccións lingüísticas ou non se axeite á toponimia galega, corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, a resolución definitiva sobre o cambio de nome, logo do informe da Comisión Galega de Toponimia e da audiencia do municipio interesado.

Artigo 51

O cambio de capitalidade terá que fundarse nalgún dos seguintes motivos:

a) Desaparición do núcleo urbano onde estiver establecida.

b) Maior facilidade de comunicacións.

c) Carácter histórico da poboación elixida.

d) Maior número de habitantes.

e) Importancia económica ou beneficios notorios que lles reporte este cambio ós residentes no termo.

Capítulo II Poboación

Artigo 52

1. Apoboación do municipio está constituída polo conxunto de persoas inscritas no padrón municipal.

2. Toda persoa que viva na Comunidade Autónoma de Galicia está obrigada a inscribirse no padrón do municipio no que resida habitualmente. Quen viva en varios municipios deberá inscribirse unicamente no que habite durante máis tempo do ano.

3. Os inscritos no padrón municipal son os veciños do municipio. A condición de veciño adquírese no mesmo momento da súa inscrición no padrón.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Tódalas persoas que teñan veciñanza administrativa nun municipio de Galicia teñen a condición política de galegos.

Artigo 53

1. O padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños dun municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual neste. As certificacións que se expidan destes datos terán carácter de documento público e fidedigno para tódolos efectos administrativos.

2. A inscrición no padrón municipal conterá como obrigatorios só os seguintes datos:

a) Nome e apelidos.

b) Sexo.

c) Domicilio habitual.

d) Nacionalidade.

e) Lugar e data de nacemento.

f) Número do documento nacional de identidade ou, tratándose de estranxeiros, do documento que o substitúa.

g) Certificado ou título escolar ou académico que se posúa.

h) Cantos outros datos poidan cumprir para a elaboración do censo electoral, sempre que se garanta o respecto ós dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución.

3. Os datos do padrón municipal cederánselles a outras administracións públicas que o soliciten sen consentimento previo do afectado soamente cando lles cumpran para o exercicio das súas respectivas competencias, e exclusivamente para asuntos nos que a residencia ou o domicilio sexan datos sobranceiros. Tamén poden servir para elaborar estatísticas oficiais sometidas ó segredo estatístico, nos termos previstos na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

4. Fóra destes supostos, os datos do padrón son confidenciais e o acceso a eles rexerase polo disposto na Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 54

1. A formación, o mantemento, a revisión e a custodia do padrón municipal correspóndenlle ó Concello, de acordo co que estableza a lexislación do Estado.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. A xestión do padrón municipal será levada polos concellos con medios informáticos. As deputacións provinciais galegas asumirán a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan mantelos datos de forma automatizada.

3. Os concellos realizarán as actuacións e operacións que cumpran para manter actualizados os seus padróns, de xeito que os datos contidos nestes concorden coa realidade.

Artigo 55

Os concellos galegos remitiranlles ó Instituto Nacional de Estatística e ó Instituto Galego de Estatística os datos dos seus respectivos padróns.

Artigo 56

Os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia confeccionarán un padrón especial de residentes no estranxeiro que tivesen a ultima veciñanza administrativa en Galicia e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España. Inscribiranse tamén os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan. Para este efecto, a Xunta de Galicia poderá dispoñe-los fondos precisos e presta-la debida colaboración técnica e administrativa.

Artigo 57

1. Son dereitos e deberes dos veciños:

a) Ser elector e elixible, de conformidade co disposto pola lexislación electoral.

b) Participar na xestión municipal, de conformidade co disposto polas leis e polos regulamentos propios do municipio e, se é o caso, cando os órganos de goberno e administración municipal soliciten a colaboración con carácter voluntario.

c) Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servicios públicos municipais e acceder ós aproveitamentos comunais de acordo coas normas aplicables.

d) Contribuír, mediante as prestacións económicas e persoais establecidas pola lei, ó exercicio das competencias municipais.

e) Ser informado, mediante pedimento razoado, e dirixir solicitude previa á Administración municipal, en relación con tódolos expedientes e coa documentación municipal, de conformidade co establecido polo artigo 105 da Constitución, pola lexislación de réxime local, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polos regulamentos da Corporación.

f) Pedi-la consulta popular nos termos establecidos pola lei. g) Esixi-la prestación e, se é o caso, o establecemento do correspondente servicio público, cando constitúa competencia municipal propia de carácter obrigatorio.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

h) Exerce-los demais dereitos e deberes establecidos polas leis e, se é o caso, polos regulamentos da Corporación.

2. A inscrición dos estranxeiros no padrón municipal non constituirá proba da súa residencia legal en España nin lles atribuirá ningún dereito que non lles confira a lexislación vixente, especialmente en materia de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

3. Os estranxeiros menores de idade emancipados ou xudicialmente habilitados terán os mesmos dereitos e deberes cós veciños, a excepción dos de carácter político.

Artigo 58

1. Para facer efectivos os dereitos establecidos polo artigo precedente desta lei, os titulares poderán inicia-los procedementos administrativos e xurisdiccionais que lles correspondan por lei.

2. Para esixi-la prestación ou o establecemento dos servicios obrigatorios, poderán formularse, en calquera caso, reclamacións contra a aprobación inicial dos orzamentos, cando estes non consignen os créditos precisos para tales efectos. Contra os actos que resolvan definitivamente a reclamación os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Capítulo III Organización

Artigo 59

1. Os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia teñen a potestade de autoorganización e por iso poderán aproba-los seus regulamentos orgánicos sen outro límite có respecto ás regras de organización municipal establecidas pola lexislación básica do Estado e por esta lei.

2. A organización municipal rexerase polas seguintes regras:

a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existirán en tódolos concellos.

b) Existirá unha Comisión de Goberno nos municipios cunha poboación de dereito superior a cinco mil habitantes e nos de poboación inferior cando o acorde o Pleno do Concello ou o estableza o regulamento orgánico deste.

c) A Comisión Especial de Contas existirá en tódolos concellos.

d) Poderán complementa-la organización municipal os alcaldes de barrio, as comisións de estudio, informe ou consulta, os órganos de xestión desconcentrada e de participación

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

cidadá e calquera outro órgano establecido polo Concello e regulado polo seu regulamento orgánico.

3. A creación dos órganos complementarios responderá ós principios de eficacia, economía organizativa e participación cidadá e esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Determinación da súa forma de integración na organización municipal e da súa dependencia xerárquica.

b) Delimitación das súas funcións e competencias.

c) Dotación dos créditos precisos para a súa posta en marcha e funcionamento.

4. Non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes se ó mesmo tempo non se suprime ou restrinxe debidamente a competencia destes.

Artigo 60

1. O goberno e a administración municipal correspóndenlle ó Concello, integrado polo alcalde e mailos concelleiros.

2. Os concelleiros son elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto e o alcalde é elixido polos concelleiros ou polos veciños, todo isto nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.

Sección 1.ª Do alcalde

Artigo 61

1. O alcalde é o presidente da Corporación e ten as seguintes atribucións:

a) Representa-lo Concello.

b) Dirixi-lo goberno e a administración municipais.

c) Convocar e presidi-las sesións do Pleno, da Comisión de Goberno e de calquera outro órgano municipal.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servicios e as obras municipais.

e) Publicar, executar e facer cumpri-los acordos municipais.

f) Dictar bandos e velar polo seu cumprimento.

g) Autorizar e dispoñe-los gastos dentro dos límites da súa competencia, ordena-los pagamentos e rende-las contas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

h) Exerce-la dirección superior de todo o persoal da Corporación.

i) Exerce-la xefatura superior da Policía municipal, así como nomear e sanciona-los funcionarios que usen armas.

j) Exercitar accións xudiciais e administrativas en caso de urxencia.

k) Adoptar persoalmente e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou infortunios públicos, ou de grave perigo de que estes se produzan, as medidas precisas e axeitadas, dándolle inmediata conta delas ó Pleno da Corporación.

l) Sanciona-las faltas de desobediencia á súa autoridade ou as infraccións das ordenanzas municipais, agás nos casos nos que a facultade se lles atribúa a outros órganos.

m) Contratar obras, servicios e abastecementos sempre que a súa contía non exceda do cinco por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento nin do cincuenta por cento do límite xeral aplicable ó procedemento negociado.

n) A contratación e a concesión de obras, servicios e abastecementos que excedendo da contía sinalada no punto anterior teñan unha duración non superior a un ano ou non esixan créditos superiores ó consignado no orzamento anual.

ñ) Decidi-los empates con voto de calidade.

o) Outorga-las licencias, agás no caso de que as ordenanzas ou as leis sectoriais llo atribúan expresamente ó Pleno ou á Comisión de Goberno.

p) O desenvolvemento e a xestión económica conforme o orzamento aprobado.

q) Presidi-las poxas e os concursos para vendas, arrendamentos, abastecementos e toda clase de adxudicacións de servicios e obras municipais.

r) Solicita-la delegación de competencias para a contratación e a execución de obras e servicios con outras administracións.

s) Exerce-las demais que de xeito expreso lle atribúan as leis e as que a lexislación lle asigne ó Concello e non llelas atribúa a outros órganos municipais.

2. Corresponderalle tamén ó alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde.

3. O alcalde poderá delega-lo exercicio das súas atribucións nos membros da Comisión de Goberno e, no caso de que esta non existise, nos tenentes de alcalde, agás as de convocar e presidi-las sesións do Pleno e da Comisión de Goberno e as mencionadas nas letras b), f), h), j) e k) do apartado 1 deste artigo.

O alcalde poderá, así mesmo, conferi-las delegacións especiais para encargos específicos, a prol de calquera concelleiro, aínda que non pertenza á Comisión de Goberno.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. O acordo de delegación determinará os asuntos que esta comprenda, as potestades que se deleguen e as condicións concretas do seu exercicio.

Sección 2.ª Dos tenentes de alcalde

Artigo 62

1. Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e destituídos polo alcalde de entre os membros da Comisión de Goberno e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

2. Nos municipios con Comisión de Goberno o número de tenentes de alcalde non poderá exceder do número de membros daquela. Naqueloutros nos que non exista tal Comisión, o número de tenentes de alcalde non poderá exceder do tercio do número legal de membros da Corporación. Non se terán en conta, para os efectos do cómputo, os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.

3. A condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de polo cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da Comisión de Goberno.

Artigo 63

Correspóndelles ós tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Sección 3.ª Do Pleno

Artigo 64

1. O Pleno estará integrado por tódolos concelleiros e presidido polo alcalde.

2. Corresponderanlle ó Pleno as seguintes atribucións:

a) Controlar e fiscaliza-los órganos de goberno.

b) Toma-los acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, a alteración do termo municipal, a creación ou supresión de municipios e entidades de administración descentralizada, a creación de órganos desconcentrados, a alteración da capitalidade do municipio, o cambio de nome do municipio e a adopción ou modificación da bandeira, insignia ou escudo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Aproba-la iniciación e poñer fin á tramitación municipal dos instrumentos de planeamento nos termos previstos na lexislación urbanística galega.

d) Aproba-lo regulamento orgánico e as ordenanzas.

e) Crear e regular órganos complementarios.

f) Determina-los recursos propios de carácter tributario, aprobar e modifica-los orzamentos, dispoñer gastos nos asuntos da súa competencia e aproba-las contas.

g) Contratar obras, servicios e abastecementos no caso de que a súa contía exceda da que lle está permitida ó alcalde ou á Comisión de Goberno e concertar ou modificar operacións de crédito, así como anticipos de tesourería, cando a contía destes exceda do cinco por cento dos recursos ordinarios do orzamento municipal.

h) Aproba-las formas de xestión dos servicios e expedientes de municipalización.

i) Acepta-la delegación de competencias feita por outras administracións públicas.

j) Presentar conflictos de competencia a outras administracións públicas.

k) Aproba-lo cadro de persoal, a relación dos postos de traballo, as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, fixa-la contía das retribucións complementarias dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual, todo isto nos termos establecidos pola lexislación sobre función pública local, así como separar do servicio ós funcionarios da Corporación, agás o establecido polo artigo 99.4 da Lei reguladora das bases do réxime local, e ratifica-lo despedimento do persoal laboral.

l) Exercita-las accións administrativas e xudiciais.

m) Altera-la cualificación xurídica dos bens de dominio público.

n) Calquera acto de disposición sobre os bens, incluídos a adquisición, a transacción, o alleamento e a cesión gratuíta a outras administracións ou institucións públicas e a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. Aconcesión, o arrendamento ou a cesión de uso de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens.

ñ) As demais que lle deban corresponder ó Pleno cando a súa aprobación requira unha maioría especial.

o) Exerce-las demais que de xeito expreso lle atribúan as leis.

3. Corresponderalle, así mesmo, ó Pleno a votación sobre a moción de censura ó alcalde, que se rexerá polo disposto na lexislación electoral xeral.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Non son delegables as atribucións reservadas ó Pleno polos apartados 2, letras a), b), c), d), e), f), h), i), j), k), m) e ñ), e 3 deste mesmo artigo.

5. A delegación de atribucións do Pleno en favor da Comisión de Goberno requirirá acordo adoptado pola maioría do número legal de membros da Corporación.

O acordo de delegación determinará os asuntos que esta comprenda, as potestades que se deleguen e as condicións concretas do seu exercicio.

Sección 4.ª Da Comisión de Goberno

Artigo 65

1. A Comisión de Goberno estará integrada polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal deles, nomeados ou separados libremente polo alcalde, que deberá darlle conta disto ó Pleno.

2. Corresponderanlle á Comisión de Goberno:

a) Aasistencia ó alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle deleguen e as que lle atribúan as leis.

Sección 5.ª Da Comisión Especial de Contas

Artigo 66

1. A Comisión Especial de Contas da entidade local estará constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación.

2. O número de membros será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo. No último caso aplicarase o sistema de voto ponderado.

Artigo 67

1. Corresponderanlle á Comisión Especial de Contas o exame, o estudio e o informe da Conta xeral e das demais contas anuais.

2. Para o exercicio axeitado das súas funcións, a Comisión poderá requirir, por medio do alcalde, a documentación complementaria que considere precisa e a presencia dos membros e funcionarios da Corporación especialmente relacionados coas contas que se analicen.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. As competencias da Comisión Especial de Contas entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, de conformidade coa súa lexislación específica.

Sección 6.ª Das comisións de estudio, informe ou consulta

Artigo 68

1. Constituiranse comisións de estudio, informe e consulta en tódolos municipios de máis de cinco mil habitantes. Nos demais poderán constituírse potestativamente, se así o acorda o Pleno da Corporación.

2. Corresponderanlles a estas comisións o estudio e o dictame previos dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno ou da Comisión de Goberno cando actúe por delegación deste. Así mesmo, poderán intervir en relación cos asuntos que deban someterse á Comisión de Goberno cando este órgano lles solicite dictame.

3. Corresponderalle ó Pleno determina-lo número e a denominación das comisións de estudio, informe ou consulta e mailas súas modificacións.

4. Estas comisións poderán constituírse tamén con carácter temporal para tratar de temas específicos.

5. As comisións estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación, de conformidade cos criterios ós que se refire o artigo 66.2 desta lei.

Sección 7.ª Dos órganos territoriais para a xestión municipal desconcentrada e de participación cidadá

Artigo 69

1. Nos municipios con máis de vinte mil habitantes poderanse constituír, coa finalidade de facilita-la participación cidadá na xestión dos asuntos municipais, órganos territoriais de xestión desconcentrada que integrarán concelleiros nun número que non poderá ser superior á metade do total dos seus compoñentes e representantes das asociacións de veciños, designados polo alcalde por proposta destas de acordo coa súa efectiva implantación.

2. A presidencia do órgano corresponderalle ó concelleiro que para o efecto designe o alcalde de entre os que figuren na lista máis votada no territorio de que se trate.

Artigo 70

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Os órganos ós que se refire o artigo anterior poderán exerce-las competencias e funcións que cada Concello lles confira, atendendo as características do asentamento da poboación no termo municipal e, en especial, nos sectores sanitario, asistencial, cultural, deportivo e recreativo, garantíndose, en todo caso, o principio de unidade de goberno e xestión no municipio, e para tal efecto estableceranse no acordo de delegación os sistemas de revisión e control dos actos e acordos adoptados polos órganos de participación.

Artigo 71

1. Así mesmo, por acordo do Pleno e en municipios con máis de vinte mil habitantes, poderán crearse órganos de participación sectorial en relación cos ámbitos de actuación pública municipal que pola súa natureza o permitan, coa finalidade de integra-la participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais.

2. Presidirán os órganos de participación sectorial os concelleiros nos que delegue o alcalde.

Artigo 72

Corresponderanlles ós órganos de participación sectorial, en relación co territorio ou co sector material correspondente, as seguintes funcións:

a) Propoñerlle ó órgano competente fórmulas encamiñadas a resolve-los problemas relacionados co ámbito das súas funcións.

b) Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.

c) Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servicios e organismos públicos municipais.

d) Exerce-las demais de natureza semellante que determine o acordo de creación.

Sección 8.ª Do alcalde de barrio

Artigo 73

1. Nos núcleos de poboación afastados do centro urbano e que non constitúan entidade local o alcalde poderá nomear un alcalde de barrio para cada núcleo, entre os veciños que residan neste.

2. O alcalde tamén poderá nomear alcaldes de barrio nas cidades nas que os servicios requiran esta designación. Cada alcalde de barrio terá que ser veciño daquel no que exerza as súas funcións.

3. A duración do cargo estará suxeita á do mandato do alcalde que o nomeou, quen poderá removelo cando o xulgue oportuno.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Os alcaldes de barrio terán carácter de autoridade no cumprimento das súas tarefas habituais, en canto representantes do alcalde que os nomeou.

Sección 9.ª Dos grupos políticos

Artigo 74

1. Os concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na Corporación.

2. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.

3. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

4. Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.

No suposto de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano.

5. Durante o mandato da Corporación, ningún membro dela poderá integrarse nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente.

Artigo 75

1. Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ó presidente e subscrito por tódolos seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Se algún concelleiro non asinase o escrito de constitución do grupo, isto non impedirá a súa constitución e os non asinantes integraranse no grupo mixto.

2. No mesmo escrito de constitución farase consta-la designación do voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

3. Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente daralle conta ó Pleno na primeira sesión que se desenvolva tras cumprirse o prazo previsto anteriormente.

Artigo 76

1. Os membros da Corporación que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva dela deberán incorporarse ó grupo correspondente á lista na que fosen elixidos ou, se é o caso, ó grupo mixto. No primeiro suposto dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar desde que tomen posesión do seu cargo, para acredita-la súa

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

incorporación ó grupo que corresponda mediante escrito dirixido ó presidente e asinado, así mesmo, polo correspondente voceiro.

2. Se non se produce a súa integración na forma prevista no apartado anterior, e salvo que se interpuxese causa de forza maior, integraranse automaticamente no grupo correspondente á lista na que saísen elixidos.

Artigo 77

Correspóndelles ós grupos políticos designar, mediante escrito do seu voceiro dirixido ó presidente, aqueles dos seus compoñentes que vaian representalos en tódolos órganos colexiados integrados por corporativos pertencentes ós diversos grupos.

Artigo 78

As funcións e atribucións dos grupos políticos entenderanse, en calquera caso, sen prexuízo das que a lexislación de réxime local lles atribúa ós órganos municipais e ós membros da Corporación.

Artigo 79

1. Sempre que sexa posible, os diversos grupos políticos dispoñerán, na sede da entidade local, dun despacho ou local para xuntarse de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns.

2. Os grupos políticos poderán facer uso de locais municipais de reunión da Corporación para realizar xuntanzas e sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación. Estas xuntanzas non se permitirán se coinciden con sesións do Pleno ou porque a dispoñibilidade de espacios para outros actos político-administrativos da Corporación o impida.

Capítulo IV Competencias

Sección 1.ª Das competencias propias

Artigo 80

1. O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servicios públicos que contribúan a satisface-las necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

2. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) A seguridade en lugares públicos.

b) A ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

c) A protección civil e a prevención e extinción de incendios.

d) A ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.

e) O patrimonio histórico-artístico.

f) A protección do medio ambiente.

g) Abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa de usuarios e consumidores.

h) A protección da salubridade pública.

i) A participación na xestión da atención primaria da saúde.

j) Os cemiterios e servicios funerarios.

k) A prestación dos servicios sociais e a promoción e reinserción sociais.

l) O abastecemento de auga, a iluminación pública, os servicios de limpeza viaria, a recollida e o tratamento de residuos, a rede de sumidoiros e o tratamento de augas residuais.

m) O transporte público de viaxeiros.

n) As actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo.

ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construcción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.

p) A participación na formación de activos e desempregados.

Sección 2.ª Dos servicios mínimos

Artigo 81

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Os municipios, independentemente ou asociados, prestarán, como mínimo, os seguintes servicios:

a) En tódolos municipios:

Iluminación pública, cemiterio, recollida selectiva, se é o caso, de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso ós núcleos de poboación, pavimentación e conservación das vías públicas e control de alimentos e bebidas en todo o que non sexa competencia doutras administracións.

No municipios que conten cun núcleo urbano con poboación superior ós mil habitantes prestarase o servicio de biblioteca pública.

b) Nos municipios cunha poboación superior ós cinco mil habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

c) Nos municipios de poboación superior a vinte mil habitantes, ademais: protección civil, prestación de servicios sociais, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

d) Nos municipios de poboación superior a cincuenta mil habitantes, ademais: transporte colectivo urbano de viaxeiros e protección do medio ambiente.

Artigo 82

1. A prestación homoxénea dos servicios mínimos constitúe un obxectivo e á súa consecución dirixiranse, preferentemente, as funcións asistenciais e de cooperación municipal das deputacións provinciais, así como a coordinación e axuda da Comunidade Autónoma.

2. O Consello da Xunta de Galicia establecerá, por proposta da Consellería competente en materia de réxime local, niveis homoxéneos de prestación dos servicios mínimos nos termos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 83

1. Se o establecemento ou a prestación dos servicios ós que se refire o artigo 81 resultase imposible ou de moi difícil cumprimento, en aplicación do principio de subsidiariedade os municipios poderán solicitarlle á Xunta de Galicia a dispensa da obriga de prestalos.

2. A tramitación do expediente de dispensa da obriga de prestar un servicio mínimo axustarase ás seguintes regras:

a) Cumprirá solicitude formulada polo Concello acompañada dos informes que se consideren pertinentes.

b) Informe da Deputación Provincial correspondente.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Proposta de resolución do conselleiro competente en materia de réxime local, que, para o efecto, solicitará os informes precisos para determina-las características económicas e financeiras do servicio e as características técnicas para prestalo axeitadamente.

d) A resolución corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia, e nela determinaranse necesariamente:

— O órgano ou a Administración que deberá asumi-lo servicio.

— As contribucións económicas municipais para cubri-la totalidade do custo do servicio, cando a dispensa sexa debida a causas técnicas, ou para cubri-lo custo parcialmente, cando sexa por razóns de natureza económica.

3. A intervención supletoria a que se refire o apartado anterior non cumprirá cando a dispensa se xustifique na innecesariedade da prestación do servicio, de acordo coas características particulares do municipio. Neste caso, a solicitude de dispensa achegarase ó resultado da información pública que realizará previamente o municipio.

Artigo 84

1. Non cumprirá a instrucción do expediente de dispensa de prestación de servicios mínimos cando concorran algúns dos seguintes supostos:

a) Municipios que, pola insuficiente capacidade financeira, pola especial estructura do territorio e dos asentamentos da poboación ou por outras causas técnicas, non poidan establecer ou prestar axeitada ou eficientemente os servicios mínimos da súa competencia.

b) Municipios onde as partidas orzamentarias para retribuí-las funcións públicas necesarias constitúan máis do cincuenta por cento do seu orzamento.

2. Corresponderalle á Deputación Provincial correspondente, en relación cos municipios ós que se refire o apartado 1 deste artigo, establece-los servicios mínimos deficitarios ou asegura-la axeitada prestación dos que o requiran, así como, se é o caso, exerce-las funcións públicas precisas.

Desde a Xunta de Galicia poderanse articula-los medios técnicos e económicos precisos para garanti-la cooperación da Administración autonómica coa provincial no establecemento de servicios mínimos deficitarios ou na axeitada prestación dos que o requiran.

3. A aplicación do establecido no parágrafo anterior requirirá a aprobación do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da correspondente Deputación Provincial, e a non oposición do municipio interesado no trámite de consulta previa que se lle outorgue.

Artigo 85

A dispensa de prestación de servicios mínimos terá, en todo caso, carácter provisional e a Xunta de Galicia, oídas as entidades locais afectadas, establecerá os medios económicos e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

técnicos necesarios para que nun prazo non superior a dous anos garantan a súa prestación mediante a utilización dalgunhas das modalidades de colaboración previstas nesta lei.

Sección 3.ª Das actividades complementarias doutras administracións públicas

Artigo 86

1. Para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servicios mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas a:

a) A educación.

b) A cultura, a xuventude e o deporte.

c) A promoción da muller.

d) A vivenda.

e) A atención primaria á saúde.

f) A ocupación e a loita contra o paro.

g) Os arquivos, museos, conservatorios de música e centros de belas artes.

h) O fomento das estructuras agrarias e a prestación de servicios de interese público agrario.

i) A protección do medio ambiente.

2. Para a realización destas actividades, os municipios poderán exerce-las potestades de execución que non lles estean atribuídas pola lexislación a outras administracións públicas, incluída, se é o caso, a de dictar regulamentos internos de organización dos correspondentes servicios.

Sección 4.ª Da transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma nos municipios e da encomenda de xestión

Artigo 87

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando afecte ós intereses xerais dela, poderá transferir ou delegar competencias nos municipios e, así mesmo, poderalles encomendar a estes, sempre que se trate de municipios que sexan capitais de provincia ou cunha poboación superior ós setenta mil habitantes, a xestión ordinaria dos servicios propios da Comunidade Autónoma.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. O réxime das competencias que a Comunidade Autónoma poida transferir ou delegar nos municipios, mediante lei do Parlamento de Galicia ou decreto do Consello da Xunta de Galicia, así como o da encomenda de xestión dos servicios propios da Comunidade Autónoma, acomodarase ás regras previstas no título IV desta lei.

Capítulo V Réximes municipais especiais

Artigo 88

1. Polas súas singulares características, gozarán dun réxime especial os municipios turísticos, os histórico-artísticos, os industriais, os pesqueiros e os rurais.

2. Correspóndelle tal declaración, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza, ó Consello da Xunta de Galicia, de oficio ou a instancia dos municipios interesados.

3. A aplicación de máis dun réxime ou tratamento especial poderá compatibilizarse sempre que o municipio reúna as condicións e os requisitos legais esixidos en cada caso.

4. Ademais dos réximes municipais especiais establecidos nesta lei, poderán regularse, mediante lei, outros nos que se teñan en conta outras particularidades propias de Galicia.

5. Mediante lei do Parlamento de Galicia regularase o réxime xurídico específico das diferentes catalogacións dos municipios.

Artigo 89

1. Os municipios cunha poboación superior ós setenta mil habitantes poderán contar cun réxime xurídico especial establecido por lei.

2. Por lei do Parlamento de Galicia, dotarase dun estatuto especial a cidade de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas.

Sección 1.ª Dos municipios turísticos

Artigo 90

1. Poderán ser declarados municipios turísticos aqueles nos que, pola afluencia periódica ou estacional, a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ó vintecinco por cento do número de veciños ou cando o número de aloxamentos turísticos e mais de segundas vivendas sexa superior ó cincuenta por cento do número de vivendas de residencia primaria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Tamén poderán declararse municipios turísticos os que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún servicio turístico susceptible de producir unha atracción turística de visitantes nunha cantidade cinco veces superior a súa poboación, computada ó longo dun ano e repartida cando menos en máis de trinta días.

Artigo 91

1. Os municipios turísticos e a Xunta de Galicia poderán asinar convenios para establece-las fórmulas de asistencia e coordinación destinadas a garanti-la prestación dos seus servicios máis característicos e, en especial, a protección da salubridade e hixiene no medio urbano e natural e nas praias e costas así como tamén a protección civil e a seguridade cidadá.

2. A Comunidade Autónoma fomentará a constitución de mancomunidades de municipios turísticos para fins desta natureza e coordinará, a pedimento dos propios concellos, as campañas e actividades municipais de difusión e promoción turística. Tódolos municipios mancomunados terán a consideración de municipios turísticos.

Artigo 92

Os municipios turísticos poderán establecer tributos ou recargos específicos, de acordo coa lexislación das facendas locais.

Sección 2.ª Dos municipios histórico-artísticos

Artigo 93

Poderán te-la consideración de municipios histórico-artísticos os que fosen declarados conxunto histórico de acordo coa lexislación específica ou conten cun conxunto individualizado de inmobles ós que lles fose outorgado tal carácter.

Artigo 94

1. Os municipios histórico-artísticos e a Xunta de Galicia poderán asinar convenios polos que se regularán as formas de asistencia e cooperación técnica de proxectos especiais de protección, conservación, restauración e rehabilitación do patrimonio monumental.

2. A Xunta de Galicia asistirá de modo especial estes municipios na elaboración do inventario do patrimonio histórico-artístico, moble e inmoble, e na defensa del.

Sección 3.ª Dos municipios industriais

Artigo 95

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Poderán declararse municipios industriais aqueles nos que a actividade económica predominante lle corresponda ó sector secundario e así sexa declarado polo Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 96

Os municipios industriais e a Xunta de Galicia poderán asinar convenios mediante os que se regularán as formas de asistencia e cooperación técnica destinadas a dotar aqueles da infraestructura precisa para o asentamento, nos seus termos, de actividades económicas desta natureza e, en especial, de mecanismos eficaces de protección medioambiental e das singulares condicións técnicas que as instalacións industriais impoñen para a axeitada prestación dos servicios municipais.

Artigo 97

A Xunta de Galicia potenciará a participación destes municipios na elaboración dos instrumentos de planificación física ou sectorial que poidan afecta-lo seu ámbito territorial e impulsará tanto o establecemento, neles, das dotacións e dos equipamentos precisos tendentes a equilibra-las carencias existentes coma a realización de operacións de rehabilitación das áreas industriais. Igualmente os plans hidráulicos que, de acordo coa lexislación do Estado, aprobe a Comunidade Autónoma establecerán as determinacións precisas para o abastecemento, a evacuación e o tratamento das súas augas.

Sección 4.ª Dos municipios pesqueiros

Artigo 98

Poderán declararse municipios pesqueiros aqueles nos que a actividade económica predominante corresponda a este sector primario e así sexa declarado polo Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 99

Os municipios pesqueiros e a Xunta de Galicia poderán asinar convenios mediante os que se regularán as formas de asistencia e cooperación técnica destinadas a dotar aqueles da infraestructura precisa, especialmente en materia de portos; apoia-las confrarías de pescadores e demais organizacións de productores, cooperativistas do mar e asociacións de productores; e promocionar acordos intersectoriais entre as asociacións e organizacións sinaladas.

Sección 5.ª Dos municipios rurais

Artigo 100

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Poderán declararse municipios rurais aqueles que cumpran as seguintes condicións:

a) Que a actividade económica predominante se desenvolva no sector primario da agricultura.

b) Que teñan menos de vintecinco mil habitantes.

c) Que o número de entidades dentro do seu termo municipal exceda de dez ou a densidade de poboación sexa inferior á media galega.

2. Os municipios rurais e a Xunta de Galicia poderán asinar convenios mediante os que se regularán as formas de asistencia e cooperación técnica e económica destinadas a dotar aqueles da infraestructura precisa para garantírlle-la prestación dos servicios mínimos ós cidadáns.

3. A Xunta de Galicia poderá impulsar plans de actuación respecto destes municipios co fin de fixa-la poboación no campo e aproveita-las potencialidades productivas que teñan.

Título II Da provincia

Artigo 101

1. A provincia é unha entidade local de carácter territorial formada pola agrupación de municipios, con personalidade xurídica propia, autonomía e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins propios e específicos.

2. Son fins propios e específicos da provincia garanti-los principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular:

a) Asegura-la prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servicios de competencia municipal.

b) Participar na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e coa do Estado.

3. O goberno e a administración das provincias galegas correspóndenlles ás deputacións provinciais.

Capítulo I Territorio

Artigo 102

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. O termo provincial é o ámbito territorial no que a Deputación Provincial exerce as súas competencias.

2. A modificación dos límites provinciais só poderá producirse por alteración dos termos municipais e mediante lei orgánica conforme a lexislación estatal básica.

Capítulo II Organización

Artigo 103

1. Formarán parte da organización provincial:

a) O presidente, os vicepresidentes, o Pleno e a Comisión de Goberno. Será tamén órgano da provincia a Comisión Especial de Contas.

b) Son órganos complementarios as comisións de estudio, informe ou consulta, que acomodarán a súa constitución e funcionamento ás mesmas regras cás súas homónimas de ámbito municipal. O Pleno da Deputación, facendo uso da súa potestade de autoorganización, poderá crear calquera outro órgano de carácter complementario, sen outro límite có respecto á organización determinada pola lexislación básica e por esta lei.

2. Tódolos grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar, mediante a presencia de deputados pertencentes a eles, nos órganos complementarios da Deputación Provincial que teñan por función o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.

Artigo 104

1. Aelección do presidente réxese polo disposto na lexislación electoral xeral.

2. Correspóndelle ó presidente o nomeamento dos vicepresidentes.

3. O Pleno da Deputación Provincial estará constituído polo presidente e polos demais deputados provinciais.

4. A Comisión de Goberno estará integrada polo presidente e por un número de deputados non superior á terceira parte do número legal de membros da Corporación, nomeados e separados libremente polo presidente, que lle dará conta disto ó Pleno.

Artigo 105

1. Correspóndelle, en todo caso, ó presidente da Deputación:

a) Representa-la Deputación.

b) Dirixi-lo goberno e a administración da provincia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Convocar e presidi-las sesións do Pleno, a Comisión de Goberno e calquera outro órgano da Deputación.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servicios e obras dos cales a titularidade ou exercicio lle corresponde á Deputación Provincial.

e) Ordena-la publicación e execución e facer cumpri-los acordos da Deputación.

f) Autorizar e dispoñer gastos, dentro dos límites da súa competencia, ordenar pagamentos e render contas.

g) Exerce-la dirección e as facultades en materia de persoal que non teña atribuídas o Pleno.

h) Exercitar accións xudiciais e administrativas en caso de urxencia.

i) Asegura-la xestión dos servicios propios da Comunidade Autónoma dos que a xestión ordinaria estea encomendada por esta á Deputación.

j) Adoptar persoalmente e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou infortunios públicos, ou de grave perigo de que estes se produzan, as medidas precisas e axeitadas, dándolle inmediata conta delas ó Pleno da Deputación.

k) Contratar obras e servicios sempre que a súa contía non exceda do cinco por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento nin do cincuenta por cento do límite xeral aplicable ó procedemento negociado legalmente establecido.

l) Autoriza-la contratación e concesión de obras, servicios e abastecementos que excedendo da contía sinalada no punto anterior teñan unha duración non superior a un ano ou non esixan créditos superiores ó consignado no orzamento anual.

m) Facer cumpri-las ordenanzas e os regulamentos provinciais.

n) Decidi-los empates con voto de calidade.

ñ) Outorga-las autorizacións ou as licencias, non sendo que as ordenanzas ou as leis sectoriais llo atribúan expresamente ó Pleno ou á Comisión de Goberno.

o) O desenvolvemento e a xestión económica conforme o orzamento aprobado.

p) Presidi-las poxas e adxudicar provisionalmente o remate.

q) Exerce-las demais atribucións que expresamente lle atribúan as leis.

r) O exercicio daqueloutras atribucións que as leis lle asignen á Deputación e non estean expresamente atribuídas a outros órganos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. O presidente pode delegar na Comisión de Goberno o exercicio das súas atribucións, a non se-la de convocar e presidi-las sesións do Pleno e da Comisión de Goberno e as enumeradas nas letras b), g) e h) do apartado anterior deste mesmo artigo, todo isto sen prexuízo das delegacións especiais que, para encargos específicos, poida realizar en favor de calquera membro da Corporación, aínda que non pertenza á Comisión de Goberno.

Artigo 106

Correspóndelles ós vicepresidentes, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó presidente, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións do presidente nos supostos de vacante.

Artigo 107

1. Correspóndenlle, en todo caso, ó Pleno as seguintes atribucións:

a) A organización da Deputación.

b) A aprobación de ordenanzas.

c) A aprobación e modificación dos orzamentos, a disposición de gastos dentro dos límites da súa competencia e a aprobación das contas.

d) A aprobación dos proxectos de carácter provincial.

e) O control e a fiscalización da xestión dos órganos de goberno.

f) A aprobación do cadro de persoal, a relación de postos de traballo, as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias de funcionarios e o número e réxime do persoal eventual, todo isto nos termos da lexislación básica e desta lei, así como a separación do servicio dos funcionarios da Corporación, agás o disposto no artigo 99, número 4, da Lei 7 /1985, reguladora das bases do réxime local, e a ratificación do despedimento do persoal laboral.

g) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.

h) O alleamento do patrimonio.

i) A presentación de conflictos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

k) Aquelas que deben corresponderlle ó Pleno por esixi-la súa aprobación unha maioría especial e ás que se refire o artigo 215 desta lei.

l) A votación sobre a moción de censura ó presidente, que se rexerá polo disposto na lexislación electoral xeral.

m) Exerce-las demais que expresamente lle atribúan as leis.

2. O Pleno pode delegar na Comisión de Goberno o exercicio das súas atribucións, salvo as enumeradas nas letras a), b), c), d), e), f), g), i), k) e l) do apartado anterior.

Artigo 108

Correspóndelle á Comisión de Goberno:

a) A asistencia ó presidente no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o presidente ou outro órgano provincial lle deleguen ou que lle atribúan as leis.

Capítulo III Competencias

Sección 1.ª Das competencias propias

Artigo 109

1. Serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis. As competencias propias exerceranse en réxime de autonomía.

Son competencias propias das deputacións provinciais, en calquera caso, as seguintes:

a) Coordina-los servicios municipais entre si para garanti-la prestación integral e axeitada de servicios públicos en todo o territorio da provincia, cooperando, especialmente, cos municipios de poboación inferior a vinte mil habitantes para garanti-la súa efectividade.

b) Prestarlles asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión.

c) Presta-los servicios públicos de carácter supramunicipal.

d) En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. No exercicio das competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma, as leis do Parlamento de Galicia reguladoras dos distintos sectores da acción pública delimitarán como competencias propias das deputacións provinciais as que se consideren indispensables para a xestión dos intereses destas.

Subsección 1.ª Da coordinación dos servicios municipais entre si para garanti-la prestación integral e axeitada dos servicios públicos en todo o territorio da provincia

Artigo 110

1. As deputacións provinciais aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación de obras e servicios de competencia municipal, na elaboración do cal deberán participa-los municipios da provincia.

2. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, poderá financiarse con medios propios da Deputación, coas contribucións municipais e coas subvencións que acorden a Xunta de Galicia e a Administración xeral do Estado con cargo ós respectivos orzamentos. A Xunta de Galicia poderá condiciona-la utilización ou o emprego das súas subvencións ó establecemento dos criterios e das condicións que considere convenientes.

Artigo 111

1. As deputacións provinciais participarán activamente na elaboración e xestión dos plans de desenvolvemento comarcal, colaborando no cumprimento dos seus obxectivos a través das unidades técnicas comarcais.

2. Os plans de desenvolvemento comarcal terán o carácter de marco de referencia para a elaboración dos plans de cooperación de obras e servicios.

Artigo 112

1. Para acadar unha eficaz coordinación dos investimentos públicos no territorio galego, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as deputacións provinciais, calquera que sexa a súa denominación e natureza, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

2. As administracións públicas implicadas procurarán a elaboración dun plan único no que se fundan os investimentos públicos provenientes de todas elas; este plan rexerase por un criterio de proporcionalidade que facilite o desenvolvemento dos referidos plans. Será coordinado pola Xunta de Galicia co apoio e asesoramento da Comisión Galega de Cooperación Local.

Subsección 2.ª Da asistencia xurídica

Artigo 113

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A cooperación na asistencia xurídica en favor dos municipios será prestada polas deputacións provinciais, entre outras, das formas seguintes:

a) Mediante o informe e asesoramento en cantas consultas lles sexan formuladas polos órganos competentes de tales entidades.

b) Mediante a defensa en xuízo cando así lles sexa solicitado.

Subsección 3.ª Da asistencia económico-financeira

Artigo 114

A asistencia económico-financeira será prestada polas deputacións provinciais, entre outras, das formas seguintes:

a) Mediante o informe e asesoramento en cantas consultas lles sexan formuladas, sobre a xestión económico-financeira, polos órganos competentes.

b) Mediante a cesión temporal en uso de material propio das deputacións provinciais.

c) Mediante a concesión de subvencións a fondo perdido.

d) Mediante a concesión de créditos e a creación de caixas de crédito para facilitarlles ós concellos operacións deste tipo.

Subsección 4.ª Da asistencia técnica

Artigo 115

As deputacións provinciais prestaranlles asistencia técnica ás entidades locais mediante a elaboración de estudios, proxectos e dirección de obras relativas a servicios da súa competencia, en especial no ámbito do urbanismo, da xestión tributaria e do asesoramento e impulso das medidas destinadas a mellora-la organización administrativa con especial atención ós sistemas de traballo e á mecanización de tarefas.

Subsección 5.ª Da asistencia en materia de formación e perfeccionamento en xeral

Artigo 116

As deputacións provinciais prestarán asistencia en materia de formación e perfeccionamento en xeral directamente ou a través da Escola Galega de Administración Pública na formación e perfeccionamento do persoal encargado da xestión económica das entidades locais.

Subsección 6.ª Da prestación de servicios de carácter supramunicipal

Artigo 117

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A prestación de servicios que, pola súa natureza, excedan do ámbito dun municipio e non sexan asumidos por outra entidade local será atendida pola Deputación Provincial, logo do asinamento dos oportunos convenios ou acordos de cooperación.

2. A prestación dos servicios supramunicipais, cando fose asumida pola Deputación Provincial, poderá efectuarse:

a) A través dos servicios da propia Deputación Provincial, mediante calquera das formas de xestión previstas na lexislación vixente.

b) Mediante a constitución de consorcios locais.

Subsección 7.ª Do fomento e da administración dos intereses peculiares da provincia

Artigo 118

Compételles ás deputacións provinciais rexer e administra-los intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servicios que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:

a) Construcción e conservación de estradas e camiños provinciais.

b) Conservación de monumentos histórico-artísticos.

c) Establecemento e conservación de bibliotecas.

d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

e) Realización de obras en todo o territorio provincial.

Sección 2.ª Da transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma nas provincias e da encomenda de xestión

Artigo 119

1. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá transferir ou delegar competencias nas deputacións provinciais e encomendarlles a estas a xestión ordinaria dos seus propios servicios.

2. O réxime das competencias que a Comunidade Autónoma poida transferir ou delegar nas deputacións provinciais mediante lei do Parlamento de Galicia ou decreto do Consello da Xunta de Galicia, así como o da encomenda de xestión de servicios propios, acomodarase ás regras previstas no título IV desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Título III Outras entidades locais

Capítulo I Das áreas metropolitanas

Sección 1.ª Da creación das áreas metropolitanas

Artigo 120

As áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisa a planificación conxunta e a coordinación de determinados servicios e obras.

Artigo 121

1. Por lei do Parlamento de Galicia poderanse crear, modificar ou suprimir áreas metropolitanas.

2. Correspóndelle á lei de creación determina-los órganos de goberno e administración, o réxime económico e de funcionamento, os servicios que debe prestar e as obras que debe realiza-la área metropolitana, así como as potestades que se lle atribúan e a xusta distribución de cargas entre os concellos que a integran.

3. En ningún caso a creación dunha área metropolitana pode supoñe-la perda de competencias dos municipios integrados que lles fagan perde-la súa condición de tales.

Artigo 122

1. A iniciativa para a creación da área metropolitana poderá partir dos municipios interesados, e, neste caso, requirirase acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Corporación.

2. Adoptados os acordos elevaránselle ó conselleiro competente en materia de réxime local, quen examinará a regularidade do procedemento observado.

Sección 2.ª Da organización e do funcionamento da área metropolitana

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 123 derrogado por disposición derrogatoria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Subsección 1.ª Do Consello Metropolitan

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 124 derrogado por disposición derrogatoria.

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 125 derrogado por disposición derrogatoria.

Subsección 2.ª Da Comisión de Goberno

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 126 derrogado por disposición derrogatoria.

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 127 derrogado por disposición derrogatoria.

Subsección 3.ª Do director xeral

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 128 derrogado por disposición derrogatoria.

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 129 derrogado por disposición derrogatoria.

Subsección 4.ª Do delegado da Xunta de Galicia na área metropolitana

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 130 derrogado por disposición derrogatoria.

Subsección 5.ª Dos órganos complementarios

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 131 derrogado por disposición derrogatoria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 132 derrogado por disposición derrogatoria.

Sección 3.ª Das competencias das áreas metropolitanas

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 133 derrogado por disposición derrogatoria.

Sección 4.ª Da facenda das áreas metropolitanas

Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

Artigo derrogado: Artigo 134 derrogado por disposición derrogatoria.

Capítulo II Das mancomunidades de municipios

Artigo 135

1. Os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación, en común, de obras, servicios e actividades da súa competencia.

2. O obxecto da mancomunidade deberá ser determinado e non poderá asumir tódalas competencias dos municipios asociados.

Artigo 136

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de réxime local:

a) Prestará canta asistencia técnica e xurídica cumpra para a constitución e o funcionamento dunha mancomunidade.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Consignará no proxecto de orzamentos unha partida destinada ó fomento e á axuda das mancomunidades municipais estimulando o réxime asociativo.

2. As axudas ás que se refire a letra b) do apartado anterior serán compatibles con outras que, en función da natureza da obra ou do servicio obxecto da mancomunidade, puidesen ser outorgadas pola propia Comunidade Autónoma.

3. A prestación mancomunada dos servicios municipais ou, se é o caso, a realización de obras do mesmo modo será un criterio que se considerará favorablemente á hora de outorgar calquera tipo de axuda ou subvención por parte da Xunta de Galicia.

Sección 1.ª Do procedemento de constitución e de disolución das mancomunidades de municipios

Artigo 137

A iniciativa para a constitución dunha mancomunidade poderá partir dun ou de varios dos municipios interesados.

Artigo 138

1. Os expedientes para a constitución de mancomunidades municipais, así como para a elaboración e subseguinte aprobación dos seus estatutos, iniciaranse cos acordos dos concellos promotores, que serán adoptados pola maioría absoluta do número legal de membros das corporacións.

2. Mediante tales acordos cada Concello designará un representante da Corporación que pasará a formar parte da Comisión Xestora, que terá a representación do grupo de municipios ata a definitiva constitución dos órganos de goberno da mancomunidade e que se encargará da tramitación do correspondente expediente.

3. De entre os membros da Comisión Xestora elixirase un presidente e actuará como secretario o do Concello ó que pertenza o devandito presidente.

Artigo 139

A elaboración dos estatutos, dos que o contido mínimo será o que se sinala no artigo 142 desta lei, será competencia da Comisión Xestora, que os aprobará inicialmente, e a súa aprobación provisional corresponderalle a unha asemblea integrada por tódolos concelleiros dos concellos interesados. Esta asemblea será convocada polo presidente da Comisión Xestora, e para a súa válida constitución requirirá a asistencia, polo menos, da maioría absoluta dos membros de dereito dela, cumprindo a presencia, como mínimo, dun representante de cada municipio.

Artigo 140

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. O proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, polo prazo dun mes, a informe da Deputación ou das deputacións provinciais interesadas, entenderase favorable se no devandito prazo non fose emitido e expoñerase a información pública por un período dun mes para que sexan presentadas, por parte dos interesados, as observacións ou suxestións que estimen precisas.

2. Rematado o prazo de información pública e antes da aprobación definitiva, seranlle remitidos os estatutos, xunto coa resolución das reclamacións que fosen presentadas, á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, e esta poderá formula-las observacións de legalidade así como as suxestións e propostas que considere convenientes.

3. Se do informe ó que se refire o apartado anterior resultasen modificacións do proxecto de estatutos provisionalmente aprobado, someteranse aquelas á consideración da Comisión Xestora, que, de non aceptalas, estará obrigada á convocatoria da asemblea de concelleiros para unha nova discusión delas. Tras esta nova xuntanza da asemblea decidirase se se continúa ou non co procedemento ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

Artigo 141

1. Comunicada polo presidente á Comisión Xestora a emisión dos informes por parte da Deputación ou das deputacións provinciais interesadas ou pola Consellería competente en materia de réxime local, ou transcorrido o prazo legal para iso sen que aqueles fosen emitidos, os plenos de tódolos concellos aprobarán, no prazo de dous meses, os estatutos. Os acordos requirirán o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros de cada unha das corporacións.

No acordo de aprobación designaranse os representantes legais de cada Concello na mancomunidade, no número e coas condicións previstas nos estatutos e tendo en conta o pluralismo político existente nas corporacións locais.

2. O presidente da Comisión Xestora remitiralle copia certificada dos acordos de aprobación definitiva dos estatutos e da constitución da mancomunidade de municipios á Consellería competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia.

3. Dentro do mes seguinte ó da publicación dos estatutos, o alcalde do municipio no que radique a sede da mancomunidade convocará tódolos representantes dos municipios mancomunados, co obxecto de elixi-los órganos rectores e inicia-lo funcionamento dela.

4. O presidente da mancomunidade comunicaralles á Administración central do Estado e á Xunta de Galicia a constitución da nova entidade local para os efectos da súa inscrición nos rexistros estatal e autonómico de entidades locais.

Artigo 142

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A organización e o funcionamento das mancomunidades rexeranse polo establecido nos seus propios estatutos, que se aprobarán de conformidade coas prescricións desta lei e que, en todo caso, deberán conter:

a) Os municipios que a integran.

b) O obxecto e os fins da mancomunidade.

c) Adenominación e o lugar onde radique a sede da mancomunidade.

d) Os órganos de goberno, o número e forma de designación dos representantes dos municipios asociados e a forma de nomear e revoga-los administradores.

e) Os recursos financeiros, as contribucións e compromisos e os dereitos e deberes dos municipios asociados.

f) O prazo de duración e os supostos de disolución.

g) As normas de funcionamento.

h) A forma de liquidación.

i) As relacións cos municipios interesados.

2. Os órganos de goberno da mancomunidade serán representativos dos concellos que a integran, debendo existir, en todo caso, a figura do presidente e do Pleno da mancomunidade.

Artigo 143

1. A modificación dos estatutos da mancomunidade ou a disolución da entidade local axustaranse ó seguinte procedemento:

a) A iniciativa corresponderalle ó Pleno da mancomunidade, de oficio ou a instancia dos concellos que a constitúen.

b) Adoptado o acordo, someterase a información pública polo prazo dun mes e, simultaneamente, remitiráselles á Deputación ou deputacións provinciais respectivas e á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, polo prazo dun mes.

c) Rematado o prazo de exposición pública e recibidos os informes ós que se refire o apartado anterior ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen emitidos, someterase o acordo de modificación dos estatutos ou de disolución da mancomunidade ós plenos dos concellos mancomunados. A adopción do devandito acordo, que resolverá tamén as alegacións, no caso de que estas fosen presentadas, requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das corporacións.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) Aprobados os acordos de modificación dos estatutos da mancomunidade ou de disolución desta pola maioría dos concellos mancomunados, o presidente da mancomunidade remitiralle copia certificada deles á Consellería competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia, e comunicarallos á Administración central do Estado para os efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local.

2. Toda incorporación ou separación de membros dunha mancomunidade levará consigo, necesariamente, a modificación dos seus estatutos.

3. No caso de que un concello decida unilateralmente separarse da mancomunidade, manifestarao cun ano de antelación, sen deixar de cumprir cos compromisos contraídos nese prazo.

Artigo 144

No caso de disolución dunha mancomunidade, esta manterá a súa personalidade xurídica en tanto non sexa adoptado polo Pleno o acordo de liquidación e distribución do seu patrimonio, o cal se publicará no Diario Oficial de Galicia xunto co de disolución.

Sección 2.ª Da organización das mancomunidades de municipios

Artigo 145

1. Os órganos de goberno ou xuntas de mancomunidade estarán integrados por un presidente, un vicepresidente que o substitúa nas súas ausencias e o número de vocais que sinalen os estatutos.

2. Os estatutos da mancomunidade poderán prever, ademais, a existencia doutros órganos complementarios, xa sexan de carácter activo, como a Comisión de Goberno, ou consultivo, como as comisións informativas, de especial interese cando sexan múltiples os servicios asumidos e xestionados.

Artigo 146

1. Na Xunta da mancomunidade ou asemblea estarán representados, na proporción que se estableza nos estatutos da mancomunidade, tódolos municipios que a integren.

2. A designación do presidente e do vicepresidente atinxiralle á Xunta da mancomunidade ou asemblea, e, se nada din os estatutos, a elección realizarase en sesión extraordinaria e por maioría absoluta de votos.

3. O cargo de secretario ou secretario-interventor, así como os de interventor-tesoureiro, se existiren, terán que ser exercidos por funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Sección 3.ª Das competencias das mancomunidades de municipios

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 147

Son competencias das mancomunidades de municipios:

a) Aadministración e defensa do seu patrimonio.

b) A execución de obras e prestación parcial ou integral de servicios do seu interese.

c) Aqueloutras que lles sexan delegadas ou encomendadas por outras administracións públicas.

Sección 4.ª Da facenda das mancomunidades de municipios

Artigo 148

1. As mancomunidades de municipios contarán cunha facenda propia integrada por:

a) As taxas.

b) Os prezos públicos.

c) As contribucións especiais.

d) As contribucións municipais.

e) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.

f) As subvencións.

g) O producto de operacións de crédito.

h) O producto de multas e sancións no ámbito da súa competencia.

2. Os concellos mancomunados consignarán nos seus orzamentos as cantidades precisas para atender, nos sucesivos exercicios económicos, as obrigas derivadas dos compromisos contraídos coa mancomunidade á que pertenzan. Transcorrido o prazo para o ingreso das contribucións dos municipios que integran a mancomunidade, o seu presidente poderá dirixirse á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos do municipio debedor e o seu ingreso na facenda da mancomunidade.

Capítulo III Dos consorcios locais

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 149

1. As entidades locais galegas poderán, con carácter voluntario, constituír consorcios locais entre si ou:

a) Con outras administracións públicas para fins de interese común.

b) Con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas. Neste caso en tódolos órganos dos que se dote ó consorcio deberase garanti-la presencia maioritaria do sector público.

2. Os consorcios locais son entidades locais dotadas de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos, que virán definidos nos seus respectivos estatutos.

3. Para a xestión dos servicios da súa competencia, os consorcios poderán empregar calquera das formas previstas na lexislación básica de réxime local e nesta lei.

Artigo 150

1. A iniciativa para a constitución dun consorcio local poderá partir dun ou de varios entes locais interesados.

2. Os expedientes para a constitución de consorcios locais, así como para a elaboración e subseguinte aprobación dos seus estatutos, iniciaranse cos acordos das entidades locais promotoras, que deberán ser adoptados pola maioría absoluta do número legal de membros das corporacións.

3. Mediante os devanditos acordos cada entidade local designará un representante da Corporación que pasará a formar parte da Comisión Xestora, que terá a representación do grupo de entidades ata a definitiva constitución dos órganos de goberno do consorcio, que estarán integrados por representantes de tódalas entidades consorciadas na proporción que se fixe nos respectivos estatutos, e que se encargará da tramitación do correspondente expediente e da elaboración do proxecto de estatutos.

Artigo 151

1. Para a elaboración dos estatutos e para a creación de consorcios locais seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que se estableceu para as mancomunidades de municipios na lexislación estatal básica e nos artigos 137 e seguintes desta lei.

2. Do mesmo xeito, para a modificación dos estatutos do consorcio local, así como para a súa disolución, seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento có establecido pola lexislación estatal básica e polos artigos 143 e 144 desta lei para a modificación dos estatutos ou a disolución das mancomunidades de municipios.

Artigo 152

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de réxime local:

a) Prestará canta asistencia técnica e xurídica cumpra para a constitución e o funcionamento dos consorcios locais.

b) Poderá conceder subvencións a fondo perdido á constitución de consorcios locais para a prestación dos servicios municipais ou, se é o caso, a realización de obras do mesmo carácter.

Capítulo IV Das entidades locais menores

Artigo 153

1. Os núcleos de poboación afastados xeograficamente do que teña a condición de capitalidade do municipio e con características peculiares propias poderán constituírse en entidades locais menores, para a xestión descentralizada dos seus intereses peculiares, sempre que:

a) Se acredite a posesión de recursos suficientes para tal xestión e o axeitado exercicio das súas competencias.

b) A súa constitución non supoña unha notable diminución da capacidade económica do municipio, que impida o normal cumprimento das súas obrigas ou mingüe a calidade dos servicios que viñese prestando.

2. Non poderá constituírse en entidade local menor o núcleo territorial no que radique a capitalidade do municipio.

Sección 1.ª Do procedemento de constitución e de disolución das entidades locais menores

Artigo 154

1. A iniciativa para a constitución dunha entidade local menor correspóndelles indistintamente a:

a) Os dous tercios dos veciños do núcleo de poboación que pretende a súa constitución en entidade local menor.

b) O Concello, que adoptará o acordo co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito da Corporación e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal dos membros dela.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. O Concello someterá a iniciativa a información pública polo prazo dun mes.

3. Transcorrido o prazo de exposición ó público, o Concello remitiralle á Consellería competente en materia de réxime local o expediente, no que deberán constar, como mínimo:

a) Os motivos da iniciativa e a imposibilidade de recorrer a outros mecanismos que permitan a participación para a defensa dos seus intereses nunha xestión descentralizada.

b) No caso de que se presentasen alegacións, certificación expedida polo secretario da Corporación relativa ó acordo de resolución delas, que deberá ser adoptado co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

c) Informe económico-financeiro sobre a viabilidade da entidade local menor, con expresión dos ingresos, debidamente xustificados, que integrarán o seu orzamento e do importe previsto de gastos.

d) Informe do Concello correspondente.

4. A Consellería competente en materia de réxime local requirirá o informe da Deputación Provincial correspondente.

5. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, mediante decreto e por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, a constitución da entidade local menor, que lle será comunicada á Administración central do Estado para os efectos da súa inscrición no Rexistro Estatal de Entidades Locais. O decreto publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia respectiva.

Artigo 155

1. Constituída a entidade local menor, estableceranse os seus límites territoriais e farase a súa segregación patrimonial por acordo do Concello e logo da proposta da Xunta Veciñal.

2. O acordo municipal nesta materia requirirá a ratificación do Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local.

Artigo 156

Procederá a disolución dunha entidade local menor cando se aprecie a insuficiencia dos seus recursos ou a incapacidade para o exercicio das súas competencias.

Artigo 157

O procedemento para a disolución axustarase ás seguintes regras:

1.ª) A iniciativa corresponderalle indistintamente:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Ó Concello, que adoptará o acordo co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito da Corporación e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal dos membros dela.

b) Á Xunta Veciñal, mediante acordo adoptado pola maioría de dous tercios.

c) Á Consellería competente en materia de réxime local, por apreciación das circunstancias ás que se refire o artigo anterior.

2.ª) No caso de que a iniciativa proceda do Concello ou da Xunta Veciñal, someterase o expediente a información pública por prazo dun mes, transcorrido o cal seralle remitido á Consellería competente en materia de réxime local, acompañado da certificación expedida polo secretario xeral da Corporación acreditativa do acordo relativo á estimación ou desestimación das reclamacións, se estas fosen presentadas.

No caso de que a iniciativa proceda da Consellería competente en materia de réxime local, daráselles audiencia previa á entidade local menor e ó Concello interesado.

3.ª) Requiriráselle informe á Deputación Provincial correspondente, que o emitirá no prazo dun mes, e entenderase favorable se, transcorrido este, non fose emitido.

4.ª) A resolución definitiva, mediante decreto e por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local, correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia. O decreto publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da respectiva provincia. Comunicaráselle, ademais, á Administración central, para os efectos da inscrición da entidade local menor no Rexistro Estatal de Entidades Locais.

Sección 2.ª Da organización das entidades locais menores

Artigo 158

1. As entidades locais menores contarán cun alcalde pedáneo, cunha Xunta Veciñal e cos outros órganos complementarios de que poidan dotarse de acordo co seu regulamento orgánico.

2. A Xunta Veciñal estará formada polo alcalde pedáneo, que a presidirá, e por un número de vocais que non superará o tercio do de concelleiros que integren o Concello.

3. O alcalde pedáneo será elixido directamente polos veciños da correspondente entidade local menor, por sistema maioritario, mediante a presentación de candidatos polos distintos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores, coincidindo coas eleccións locais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. A designación dos vocais da Xunta Veciñal farase de conformidade cos resultados das eleccións para o Concello, na sección ou nas seccións constitutivas da entidade local menor, segundo o disposto na lexislación electoral xeral.

Artigo 159

1. O presidente ou alcalde pedáneo e a Xunta Veciñal terán as atribucións que a lexislación sinale para o alcalde e o Pleno, respectivamente, circunscritas á área das súas competencias territoriais e de xestión.

2. A Xunta Veciñal, órgano colexiado de goberno, ten as seguintes atribucións:

a) A aprobación dos orzamentos, das ordenanzas e dos acordos de establecemento e de modificación de servicios.

b) A administración do patrimonio e a adquisición, alleamento e cesión de bens.

c) O control e a fiscalización das actuacións do alcalde-presidente e da xestión económica.

d) En xeral, cantas lle asigne a lei ou o Pleno do Concello con respecto á súa administración no ámbito da entidade.

3. O réxime de funcionamento axustarase ó que dispoña o seu propio regulamento orgánico, se o houbese, ou ás disposicións xerais que rexen para os concellos.

Artigo 160

O alcalde pedáneo designará, de entre os vocais da Xunta Veciñal, quen deba substituílo nos casos de vacante por ausencia ou enfermidade.

Artigo 161

1. Na entidade de nova creación e mentres non se realicen eleccións locais, o goberno e a administración encomendaránselle a unha Comisión Xestora, integrada por tres membros, que serán nomeados pola Deputación Provincial respectiva de conformidade co resultado das eleccións na sección ou nas seccións correspondentes, por proposta dos partidos políticos con representación no Concello.

2. Despois dos dez días naturais da súa designación, deberá constituírse a Comisión Xestora e elixir de entre os seus membros o presidente, fixándose a hora da constitución na orde de nomeamento.

3. No caso de empate, será presidente o vocal da lista máis votada na sección correspondente.

Artigo 162

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Un membro da Xunta Veciñal terá dereito a asistir, con voz pero sen voto no punto da orde do día correspondente, ás comisións informativas existentes no Concello, sempre que nelas vaia dictaminarse algún asunto que afecte a entidade local menor.

Para o exercicio deste dereito, deberá ser citado á Comisión de referencia, como un membro máis dela.

Sección 3.ª Das competencias das entidades locais menores

Artigo 163

1. Son competencias das entidades locais menores:

a) A administración e a defensa do seu patrimonio.

b) A execución de obras e a prestación de servicios do seu interese, sempre e cando sexan realizados con fondos propios e non estean a cargo do respectivo Concello ou doutra entidade supramunicipal.

c) A vixilancia, o mantemento e a limpeza das vías urbanas, camiños rurais, montes, fontes e lavadoiros.

d) Aqueloutras que lle delegue o municipio, logo da aceptación pola entidade, e coa asignación dos recursos que cumpran para o seu exercicio.

2. A Comunidade Autónoma, as deputacións provinciais e os concellos poderán presta-la asistencia técnica, xurídica e económica precisa para que as entidades locais de ámbito territorial inferior ó municipal poidan facer efectivas as súas competencias coa maior economía e evitando a duplicidade de servicios.

Sección 4.ª Da facenda das entidades locais menores

Artigo 164

1. A facenda das entidades locais menores estará constituída polos seguintes recursos:

a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.

b) As taxas e prezos públicos.

c) As contribucións especiais.

d) Os ingresos procedentes de operacións de crédito.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

e) O producto de multas e sancións no ámbito da súa competencia.

f) A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se estableza no decreto de creación. Esta participación non será en ningún caso inferior ó vintecinco por cento dos que se devenguen no ámbito territorial da entidade.

g) As doazóns, as herdanzas, os legados e as cesións aceptadas pola entidade.

h) Os procedentes de contribucións doutras entidades públicas supramunicipais, con carácter finalista pola participación en proxectos de actuación e investimentos xerais.

i) Calquera outro ingreso de dereito público que a lei puidese atribuírlles.

2. Malia o establecido no apartado anterior, estas entidades deberán contribuír ó pagamento das cargas xerais do Concello, na proporción que se estableza no decreto de creación delas.

Capítulo V Das agrupacións de municipios

Sección l.ª Das agrupacións voluntarias

Artigo 165

1. Os municipios que por insuficiencia de recursos económicos non poidan soste-las prazas reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional poderán agruparse entre si para o único efecto do sostemento en común do devandito persoal.

2. As entidades locais poderán agruparse, así mesmo, co obxecto de soster en común unha soa praza de funcionario técnico de administración especial ou de persoal auxiliar de administración xeral, cando a súa capacidade económica non lles permita sostela por si soas.

3. A Consellería competente en materia de réxime local prestará especial asesoramento e apoio á creación e ó funcionamento deste tipo de agrupacións de municipios, podendo serlles concedidas subvencións ata un máximo do cincuenta por cento dos custos do persoal polo tempo que se estableza e para o sostemento do cal se constituísen.

4. As prazas non se designarán en tanto non estean agrupadas.

Artigo 166

O funcionamento destas agrupacións regularase por uns estatutos que, para o efecto, serán redactados por unha comisión integrada por representantes dos municipios afectados,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

designados polos plenos deles. Nos devanditos estatutos fixarase, necesariamente, a participación económica de cada Concello, así como o réxime de dedicación do persoal a cada un deles.

Artigo 167

O procedemento de constitución e de disolución destas agrupacións municipais axustarase ás seguintes regras:

a) Iniciación por acordo das corporacións locais interesadas adoptado por maioría simple.

b) Sometemento do expediente a información pública durante o prazo dun mes.

c) Informe da Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma galega e da Deputación ou das deputacións provinciais respectivas. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes a partir da súa solicitude, e entenderanse favorables no caso de non recibirse no referido prazo.

d) Aprobación definitiva por acordo dos concellos, que será adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

e) Remisión do expediente á Consellería competente en materia de réxime local. Formarán parte deste expediente, entre outros:

1.º) As certificacións expedidas polos secretarios de cada Concello relativas ós acordos ós que se refiren os apartados anteriores deste mesmo artigo.

2.º) Os informes ós que se refire o apartado sinalado coa letra c) deste mesmo artigo.

3.º) O proxecto de estatutos ó que se refire o artigo 166 desta lei.

4.º) As certificacións expedidas polos secretarios de cada Concello relativas á poboación e ós orzamentos municipais ordinarios e, se é o caso, á clasificación da praza.

Vistos os acordos, os informes e as certificacións ós que se refire este apartado, a Consellería competente en materia de réxime local elevaralle proposta de resolución ó Consello da Xunta de Galicia, o cal resolverá.

f) Publicación do decreto polo que se constitúe a agrupación voluntaria de municipios no Diario Oficial de Galicia e no boletín ou nos boletíns oficiais das respectivas provincias.

g) A constitución da agrupación seralle comunicada, pola Consellería competente en materia de réxime local, á Administración central do Estado.

Sección 2.ª Das agrupacións forzosas

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 168

1. O Consello da Xunta de Galicia deberá acorda-la agrupación daqueles municipios nos que a poboación e os recursos ordinarios non superen as cifras que determine a Administración central do Estado, co obxecto de soster en común un posto único de secretario.

2. Así mesmo, deberá acorda-la agrupación de municipios nos que as secretarías estean catalogadas como de segunda ou de terceira clase, co fin de soster en común un posto único de interventor.

Artigo 169

A constitución das agrupacións de municipios ás que se refire o artigo anterior axustarase ó procedemento seguinte:

a) Iniciación do expediente de oficio pola Xunta de Galicia, dándoselles audiencia ás corporacións locais afectadas polo prazo dun mes.

b) Sometemento do expediente á información pública durante o prazo dun mes.

c) Resolución do expediente polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de réxime local.

d) Publicación no Diario Oficial de Galicia e no boletín ou nos boletíns oficiais das respectivas provincias do decreto de constitución da agrupación de municipios e remisión deste á Administración central do Estado.

Artigo 170

No acordo polo que se aprobe a constitución da agrupación forzosa de municipios para o sostemento en común de prazas de funcionarios con habilitación de carácter nacional determinaranse os municipios que deban agruparse e as normas mínimas polas que deberá rexerse a agrupación, que poderán ser desenvolvidas por acordo conxunto dos municipios afectados.

A Xunta de Galicia, atendendo cada caso concreto, poderá fixar unha contribución para a atención desta obriga.

Título IV Da transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma nas entidades locais e da encomenda de xestión

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 171

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Conforme coa lexislación básica do Estado en materia de réxime local e no marco desta lei, as leis do Parlamento de Galicia reguladoras dos distintos sectores da acción pública efectuarán a redistribución das competencias entre a Administración da Comunidade Autónoma e as entidades locais.

Para facela efectiva deberán existir unhas circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial que o fagan conveniente e, ademais, garantir unha máis eficaz prestación dos servicios.

2. O procedemento de transferencias axustarase ó establecido nos artigos seguintes e as competencias transferidas converteranse en propias das entidades locais.

Artigo 172

1. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia poderá delegar nas entidades locais competencias propias sempre que:

a) Se trate de competencias en materias que afecten os intereses propios das entidades locais.

b) Coa delegación se mellore a eficacia da xestión pública.

c) Se acade unha maior participación cidadá.

2. A delegación non supoñerá a asunción da titularidade das competencias delegadas polas entidades locais beneficiarias da delegación.

3. Para facer efectiva a delegación de competencias a Administración autonómica terá en conta a natureza e o grao de homoxeneidade das competencias e as entidades locais destinatarias para que, reunindo as mesmas circunstancias obxectivas, poidan asumi-lo seu exercicio en condicións de igualdade.

Artigo 173

1. Así mesmo, por razóns de eficacia ou cando a Xunta de Galicia careza dos medios técnicos axeitados para o seu exercicio, poderá encomendárlle-la realización de actividades de carácter material, técnico ou de servicios da súa competencia ás deputacións provinciais ou ós municipios que sexan capital de provincia ou conten cunha poboación superior a setenta mil habitantes, actuando estes con suxeición plena ás instruccións xerais e particulares que para tal efecto dicte a Xunta de Galicia.

2. A encomenda de xestión non supoñerá a cesión da titularidade da competencia, nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Consello da Xunta de Galicia dictar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Artigo 174

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. No caso de que se transfiran ou deleguen competencias nas deputacións provinciais ou se lles encomende a xestión de servicios propios da Comunidade Autónoma, a transferencia, delegación ou encomenda de xestión efectuarase, sempre, para a totalidade das deputacións provinciais comprendidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Comunidade Autónoma poderá realiza-la transferencia ou delegación de competencias en favor dun ou de varios municipios agrupados entre si e esixirá que estes conten con capacidade de xestión e medios técnicos suficientes, sen que disto poida derivar trato discriminatorio entre os diferentes municipios galegos.

3. A encomenda de xestión só poderá realizarse en favor dalgunha das entidades locais ás que se refire o artigo 173.1 desta lei.

Artigo 175

A transferencia ou delegación de competencias da Comunidade Autónoma nas entidades locais, así como a encomenda de xestión, terán que ser previamente aceptadas por estas.

Artigo 176

Será requisito imprescindible para que comecen os procedementos de transferencia e delegación que as competencias que poidan ser transferidas ou delegadas se vaian executar integramente na circunscrición da entidade local.

Artigo 177

O procedemento para levar a efecto a transferencia ou delegación será iniciado de oficio pola Xunta de Galicia ou por pedimento razoado da entidade ou das entidades locais interesadas ou das asociacións de municipios máis representativas da Comunidade Autónoma.

Artigo 178

A transferencia ou delegación deberá levar aparellada a dos medios financeiros e económicos e, se é o caso, persoais precisos en favor das entidades locais beneficiarias e fomentará a constitución de mancomunidades ou de agrupacións de municipios nos casos nos que fose precisa ou conveniente a súa constitución.

Capítulo II Da transferencia

Artigo 179

1. A transferencia da titularidade de competencias en favor das entidades locais realizarase mediante lei sectorial do Parlamento de Galicia, que establecerá o procedemento para levala a cabo así como os medios e servicios necesarios para o seu exercicio.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Na mesma lei determinaranse os supostos nos que sexa posible solicita-la revogación, o seu procedemento e os titulares lexitimados.

2. Esta transferencia de medios e servicios, salvo o que dispoña a propia lei sectorial, seralle proposta ó Consello da Xunta de Galicia polas comisións sectoriais que se constitúan, que estarán integradas por un número igual de representantes da entidade local receptora e da Administración da Comunidade Autónoma. O número total de representantes non superará o de dez.

A Comisión será presidida polo conselleiro competente en materia de réxime local, formando parte dela, sempre, o conselleiro competente na materia obxecto de transferencia e un representante da Consellería de Economía e Facenda.

As propostas das comisións conterán:

a) Relación das competencias e dos servicios que se transfiren, así como dos que reserva para si a Comunidade Autónoma.

b) Referencia ás normas legais que xustifican a transferencia.

c) Medios persoais, materiais e financeiros que se traspasan, coa súa valoración e, se é o caso, o procedemento de revisión. Tal valoración realizarase con referencia ó 31 de decembro do ano anterior ó que se realice a proposta.

d) Valoración do custo efectivo do servicio, tendo en conta que, cando se traspasen servicios nos que a súa prestación estea gravada con taxas ou reporte ingresos de dereito privado, o seu importe minorará a valoración do custo efectivo do servicio transferido. Enténdese por custo efectivo o que corresponda ó gasto corrente, así como, se é o caso, ó gasto de investimento novo e de reposición e ás subvencións condicionadas.

e) Referencia á documentación administrativa relativa ó servicio ou á competencia transferida.

f) Data de efectividade da transferencia.

3. Elaboradas por consenso de ámbalas dúas representacións as propostas de transferencia polas comisións ás que se refire o apartado 2 deste mesmo artigo, solicitarase, antes da súa elevación ó Consello da Xunta de Galicia, informe da Comisión Galega de Cooperación Local.

Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa.

Artigo modificado: Artigo 179 apartado 2.d) nova redacción por disposición adicional cuarta.

Artigo 180

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Os recursos económicos precisos para cubri-lo custo efectivo do servicio transferido terán carácter de recursos propios da entidade local que reciba a transferencia. Tales fondos serán librados pola Consellería de Economía e Facenda, mediante as correspondentes baixas orzamentarias.

Artigo 181

A transferencia poderá ser obxecto de revogación, mediante lei do Parlamento de Galicia. A iniciativa poderá partir das asociacións de municipios máis representativas da Comunidade Autónoma.

Capítulo III Da delegación

Artigo 182

1. Adelegación de competencias da Comunidade Autónoma en favor das entidades locais realizarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

2. Para a fixación dos termos da delegación constituirase unha Comisión mixta, integrada por tres representantes da Comunidade Autónoma e tres das entidades locais receptoras da delegación. Así, formarán parte desta Comisión mixta:

a) Por parte da Administración autonómica, o conselleiro competente en materia de réxime local, que, á súa vez, presidirá a Comisión, o conselleiro de Economía e Facenda e o conselleiro responsable da materia ou das materias obxecto da delegación.

b) Por parte da entidade local beneficiaria da delegación, o alcalde ou presidente da Corporación e dous membros dela designados polo Pleno.

3. Adelegación de competencias requirirá aceptación expresa por parte das entidades locais receptoras. Tal aceptación formularase e remitirase con carácter previo á deliberación do Consello da Xunta de Galicia. Ademais, con carácter previo á devandita deliberación, a Comisión mixta á que se refire o apartado 2 deste mesmo artigo solicitará informe da Comisión Galega de Cooperación Local.

4. O decreto de delegación publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado e deberá referirse, entre outros, ós seguintes extremos:

a) Competencias das que se delega a execución.

b) Referencia ás normas legais que xustifican a delegación.

c) Medios materiais, financeiros e, se é o caso, persoais que se poñen á disposición, así como a valoración e o procedemento da revisión dela.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) Valoración do custo efectivo da prestación do servicio, tendo en conta que, cando se deleguen servicios dos que a súa prestación estea gravada con taxas ou reporte ingresos de dereito privado, o seu importe minorará a valoración do custo efectivo do servicio delegado. Enténdese por custo efectivo o que corresponda ó gasto corrente, así como, se é o caso, ó gasto de investimento novo e de reposición e ás subvencións condicionadas.

e) Referencia á documentación administrativa relativa á competencia ou ó servicio do que se delega a prestación.

f) Data de efectividade da delegación.

g) Duración da delegación.

h) Condicións, instruccións e directrices que formule a Xunta de Galicia, así como mecanismos de control e requirimentos que poidan ser formulados e supostos nos que procederá a revogación da delegación.

Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa.

Artigo modificado: Artigo 182 apartado 4.d) nova redacción por disposición adicional quinta.

Artigo 183

Os recursos económicos precisos para cubri-lo custo efectivo da competencia delegada serán librados pola Consellería de Economía e Facenda, mediante as correspondentes baixas orzamentarias.

Artigo 184

1. Os municipios e as demais entidades locais que asuman por delegación o exercicio de competencias propias da Comunidade Autónoma virán obrigados, en canto a estas, a:

a) Cumpri-los programas e as directrices que a Comunidade Autónoma poida, se é o caso, elaborar.

b) Proporcionar información sobre o funcionamento dos servicios, así como aterse ós requirimentos pertinentes para a emenda das deficiencias observadas polos órganos de asesoramento da Comunidade Autónoma.

c) Mante-lo nivel de eficacia na prestación dos servicios que, como mínimo, tiñan antes da delegación.

d) Cumpri-los módulos de funcionamento e os niveis de rendemento mínimo que a Xunta de Galicia periodicamente lle sinale, para o cal se lle facilitarán á entidade local os medios financeiros e, se é o caso, persoais e materiais que cumpran. As entidades locais poderán

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

mellorar estes módulos ou niveis de rendemento empregando as súas propias dispoñibilidades orzamentarias.

2. A Xunta de Galicia estará obrigada a respecta-la autonomía municipal no exercicio da competencia delegada, nos termos previstos no artigo 182.4.h).

Artigo 185

1. Se a entidade local incumprise as obrigas que derivan do artigo anterior, o Consello da Xunta de Galicia advertiraa formalmente disto, e, se mantivese a súa actitude, poderá ser revogada a delegación, reasumindo a Comunidade Autónoma, logo do informe da Comisión Galega de Cooperación Local, o exercicio das correspondentes competencias.

2. Por razóns de interese público, debidamente xustificadas, o Consello da Xunta de Galicia poderá declarar extinguida a delegación, revisa-lo seu contido ou avoca-lo exercicio das competencias que foron delegadas.

3. O acordo de revogación ou avocación publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

Capítulo IV Da encomenda de xestión

Artigo 186

1. A encomenda de xestión dos servicios propios da Comunidade Autónoma en favor das entidades locais ás que se refire o artigo 174 desta lei realizarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, logo do informe da Comisión Galega de Cooperación Local, e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia respectiva.

2. O acordo será adoptado por proposta da Comisión mixta á que se refire o artigo 182.2 desta lei e concretará, polo menos, a actividade ou actividades que afecte, o prazo de vixencia, a natureza e alcance da xestión encomendada e as facultades de dirección e control que reserve para si a Xunta de Galicia.

3. A efectividade da encomenda requirirá que esta vaia acompañada da dotación ou do incremento, en favor das entidades locais receptoras, dos medios económicos precisos para levala a cabo.

4. No caso de incumprimento das directrices e medidas ás que se refire o apartado 2 deste artigo, a Xunta de Galicia poderá, logo da advertencia ó ente local e do informe da Comisión Galega de Cooperación Local, suspender ou deixar sen efecto a encomenda e realizar directamente as actividades de carácter material ou técnico ou a prestación dos servicios que fosen obxecto dela.

Título V Relacións interadministrativas

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 187

As administracións públicas galegas axustarán as súas relacións ós principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto ós correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia na xestión administrativa. Así mesmo, a Xunta de Galicia exercerá as funcións de coordinación que prevé o Estatuto de autonomía de Galicia.

Capítulo II Da Comisión Galega de Cooperación Local

Artigo 188

A Comisión Galega de Cooperación Local constitúese no órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas.

Artigo 189

1. A Comisión Galega de Cooperación Local estará integrada paritariamente, por representantes da Comunidade Autónoma e por representantes das entidades locais galegas.

O número total de compoñentes será de vintecatro:

a) A representación da Comunidade Autónoma corresponderalles ó presidente da Xunta de Galicia, ó conselleiro competente en materia de réxime local e a aqueloutros membros que designe o Consello da Xunta de Galicia.

b) As entidades locais estarán representadas polos presidentes das catro deputacións provinciais, por dous representantes dos concellos de ata cinco mil habitantes, por dous representantes dos concellos de cinco mil un ata vinte mil habitantes, por dous representantes dos concellos de vinte mil un ata cincuenta mil habitantes e por dous representantes dos concellos de máis de cincuenta mil habitantes. Os ditos representantes serán designados pola asociación de municipios e provincias máis representativa e con maior implantación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A presidencia da Comisión Galega de Cooperación Local desempeñaraa o presidente da Xunta de Galicia.

Artigo 190

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Comisión Galega de Cooperación Local elaborará o seu regulamento de organización e funcionamento, e remitirallo á Consellería competente en materia de réxime local, que llo elevará ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

Artigo 191

A Comisión Galega de Cooperación Local poderá exerce-las funcións consultiva e deliberante nas seguintes materias:

a) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei, os regulamentos e os decretos que atinxan o réxime local.

b) Propoñer medidas de asistencia e asesoramento ós concellos, especialmente a través do estudio, da información e da difusión das materias que os afecten.

c) Informar das necesidades e insuficiencias dos municipios galegos en materia de servicios mínimos e propoñer criterios xerais para acorda-la dispensa da súa prestación.

d) Velar polo cumprimento dos principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais.

e) Estudiar e propoñe-las medidas que crea convenientes en relación coa situación económico-financeira das entidades locais.

f) Propoñer criterios de colaboración e coordinación para que as diferentes administracións públicas exerzan as súas funcións de cooperación económica, técnica e administrativa.

g) Coñecer e emitir informe sobre os acordos das comisións que se creen para a transferencia e delegación de competencias propias da Comunidade Autónoma nas entidades locais para a encomenda de xestión, así como emitir informe previo nos casos de revogación da delegación ou da encomenda de xestión.

h) Estudiar e propoñer criterios para a distribución do Fondo de Cooperación Local.

i) Coñecer e emitir informe sobre os proxectos de plans provinciais de cooperación ás obras e ós servicios de competencia municipal.

j) Propoñer e emitir informe sobre os convenios ou outras fórmulas de colaboración interadministrativa que poidan subscribirse entre a Comunidade Autónoma e as deputacións provinciais.

Artigo 192

1. Ademais da Comisión Galega de Cooperación Local, e mediante lei, poderán crearse outros órganos paritarios de colaboración, cooperación e coordinación. A lei de creación determinará:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) A composición e o funcionamento do órgano.

b) As funcións e o ámbito material e territorial de actuación del.

2. As funcións atribuídas ós órganos de colaboración terán carácter deliberante ou consultivo.

3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo dos órganos específicos que poidan establece-los plans sectoriais de coordinación.

Capítulo III Da colaboración, cooperación e auxilio

Artigo 193

1. As entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ós seguintes principios:

a) A lealdade institucional respecto do exercicio das competencias que lles correspondan ás demais administracións públicas.

b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

2. A colaboración entenderase como:

a) O deber de tódalas administracións públicas de ponderar e respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados, e, en concreto, os intereses particulares e lexítimos, dos cales a xestión lles estea encomendada ás demais administracións públicas.

b) O traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que se puidesen presentar máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública.

3. Entenderase por cooperación o coexercicio de competencias, de tal xeito que a actuación sometida a este réxime será levada a cabo de forma mancomunada polas diversas administracións públicas participantes.

4. Por auxilio entenderase:

a) A obriga que teñen tódalas administracións públicas de prestárlle-lo apoio e a asistencia activa precisos ás demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) O deber que teñen tódalas administracións públicas de facilitarse información recíproca, especialmente cando a actividade desenvolvida poida ter unha especial incidencia sobre o ámbito competencial doutras administracións.

Sección l.ª Da colaboración e cooperación

Artigo 194

1. As relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto nos asuntos locais coma nos asuntos de interese común, desenvolveranse, con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis.

2. De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas administracións daráselles comunicación a aqueloutras que, resultando interesadas, non interviñesen nel, para os efectos de manter unha recíproca e constante información.

Artigo 195

A colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante:

a) A Comisión Galega de Cooperación Local á que se refiren os artigos 188 e seguintes desta lei.

b) Os mecanismos de información ós que se refiren os artigos 200 e seguintes desta lei.

c) O asesoramento xurídico-administrativo.

d) A asistencia técnica, que se concretará na elaboración de estudios e proxectos, prestación de servicios ou calquera outra actividade propia ou común.

e) A axuda financeira, que se levará a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas que se concederán aténdose a criterios determinados e a condicións para a súa utilización e emprego e para executar obras ou prestar servicios locais.

f) A creación de consorcios locais.

g) A creación de sociedades anónimas.

h) A subscrición de convenios.

i) En xeral, a delegación de competencias ou a encomenda de xestión, técnicas reguladas no título IV desta lei.

Subsección 1.ª Dos consorcios locais

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 196

1. As entidades locais galegas poderán constituír consorcios locais coa Xunta de Galicia e con outras administracións públicas para fins de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas.

2. O procedemento e as regras que deberán observa-las entidades locais para a constitución dos consorcios locais e a elaboración dos seus estatutos, así como para a súa modificación ou disolución, serán os establecidos nos artigos 150 e seguintes desta lei.

3. O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar que a Administración autonómica forme parte do consorcio local. Neste caso, e mediante tal acordo, designará un representante que pasará a formar parte da Comisión Xestora encargada da tramitación do correspondente expediente e da elaboración dos estatutos.

Adoptados os seus acordos polas demais administracións públicas integrantes do consorcio local, mediante os que se aproben definitivamente os estatutos e a constitución da entidade local, o Consello da Xunta de Galicia aprobaraos, mediante decreto, que se publicará no Diario Oficial de Galicia xunto co texto íntegro dos estatutos.

Subsección 2.ª Das sociedades anónimas

Artigo 197

1. Para a prestación de servicios cun contido que non implique o exercicio de autoridade e que afecten os intereses de dúas ou máis administracións públicas poderán constituírse sociedades anónimas, con capital que pertenza total ou maioritariamente ás entidades afectadas.

2. Os acordos de constitución, participación ou adquisición de títulos representativos do capital das citadas sociedades serán adoptados polas administracións interesadas na forma prevista nas normas reguladoras dos seus respectivos patrimonios.

Subsección 3.ª Dos convenios de cooperación

Artigo 198

1. A Xunta de Galicia e as entidades locais poderán subscribir convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servicios da súa competencia.

2. A través dos convenios de cooperación as partes poderán coordina-las súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuí-las subvencións outorgadas por unha delas con referencia ó ámbito territorial ou á poboación doutra, executar puntualmente obras ou servicios da competencia dunha das partes, comparti-las sedes, os locais ou os edificios que

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

cumpran para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e acepta-la cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adopta-las medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.

3. En especial, as deputacións provinciais poderán subscribir, con todos ou con algún dos municipios da provincia, convenios para garanti-lo acceso da poboación ó conxunto dos servicios municipais e a maior eficacia na prestación destes.

Artigo 199

Os instrumentos de formalización dos convenios de cooperación deberán especificar:

a) Os órganos que subscriben o convenio.

b) A competencia que exerce cada Administración.

c) O seu financiamento.

d) A definición dos mecanismos de asistencia técnica, coordinación ou actuación conxunta previstos para facer efectiva a colaboración-cooperación.

e) A necesidade ou non de establecer unha organización para a súa xestión.

f) O prazo de vixencia, o que non impedirá a súa prórroga se así o acordan as partes asinantes do convenio, e os mecanismos de denuncia ou de solución de controversias.

g) A extinción por causa distinta á prevista no apartado anterior, así como a forma de determina-las actuacións en curso para o suposto de extinción.

h) Cada convenio deberá ir acompañado dunha memoria onde consten os antecedentes, as razóns de oportunidade e os obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Sección 2.ª Do auxilio

Artigo 200

O auxilio que deben prestarse tódalas administracións públicas galegas atopará a súa principal concreción na obriga de asistencia recíproca para o eficaz exercicio das súas competencias e no intercambio mutuo de información.

Artigo 201

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, as administracións públicas galegas poderán solicitar asistencia para a execución das súas competencias respectivas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. A asistencia requirida só poderá negarse cando o ente do que se solicita non estea facultado para prestala, ou cando, de facelo, causase un prexuízo grave ós seus intereses ou ó cumprimento das súas propias funcións. A negativa a prestar asistencia comunicaráselle motivadamente á Administración solicitante.

Artigo 202

A Xunta de Galicia e as entidades locais galegas teñen o deber de facilitarse mutuamente a información sobre os datos da súa propia xestión que consideren de importancia para o desenvolvemento dos fins que teñen encomendados:

a) Comunicar ou informar, logo de pedimento razoado, todos aqueles datos ou extremos sobre a xestión que se realiza ou se pensa executar e que poida incidir nos ámbitos competenciais doutras administracións públicas.

b) Comunicarlles, de oficio, os acordos de cooperación ou convenios que subscribisen a aqueloutras administracións que non interviñesen pero sexan interesadas.

c) Facilita-lo libre acceso das distintas administracións públicas ós rexistros públicos e exhibir toda clase de documentos e expedientes administrativos, nos termos previstos nas leis.

d) Facilita-lo acceso das distintas administracións públicas ós instrumentos de planificación, programación e xestión de obras e servicios que elaboren.Artigo 203

Artigo 203

1. As entidades locais remitiranlle á Consellería competente en materia de réxime local, no prazo de seis días, copia ou, se é o caso, extracto comprensivo dos actos e acordos dos órganos de goberno municipais que teñan especial relevancia. Os presidentes das corporacións e, de forma inmediata, os secretarios serán responsables do cumprimento deste deber.

2. Coa finalidade de comproba-la efectividade da aplicación da súa lexislación, a Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de réxime local, poderá solicitarlles ás entidades locais información concreta sobre a súa actividade e mesmo requiri-la exhibición de expedientes e a emisión de informes.

3. A Xunta de Galicia elaborará un plan de informática municipal que estructure os medios precisos para integra-la información local en toda Galicia. Asemade promoverá unha rede de comunicacións informáticas entre tódalas administracións. O deber de información establecido nos apartados 1 e 2 deste artigo poderá cumprirse mediante os servicios de informática, de conformidade coas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

Artigo 204

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. As entidades locais que, de conformidade co establecido por esta lei e pola lexislación reguladora dos diferentes sectores da acción pública, teñan atribuída a competencia de formulación e de aprobación dos instrumentos de planificación facilitarán o acceso dos representantes legais do resto das administracións públicas afectadas ó proceso de elaboración dos plans.

A participación poderá consistir en:

a) O outorgamento dun prazo de audiencia para poder formular observacións ou suxestións.

b) A emisión de informes previos.

c) A intervención directa na realización dos traballos de elaboración dos plans.

2. A Xunta de Galicia facilitará o acceso dos representantes legais das entidades locais ós instrumentos de planificación, programación e xestión de obras e servicios que os afecten directamente.

Capítulo IV Da coordinación

Artigo 205

1. As leis da Comunidade Autónoma reguladoras dos diferentes sectores da acción pública poderán atribuírlle ó Consello da Xunta de Galicia a facultade de coordina-lo exercicio das competencias propias das entidades locais entre si, e, especialmente, coas da Comunidade Autónoma, cando a coherencia da actuación das diferentes administracións públicas non poida acadarse polos procedementos previstos nos artigos anteriores ou estes resulten manifestamente inadecuados por tratarse de actividades ou servicios locais que transcendan o interese propio das correspondentes entidades locais, incidan ou condicionen sobranceiramente os da Administración autonómica ou sexan concorrentes ou complementarios dos desta.

2. A coordinación terá por finalidade a fixación de medios e sistemas de relación que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica en diversos aspectos e a acción conxunta das distintas administracións públicas no exercicio das súas respectivas competencias, de tal xeito que se logre a integración na globalidade do sistema.

3. As leis de Galicia que regulen os distintos sectores da acción pública preverán, se é o caso, o correspondente traspaso dos medios e servicios persoais, técnicos e financeiros, a través da constitución dunha Comisión sectorial.

4. As funcións de coordinación non afectarán en ningún caso a autonomía das entidades locais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

5. Os instrumentos de coordinación non poderán compromete-los recursos locais de maneira obrigatoria.

Sección l.ª Dos plans sectoriais

Artigo 206

1. De conformidade co que establece o artigo anterior, as leis reguladoras dos diferentes sectores da acción pública poderán atribuírlle a Xunta de Galicia a facultade de coordina-la actividade das entidades locais por medio de plans sectoriais de coordinación.

2. As leis ás que se refire o apartado anterior deberán:

a) Precisar, con suficiente detalle, as condicións e os límites particulares da coordinación.

b) Establece-las modalidades de control parlamentario de conformidade cos procedementos específicos fixados polo Regulamento do Parlamento.

c) Definir, de maneira concreta e en relación cunha materia, servicio ou competencia determinados, os intereses xerais ou comunitarios que se articularán a través de plans sectoriais, que determinarán os obxectivos e as prioridades da acción pública na materia correspondente e os medios técnicos, económicos e persoais cos que se conte. Estes obxectivos e prioridades poderán ser de obrigado cumprimento para a Administración autonómica e para as entidades locais implicadas.

d) Establece-los correspondentes órganos ou instrumentos de coordinación, nos que se garantirá a participación das entidades locais interesadas.

3. Na redacción dos proxectos de plans sectoriais garantirase a participación das entidades locais interesadas. Unha vez redactados someteranse a informe da Comisión Galega de Cooperación Local e aprobaranse por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro correspondente.

4. As entidades locais exercerán as súas facultades de programación, ordenación e execución dos servicios e actividades da súa competencia no marco das previsións dos plans sectoriais de coordinación.

Sección 2.ª Doutras técnicas de coordinación

Artigo 207

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. En cumprimento da disposición adicional terceira do Estatuto de autonomía de Galicia, as deputacións provinciais unirán os seus orzamentos ó xeral da Xunta de Galicia, sen que isto poida implica-la súa integración.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, as deputacións provinciais, antes da aprobación dos seus orzamentos, remitiranlle os proxectos á Xunta de Galicia, que os poñerá en coñecemento da Comisión Galega de Cooperación Local e do Parlamento de Galicia.

Artigo 208

1. A Xunta de Galicia poderá adopta-las medidas que cumpran para proceder á execución subsidiaria das competencias locais de exercicio obrigatorio, se a entidade local incumpre obrigas impostas directamente pola lei, sempre que o incumprimento afecte o exercicio de competencias da Administración autonómica e a obriga teña garantida legal ou orzamentariamente a cobertura económica.

2. O exercicio da potestade á que se refire o apartado anterior corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia, a instancia da Consellería competente en materia de réxime local, sempre que previamente a entidade local non cumprise a súa obriga dentro dun mes, contado desde o requirimento que neste sentido lle fixese a devandita Consellería.

Artigo 209

Cando a natureza dunha actividade fixese moi difícil ou inconveniente unha asignación diferenciada de facultades executivas sobre unha materia, as leis sectoriais reguladoras da acción pública integrarán, en todo caso, o exercicio das funcións das entidades locais en actuacións ou procedementos conxuntos cos da Administración autonómica.

Título VI Disposicións comúns ás entidades locais

Capítulo I Réxime de funcionamento

Artigo 210

1. Os órganos de goberno colexiados das entidades locais funcionarán en réxime de sesións ordinarias, de periodicidade preestablecida, e extraordinarias, que poden ser, ademais, urxentes.

2. En todo caso, o funcionamento do Pleno das corporacións locais axustarase ás seguintes regras:

a) O Pleno realizará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses e extraordinaria cando así o decida o presidente ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal dos

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

membros da Corporación. Neste último caso o presidente verase obrigado a convocala dentro dos catro días seguintes ó da súa solicitude e a súa realización non poderá demorarse por máis dun mes desde que fose solicitada.

b) As sesións plenarias serán convocadas, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias con carácter urxente, nas que a convocatoria deberá ser ratificada polo Pleno. A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que servirá como base para o debate e, se é o caso, a votación, estará á disposición dos concelleiros ou deputados, desde o mesmo día da convocatoria, na Secretaría da Corporación.

c) O Pleno constitúese validamente coa asistencia dun tercio do número legal dos seus membros, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberase manter durante toda a sesión.

En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario da Corporación ou dos que legalmente os substitúan.

d) A adopción de acordos prodúcese mediante votación ordinaria, a non ser que o propio Pleno acorde, para un caso en concreto, a votación nominal. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros das corporacións absterse de votar.

A ausencia dun ou de varios concelleiros ou deputados, unha vez comezada a deliberación dun asunto, equivale, para efectos da votación correspondente, á abstención.

No caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e, se persistise o empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Artigo 211

A Comisión de Goberno, para exerce-las súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o presidente o decida.

Para o exercicio das súas funcións de asistencia, reunirase cando o presidente da Corporación o determine.

Artigo 212

1. A periodicidade das sesións ordinarias das comisións de estudio, informe ou consulta e dos órganos de participación será determinada polo Pleno. En todo caso será preceptiva a reunión das comisións con anterioridade ó pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes.

2. Poderán, nembargantes, realizar sesións extraordinarias cando o seu presidente o decida ou cando o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. A Comisión Especial de Contas terá que reunirse antes do día 1 de xuño de cada ano para emiti-lo informe preceptivo sobre as contas anuais da entidade local.

4. As contas e a documentación complementaria estarán á disposición dos membros da Comisión para exame e consulta como mínimo quince días antes da reunión.

Artigo 213

Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os que se adopten nas sesións ordinarias sobre materias non incluídas na respectiva orde do día, agás especial e previa declaración de urxencia feita polo órgano correspondente, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Artigo 214

As sesións dos órganos das corporacións locais terán lugar nas sedes delas, agás nos casos en que, por forza maior, o presidente crea conveniente realizalas noutro lugar do ámbito territorial da Corporación.

Artigo 215

1. Os acordos das corporacións locais adoptaranse, como regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis cós votos negativos.

2. Requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias:

a) Creación e supresión de municipios e alteración de termos municipais.

b) Creación, modificación e supresión das entidades ás que fai referencia o artigo 45 da Lei reguladora das bases do réxime local e o título III desta lei.

c) Aprobación da delimitación do termo municipal. d) Alteración do nome e da capitalidade do municipio.

3. Cumprirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a adopción de acordos nas seguintes materias:

a) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da Corporación.

b) Creación, modificación e disolución de mancomunidades ou outras organizacións asociativas, así como aprobación e modificación dos seus estatutos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Transferencia e delegación de funcións ou actividades a outras administracións públicas.

d) Cesión, por calquera título, do aproveitamento de bens comunais.

e) Concesión de bens ou servicios por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento.

f) O exercicio de actividades económicas e a prestación de servicios esenciais en réxime de monopolio, así como a determinación da forma concreta de xestión do servicio ou da actividade.

g) Aprobación de operacións financeiras ou de crédito ou concesión de quitas e esperas, cando o seu importe exceda do cinco por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento.

h) Imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario.

i) A aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

j) Separación do servicio dos funcionarios da Corporación e ratificación do despedimento disciplinario.

k) Alleamento de bens, cando a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento.

l) Alteración da cualificación xurídica dos bens demaniais ou comunais.

m) Cesión gratuíta de bens a outras administracións ou institucións públicas.

n) As restantes materias determinadas pola lei.

Capítulo II Impugnación de actos e acordos e exercicio de accións

Artigo 216

1. Poderán impugna-los actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico nos casos e termos previstos nos artigos 217 e 218:

a) A Administración galega, sen prexuízo dos supostos de lexitimación establecidos con carácter xeral pola lexislación reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

b) Os membros das corporacións locais que votasen en contra dos actos ou acordos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Así mesmo, os entes locais poderán impugna-las disposicións e os actos da Administración da Comunidade Autónoma que lesionen a súa autonomía de conformidade co establecido na lexislación básica do Estado na materia e na lexislación reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 217

1. Cando a Xunta de Galicia considere, no ámbito das súas competencias, que un acto ou acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila para que anule este acto ou acordo, invocando expresamente o artigo 65 da Lei reguladora das bases do réxime local.

O requirimento, que debe estar motivado e expresa-la normativa que considere que é vulnerada, formularase no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo.

Se xa fose solicitada ampliación da información, quedará interrompido o cómputo do prazo, que se renovará a partir da recepción da documentación solicitada.

A entidade local, en virtude do requirimento e no prazo sinalado para isto, poderá anular aquel acto ou acordo, logo da audiencia, se é o caso, dos interesados.

2. A Xunta de Galicia poderá impugna-lo acto ou acordo ante a xurisdicción contencioso-administrativa nos dous meses seguintes ó día no que venza o prazo sinalado no requirimento dirixido á entidade local ou da recepción da comunicación dela, na que se rexeita o requirimento.

A Xunta de Galicia poderá impugna-lo acto ou acordo ante a xurisdicción contencioso-administrativa directamente, sen necesidade de formular requirimento, nos dous meses seguintes ó día da recepción da comunicación do acto ou acordo.

Artigo 218

Os actos ou acordos das entidades locais que menoscaben as competencias da Xunta de Galicia ou interfiran o seu exercicio poderán ser impugnados directamente, sen necesidade de requirimento previo, ante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, que comezará a contar desde a recepción da comunicación do acordo.

A impugnación deberá precisa-la lesión ou, se é o caso, a extralimitación competencial que a motiva e as normas legais nas que se fundamente.

Artigo 219

As entidades locais territoriais están lexitimadas para impugna-las disposicións e os actos da Administración da Comunidade Autónoma que lesionen a súa autonomía.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 220

1. As entidades locais teñen a obriga de exerce-las accións precisas para a defensa dos seus bens e dereitos.

2. Calquera veciño que se atope en pleno desfrute dos seus dereitos civís e políticos poderá requirirlle o seu exercicio á entidade interesada. Este requirimento, do que se lle dará coñecemento a quen puidese resultar afectado polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o exercicio delas por un termo de trinta días hábiles.

Se no prazo deses trinta días a entidade non acordase o exercicio das accións solicitadas, os veciños poderán exercitar esta acción no nome e interese da entidade local.

De prospera-la acción, o actor terá dereito a que a entidade local lle reembolse as custas procesuais e á indemnización de cantos danos e perdas lle seguisen.

Capítulo III Estatuto dos membros das corporacións locais

Artigo 221

1. A determinación do número de membros das corporacións locais, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade regularanse polo disposto na lexislación electoral.

2. Os membros das corporacións locais gozan, unha vez que tomen posesión do seu cargo, dos honores, das prerrogativas e das distincións propios deles e estarán obrigados ó cumprimento estricto dos deberes e das obrigas inherentes a aquel.

3. O concelleiro, deputado ou membro de calquera entidade local que resulte proclamado electo deberá presenta-la credencial diante da Secretaría Xeral da entidade ou da Corporación correspondente.

Artigo 222

Quen teña a condición de membro dunha Corporación quedará, non obstante, suspendido nos seus dereitos, prerrogativas ou deberes cando unha resolución xudicial firme condenatoria o comporte.

Artigo 223

Quen teña a condición de membro dunha Corporación local perderá a súa condición de tal polas seguintes causas:

1.ª) Por decisión xudicial firme, que anule a elección ou proclamación.

2.ª) Por morte ou incapacitación, declarada esta por decisión xudicial firme.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3.ª) Por extinción do mandato, sen prexuízo de que continúe nas súas funcións, soamente para a administración ordinaria, ata a toma de posesión dos seus sucesores.

4.ª) Por renuncia, que se fará efectiva por escrito perante o Pleno da Corporación.

5.ª) Por incompatibilidade, nos supostos e nas condicións establecidos na lexislación electoral.

Artigo 224

1. Os membros das corporacións locais quedan en situación de servicios especiais nos seguintes supostos:

a) Cando sexan funcionarios da propia Corporación para a que foron elixidos.

b) Cando sexan funcionarios de carreira doutras administracións públicas e desempeñen na Corporación, para a que foron elixidos, un cargo retribuído e de dedicación exclusiva.

En ámbolos dous supostos, as corporacións afectadas aboarán as súas cotizacións ás mutualidades obrigatorias correspondentes para aqueles funcionarios que deixen de prestalo servicio que motivaba a súa pertenza a elas, estendéndose ás súas cotas de clases pasivas.

2. Para o persoal laboral rexen idénticas regras, de acordo co previsto na súa lexislación específica.

3. Os membros das corporacións locais que non teñan dedicación exclusiva nesta condición terán garantida, durante o período do seu mandato, a permanencia no centro ou nos centros de traballo públicos ou privados nos que estivesen prestando servicios no momento da elección e a disposición do tempo preciso para o exercicio do cargo, sen que poidan ser trasladados ou obrigados a concursar a outras prazas vacantes en distintos sitios.

Artigo 225

1. Os membros das corporacións locais terán dereito a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva. Neste caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as corporacións o pagamento das cotas empresariais que correspondan, agás o disposto no artigo anterior.

En relación coas ditas retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas que delas dependan.

2. Tódolos membros da Corporación, incluídos os que desempeñan cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnización polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e logo de xustificación documental.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencia pola concorrencia efectiva a sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, e na contía que sinale o Pleno dela.

4. As corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións, compensacións e asistencias ás que se fai referencia nos apartados anteriores deste mesmo artigo.

Artigo 226

1. Tódolos membros das corporacións locais terán dereito a obter do alcalde ou presidente da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións consten en poder dos servicios da Corporación e lles cumpran para o desenvolvemento da súa función. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa farase a través de resolución ou acordo motivado.

2. Os servicios da Corporación facilitaranlles directamente información ós membros das corporacións nos seguintes casos:

a) Cando se trate do acceso dos membros da Corporación que teñan delegacións ou responsabilidades de xestión á información delas.

b) Cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación á información e á documentación correspondente ós asuntos que deban ser tratados polos órganos colexiados dos que formen parte, así como ás resolucións ou ós acordos adoptados por calquera órgano da Corporación.

c) Cando se trate do acceso de membros da Corporación á información ou á documentación da entidade local que sexa de libre acceso para os cidadáns.

Artigo 227

Tódolos membros das corporacións locais teñen a obriga de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evita-la reproducción da documentación que poida facilitárselles, en orixinal ou copia, para o seu estudio.

Artigo 228

Os membros das corporacións locais terán o dereito e a obriga de asistir a tódalas sesións do Pleno e das comisións das que formen parte.

Artigo 229

1. Os membros das corporacións locais están suxeitos á responsabilidade civil e penal polos actos ou polas omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

esixiranse perante os tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicable.

Son responsables dos acordos das corporacións locais os membros delas que os votasen favorablemente.

2. As corporacións locais poderán esixi-la responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave lles causasen danos e perdas á Corporación ou a terceiros, se estes tivesen que ser indemnizados por aquela.

3. Os presidentes das corporacións locais poderán sancionar con multa os seus membros por falta non xustificada de asistencia ás sesións ou por incumprimento reiterado das súas obrigas.

Artigo 230

No exercicio do seu cargo, os membros das corporacións locais observarán, en todo momento, as normas sobre incompatibilidades establecidas no ordenamento vixente e absteranse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de calquera asunto se concorren nel algunhas das causas ás que se refire a lexislación sobre procedemento administrativo e a de contratos das administracións públicas.

A actuación dos membros das corporacións locais en que concorran as mencionadas causas comportará, se foi determinante, a invalidez dos actos nos que interviñeron.

Artigo 230 bis

Os membros das corporacións locais adecuarán a súa actividade aos seguintes principios éticos e de actuación:

a) Exercerán os poderes que lles atribúe a normativa vixente coa finalidade exclusiva para a que lles foron outorgados e evitarán toda acción que poida poñer en risco o interese público, o patrimonio das administracións ou a imaxe que debe ter a sociedade respecto dos seus representantes.

b) Usarán as prerrogativas inherentes aos seus cargos unicamente para o cumprimento das súas funcións e deberes, e non se valerán da súa posición na entidade local para obter vantaxes persoais ou materiais, sen que en ningún caso poidan invocar nin facer uso da súa condición no exercicio de calquera actividade mercantil, industrial ou profesional propia ou de terceiras persoas, relacionada coa entidade local a que pertenzan.

Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Artigo engadido: Artigo 230 bis engadido por disposición adicional oitava.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Capítulo IV Do persoal ó servicio das entidades locais

Sección 1.ª Disposicións xerais e comúns

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 231 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 232 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 233 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 234 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 235 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 236 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 237 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Sección 2.ª Dos funcionarios con habilitación de carácter nacional

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 238 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 239 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 240 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 241 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Sección 3.ª Dos demais funcionarios de carreira

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 242 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 243 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 244 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 245 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 246 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 247 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 248 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Sección 4.ª Persoal laboral e eventual

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 249 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo derrogado: Artigo 250 derrogado por disposición derrogatoria primeira apartado 1.e)

Capítulo V Da información e participación cidadá

Artigo 251

1. As entidades locais deberán facilita-la máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de tódolos cidadáns na vida local.

2. As formas, os medios e os procedementos de participación que as entidades locais establezan no exercicio da súa potestade de autoorganización non poderán, en ningún caso, diminuí-las facultades de decisión que lles correspondan ós seus órganos representativos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Sen menoscabo da capacidade de decisión de cada un dos órganos nos que se estructuran os municipios, poderanse complementar, estimular e facilitar outros mecanismos de participación cidadá na vida pública e de colaboración na toma de decisións por parte do Concello.

Sección 1.ª Da información ós cidadáns

Artigo 252

1. A Corporación, por acordo do Pleno, determinará os medios precisos para darlles publicidade ós acordos adoptados e ás convocatorias dos órganos dos que as sesións sexan públicas, co obxecto de garanti-lo dereito dos cidadáns á máis ampla información sobre as actividades da entidade local.

En todo caso as convocatorias das sesións plenarias remitiránselles ós medios informativos.

2. Tódolos cidadáns teñen dereito a:

a) Coñeceren, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e obteren copias de documentos contidos neles.

b) Identificaren as autoridades e o persoal ó servicio das corporacións locais que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.

c) Obteren copia selada dos documentos que presenten, proporcionándoa xunto cos orixinais, así como a devolución destes, agás cando os orixinais deban constar no procedemento.

d) Utilizaren o idioma galego nas súas relacións coas corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Formularen alegacións e proporcionaren documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados, anterior ó tramite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ó redacta-la proposta de resolución.

f) Obteren información e orientación no tocante ós requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles impoñan ós proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

g) Accederen ós rexistros e arquivos das corporacións locais nos termos previstos na Constitución e nesta ou noutras leis.

h) Seren tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

i) Obteren copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e os seus antecedentes.

j) Esixiren responsabilidades das corporacións locais.

k) Exerceren calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.

Artigo 252 bis

1. As entidades locais deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitaren a participación e a comunicación cos veciños, así como cos residentes noutros estados da Unión Europea, co fin de aseguraren a presentación de documentos e a realización de trámites administrativos, no concernente a actividades profesionais e empresariais.

As deputacións provinciais e a Xunta de Galicia colaborarán cos concellos que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan desenvolver cos seus propios medios o deber establecido neste punto.

2. Cando se trate de procedementos e trámites para o acceso e o exercicio dunha actividade de servizos, incluída no ámbito de aplicación da Lei de transposición da Directiva 2006/123 /CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, concernente ao libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, os prestadores poderanos realizar por medio dun portelo único, conectado co autonómico e o estatal, por vía electrónica e a distancia, salvo que se trate da inspección do lugar ou do equipamento que se utilice na prestación do servizo.

Así mesmo, as entidades locais garantirán que os prestadores de servizos poidan, a través do portelo único, obter toda a información e os formularios relevantes para o acceso e o exercicio da súa actividade e mais coñecer as resolucións e o resto de comunicacións das autoridades competentes en relación coas súas solicitudes.

3. As entidades locais coordinaranse coas restantes administracións públicas para a normalización dos formularios precisos para o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio.

Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Artigo engadido: Artigo 252 bis engadido por artigo 1 apartado un.

Sección 2.ª Participación cidadá

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 253

1. As sesións do Pleno das corporacións locais serán públicas. Nembargantes, poderán ser secretos o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afecta-lo dereito fundamental dos cidadáns ó que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así sexa acordado por maioría absoluta. Non serán públicas, sen embargo, as sesións das comisións de goberno.

Serán tamén públicas as sesións dos órganos de participación.

2. As sesións dos demais órganos de goberno serán secretas, agás que sexa disposto o contrario por acordo do Pleno.

3. Cando algunhas das asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños desexen efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día no que interviñeron na súa tramitación administrativa como interesados, deberán solicitarllo ó alcalde antes de comeza-la sesión. Coa autorización deste e a través dun único representante, poderán expoñe-lo seu parecer durante o tempo que sinale o alcalde, sempre con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

4. Terminada a sesión do Pleno, o alcalde poderá establecer unha rolda de rogos e preguntas co público asistente e sobre temas concretos de interese municipal. Correspóndelle ó alcalde ordenar e pechar esta rolda.

Artigo 254

1. Os cidadáns poderán exerce-lo dereito de pedimento perante as autoridades locais solicitando a adopción de actos ou acordos en materias da súa competencia. Do seu exercicio non poderá derivar prexuízo ningún ó peticionario, agás que incorra en delicto ou falta.

2. No escrito no que se deduza o pedimento, asinado polo peticionario, deberá consta-lo seu nome e domicilio e deberá dirixírselle ó alcalde ou presidente da entidade local de que se trate.

3. A autoridade á que se lle dirixa o pedimento estará obrigada a acusa-la recepción del.

4. Se o pedimento se estimase fundado, adoptaranse as medidas oportunas co fin de logra-la súa plena efectividade. En calquera caso deberá comunicárselle ó interesado a resolución que se adopte.

Sección 3.ª Asociacións de veciños

Artigo 255

1. Os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. As asociacións constituídas con esta finalidade terán a consideración de entidades de participación cidadá.

3. A Xunta de Galicia levará un rexistro xeral de asociacións no que se inscribirán tódalas existentes na Comunidade Autónoma galega, cos datos que regulamentariamente se establezan. Os municipios establecerán un rexistro propio.

4. En relación co Concello terán dereito a:

a) Recibiren información directa sobre os asuntos que sexan do seu interese.

b) Faceren propostas sobre os asuntos que afecten os intereses dos seus representados no ámbito da competencia municipal.

c) Formaren parte dos órganos de participación municipal.

d) Interviren nas sesións dos órganos do Concello cando sexan requiridas e autorizadas.

5. A asignación de medios e a distribución de axudas, se é o caso, efectuaranse con criterios obxectivos, de acordo coa representatividade das asociacións.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de réxime local, prestarálle-la debida asistencia e axuda.

Artigo 256

As asociacións de veciños poderán federarse dentro de cada concello e a relación con elas exerceraa o alcalde ou o concelleiro delegado.

Sección 4.ª Consultas populares

Artigo 257

1. Os alcaldes, logo do acordo do Pleno por maioría absoluta, poderán someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial importancia para os intereses dos veciños, agás os relativos ás facendas locais.

2. Determinaranse regulamentariamente os requisitos e as condicións para exercer este dereito e a realización da consulta axustarase ás disposicións xerais e ó procedemento establecido pola lexislación do Estado en materia de referendo.

3. O procedemento que se regule para o efecto adecuarase ás seguintes regras:

a) A Corporación local remitiralle á Xunta de Galicia unha copia literal do acordo adoptado polo Pleno do Concello, precisando os termos exactos da consulta.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) O Consello da Xunta de Galicia enviaralle a solicitude municipal ó Goberno do Estado, á que se lle achegará, se é o caso, un informe sobre a conveniencia de efectua-la consulta, de conformidade co interese xeral de Galicia.

c) Corresponderalle ó Goberno do Estado autoriza-la consulta.

d) Concedida a autorización, se é o caso, e de conformidade coa resolución municipal, o Consello da Xunta de Galicia convocará a consulta popular mediante decreto.

O devandito decreto conterá o texto íntegro da disposición ou decisión obxecto da consulta, sinalará claramente a pregunta ou as preguntas que deba responde-lo corpo electoral convocado e determinará a data en que deba facerse a consulta, a cal quedará incluída entre os trinta e os sesenta días posteriores á data de publicación do decreto.

O decreto publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia correspondente. Ademais, anunciarase nun dos xornais de maior difusión da Comunidade Autónoma e será fixado polo respectivo Concello no seu taboleiro de anuncios.

Capítulo VI Dos símbolos das entidades locais

Artigo 258

As entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modifica-los xa existentes ou rehabilita-los que historicamente empregasen. Basearanse en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio, conforme as normas de heráldica.

Artigo 259

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar escudo heráldico ou bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo daqueles que foron aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias nesta materia en favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 260

1. A Comisión de Heráldica, adscrita á Consellería competente en materia de réxime local, constitúese no órgano consultivo da Xunta de Galicia e corresponderalle emitir informe vinculante nos procedementos de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos ou de bandeiras das entidades locais galegas.

2. A Comisión de Heráldica estará facultada para elaborar, sen cargo ningún para a entidade local interesada, as correspondentes propostas para a aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e de bandeiras.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Tamén poderá asesorar, en materia da súa competencia, os órganos dependentes da Xunta de Galicia, así como todas aquelas corporacións locais e entidades públicas ou privadas que soliciten o seu dictame.

Artigo 261

A Comisión de Heráldica estará presidida polo director xeral con competencia en materia de réxime local e integrada por un vicepresidente e cinco vocais, catro deles designados polo conselleiro competente en materia de réxime local e o quinto pola asociación de municipios e provincias máis representativa e con maior implantación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Será oída, en todo caso, a Corporación local interesada.

Artigo 262

As entidades locais que desexen aprobar, modificar ou rehabilita-lo seu escudo heráldico ou bandeira seguirán o procedemento que regulamentariamente se estableza.

Título VII Bens, actividades e servicios e contratación

Capítulo I Bens das entidades locais

Sección 1.ª Disposicións comúns

Artigo 263

1. O patrimonio das entidades locais de Galicia estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertenzan por calquera título.

2. Os bens das entidades locais clasificaranse en bens de dominio público, bens comunais e bens patrimoniais ou de propios.

a) Son bens de dominio público os destinados ó uso ou servicios públicos.

b) Son bens comunais aqueles dos que lle corresponda o seu aproveitamento a unha comunidade de veciños pola normativa legal. Seralles aplicable o réxime xurídico que determine a lei ou, no seu defecto, o establecido para os bens de dominio público.

c) Son bens patrimoniais os de titularidade das entidades locais que non teñen o carácter de bens de dominio público ou comunal.

Artigo 264

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Son bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Artigo 265

Son bens de servicio público os destinados directamente ó cumprimento de fins públicos de responsabilidade das entidades locais, tales como casas do Concello, pazos provinciais e, en xeral, edificios que sexan sede delas, matadoiros, mercados, lonxas, hospitais, hospicios, museos, montes catalogados, escolas, cemiterios, elementos de transporte, piscinas e campos de deporte e, en xeral, calquera outro ben directamente destinado á prestación de servicios públicos ou administrativos.

Artigo 266

Os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles e non están suxeitos a ningún tributo.

Artigo 267

1. Son bens patrimoniais ou de propios os que sendo propiedade da entidade local non estean destinados ó uso público nin afectados a ningún servicio público e poidan constituír fontes de ingresos para o erario da entidade.

2. Os bens patrimoniais réxense pola súa lexislación específica e, se non, polas normas de dereito privado.

Artigo 268

1. Clasifícanse como bens patrimoniais, entre outros, as parcelas sobrantes e os efectos non utilizables.

2. Conceptuaranse como parcelas sobrantes aquelas porcións de terreo propiedade das entidades locais que pola reducida extensión, forma irregular ou localización non fosen susceptibles de uso axeitado.

Para declarar un terreo parcela sobrante requírese expediente de cualificación xurídica, na forma establecida no seguinte artigo.

3. Considéranse efectos non utilizables todos aqueles bens que pola súa deterioración, depreciación ou deficiente estado de conservación resultasen inaplicables ós servicios municipais ou ó normal aproveitamento, atendida a súa natureza ou destino, aínda que aqueles non fosen dados de baixa no inventario.

Artigo 269

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.

O expediente terá que ser resolto polo Pleno logo de información pública polo prazo dun mes, mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros del.

2. En calquera caso, a incorporación ó patrimonio da entidade local dos bens desafectados, mesmo cando procedan de deslinde de dominio público, non se entenderá efectuada ata a recepción formal polo órgano competente da Corporación dos bens de que se trate, e en tanto esta non teña lugar seguirán tendo aqueles o carácter de dominio público.

3. Non obstante, a alteración prodúcese automaticamente nos seguintes supostos:

a) Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servicios.

b) Adscrición de bens patrimoniais por máis de vintecinco anos a un uso ou servicio público ou comunal.

c) Adquisición por usucapión pola entidade, de acordo co dereito civil, do dominio dunha cousa que viñese estando destinada a un uso ou servicio comunal.

Sección 2.ª Da adquisición e do alleamento dos seus bens polas entidades locais

Artigo 270

1. As entidades locais terán capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de tódalas clases e exercita-las accións e os recursos procedentes en defensa do seu patrimonio.

2. As entidades locais teñen a obriga de exerce-las accións que cumpran para a defensa dos seus bens e dereitos.

Artigo 271

As corporacións locais poden adquirir bens e dereitos:

a) Por atribución da lei.

b) A título oneroso por exercicio ou non da facultade de expropiación.

c) Por herdanza, legado ou doazón.

d) Por prescrición.

e) Por ocupación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

f) Por calquera outro modo lexítimo conforme o ordenamento xurídico.

Artigo 272

1. A adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento dos requisitos previstos na normativa reguladora da contratación. Tratándose de bens inmobles esixirase, ademais, informe previo pericial, e sendo bens de valor histórico ou artístico requirirase o informe do órgano autonómico competente, sempre que o seu importe exceda do un por cento dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para o procedemento negociado en materia de abastecementos.

2. As adquisicións de bens derivadas de expropiacións forzosas rexeranse pola súa normativa específica.

Artigo 273

1. A adquisición de bens a título gratuíto non estará suxeita a restricción ningunha.

Non obstante, se a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens logo de expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.

2. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario.

Artigo 274

Se os bens se adquiren baixo a condición ou modalidade da súa afectación permanente a determinados destinos, entenderase esta cumprida e consumada cando durante trinta anos servise a aquel e aínda que despois deixase de estalo por circunstancias sobrevidas de interese público.

Artigo 275

1. As entidades locais prescribirán ó seu favor de acordo coas leis comúns, sen prexuízo do establecido en disposicións especiais.

2. Os particulares poderán prescribir ó seu favor os bens patrimoniais das entidades locais de acordo coas leis comúns.

3. A ocupación de bens mobles polas entidades locais regularase polo establecido no Código civil e nas leis especiais.

Artigo 276

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Todo alleamento, gravame ou permuta de bens inmobles terá que comunicárselle ó órgano competente da Comunidade Autónoma. Se o valor excedese do vintecinco por cento dos recursos ordinarios do orzamento anual da Corporación, requirirá, ademais, autorización daquel.

2. Os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente a non ser a entidades ou institucións públicas e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como a institucións ou asociacións privadas de interese público sen ánimo de lucro.

Artigo 277

1. Os alleamentos de bens patrimoniais realizaranse por poxa pública, agás no caso de alleamento mediante permuta con outros bens de carácter inmoble. Nos expedientes deberán figura-los correspondentes informes técnicos relativos ó valor dos bens que se van allear.

2. Cando se trate de alleamentos ou gravames que se refiran a monumentos, edificios ou obxectos de índole artística ou histórica, cumprirá o informe previo do órgano autonómico competente de acordo coa lexislación sobre patrimonio histórico e artístico.

3. En ningún caso poderá procederse ó alleamento de bens patrimoniais para financiar gastos correntes, agás que se trate de parcelas sobrantes de vías públicas non edificables ou de bens non utilizables en servicios locais.

Artigo 278

As entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de tódolos bens e dereitos que lles pertenzan, así como tamén dos bens pertencentes ós organismos autónomos que dependan delas. Deste inventario remitiráselle copia ó órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma e rectificarase anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

Artigo 279

As entidades locais deberán inscribir no Rexistro da Propiedade os seus bens inmobles e dereitos reais, abondando para tal efecto a certificación que, con relación ó inventario aprobado pola respectiva Corporación, expida o secretario, co visto e prace do alcalde ou presidente.

Sección 3.ª Das potestades e prerrogativas das entidades locais respecto dos seus bens

Artigo 280

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Correspóndenlles ás entidades locais de carácter territorial as seguintes potestades en relación cos seus bens:

a) A potestade de investigación.

b) A potestade de deslinde.

c) A potestade de recuperación de oficio.

d) A potestade de desafiuzamento administrativo.

2. Para defende-lo seu patrimonio e para asegura-lo axeitado emprego del, as corporacións locais tamén poderán establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Artigo 281

As corporacións locais teñen a facultade de investiga-la situación dos bens e dereitos que se supoñan da súa propiedade, sempre que esta non conste, coa finalidade de determina-la titularidade daqueles.

Artigo 282

1. As corporacións locais terán a facultade de promover e executa-lo deslinde entre os bens da súa pertenza e os dos particulares, cando os límites aparecesen imprecisos ou sobre os que existisen indicios de usurpación.

2. Os propietarios dos terreos lindeiros con predios pertencentes ás entidades locais ou que estivesen enclavados dentro daqueles poderán reclama-lo seu deslinde.

Artigo 283

1. As corporacións locais poderán recobrar por si a posesión dos seus bens de dominio público en calquera tempo.

Cando se trate de bens patrimoniais, o prazo para recobralos será dun ano, que comezará a contar desde o día seguinte á data na que se producise a usurpación, e, transcorrido ese tempo, procederá a acción correspondente perante os tribunais ordinarios.

2. Non se admitirán interdictos contra as actuacións dos axentes da autoridade nesta materia.

Artigo 284

1. As corporacións locais poderán executar en vía administrativa a investigación, o deslinde e a reivindicación dos bens sitos fóra do termo da súa xurisdicción mediante exhorto á

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

entidade do territorio no que radiquen, para que, pola súa mediación, se desenvolvan os actos correspondentes.

2. As entidades locais terán plena capacidade para exercer todo tipo de accións e recursos en defensa dos seu dereitos e patrimonio.

Artigo 285

As corporacións locais non poderán ceder ás demandas xudiciais que afectasen o dominio e os demais dereitos reais integrantes do seu patrimonio.

Capítulo II Actividades e servicios

Sección 1.ª Actividades

Artigo 286

1. As entidades locais poderán intervir na actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

a) Ordenanzas e bandos.

b) Sometemento á licenza previa e a outros actos de control preventivo. Non obstante, cando se trate do acceso e do exercicio de actividades de servizos incluídas no ámbito de aplicación da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, e das súas normas de transposición, haberá que aterse ao disposto nela.

c) Sometemento á comunicación previa ou á declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

d) Sometemento ao control posterior ao inicio da actividade, para os efectos de verificar o cumprimento da normativa que regula esta.

e) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou para a súa prohibición.

2. A actividade de intervención das entidades locais axustarase, en todo caso, aos principios de non-discriminación, necesidade e proporcionalidade co obxectivo que se persegue.

3. As licenzas ou as autorizacións outorgadas por outras administracións públicas non eximen os seus titulares de obteren as correspondentes licenzas das entidades locais. En todo caso, respectarase o disposto nas correspondentes leis sectoriais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Artigo modificado: Artigo 286 modificado por artigo 1 apartado dous.

Artigo 287

1. As ordenanzas e os bandos non poderán conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico.

As ordenanzas poderán tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado polas leis sectoriais.

2. Corresponderalle ó presidente da Corporación o exercicio da potestade sancionadora, a non ser que a lei llo atribúa a outro órgano da Corporación.

Artigo 288

1. As licencias e os demais actos de control producirán efectos entre a entidade local e o suxeito da actividade á que se refiran e entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Non poderán ser invocadas para excluír ou diminuí-la responsabilidade na que incorran os beneficiarios no exercicio da actividade.

2. As licencias quedarán sen efecto se se incumpren as condicións impostas ó beneficiario e cando remate o prazo polo que foron outorgadas.

Poderán ser revogadas as licencias cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou sobreviñesen outras que, de existiren no momento da concesión, xustificarían a súa denegación.

As licencias poderán ser anuladas, así mesmo, cando resulten outorgadas erroneamente e revogadas cando se adopten novos criterios de apreciación. Nestes casos, a anulación e revogación comportará o resarcimento dos danos e perdas efectivamente ocasionados.

3. Serán transmisibles, logo da comunicación á entidade local, as licencias outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, haberá que aterse ó disposto na súa normativa específica e, no seu defecto, ó que se prevexa no acto de outorgamento.

Non serán transmisibles as licencias no caso de que o seu número de outorgamento sexa limitado.

Artigo 289

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A infracción das disposicións xerais e o incumprimento das obrigas establecidas mediante actos singulares de intervención determinarán a imposición da sanción.

A contía da sanción non poderá excede-los límites establecidos na normativa sobre facendas locais, a non ser nos casos en que as leis sectoriais establezan un réxime sancionador específico que determine unha contía superior.

Artigo 290

Terán a consideración de obras locais tódalas de nova planta, reforma, reparación ou mantemento que executen as entidades locais, tanto cos seus propios fondos coma con auxilio doutras entidades públicas ou particulares, para a realización de servicios da súa competencia.

As obras municipais poderán ser de urbanización ou ordinarias. As primeiras réxense pola lexislación urbanística.

Artigo 291

Todo proxecto de obra deberá constar de planos, orzamento de realización e memoria na que se inclúa a relación detallada e a valoración aproximada dos terreos e das construccións que teñen que ocuparse e, se é o caso, expropiarse, así como as condicións económicas e facultativas, que poderán ser ampliadas con anterioridade ó anuncio de poxa ou concurso.

Artigo 292

Estimaranse expropiables os edificios respecto dos cales o municipio adquirise compromiso firme de cederllos no momento oportuno ó Estado, á Comunidade Autónoma, á provincia ou a unha entidade pública, para destinalos a fins que redunden en prol dos intereses da comunidade municipal. A cesión terá que ser autorizada, se é o caso, polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

Artigo 293

As obras comprendidas nos plans de obras e servicios locais, incluídos os plans provinciais de cooperación, levarán anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos para os efectos da súa expropiación forzosa.

Artigo 294

1. A actividade de fomento exercerase de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria.

2. As corporacións locais poderán concederlles subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza a entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servicios ou as actividades destes complementen ou substitúan os atribuídos á competencia local.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os plans sectoriais de coordinación.

3. As corporacións locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista.

Sección 2.ª Servicios

Artigo 295

1. Son servicios públicos locais cantos tendan á consecución dos fins sinalados como de competencia das entidades locais.

2. Os servicios públicos locais poderán xestionarse de forma directa ou indirecta; en ningún caso poderán prestarse por xestión indirecta os servicios públicos que impliquen exercicio de autoridade.

3. A xestión directa adoptará algunha das seguintes formas:

a) Xestión pola propia entidade local, a través dos seus órganos ordinarios ou mediante órgano especial de administración.

b) Organismo autónomo local.

c) Sociedade mercantil na que o capital social pertenza integramente á entidade local.

4. A xestión indirecta adoptará algunha das seguintes formas:

a) Concesión.

b) Xestión interesada.

c) Concerto.

d) Arrendamento.

e) Sociedade de economía mixta na que participe a Administración, por si ou por medio dunha entidade pública, en concorrencia con persoas naturais ou xurídicas.

Poden xestionarse indirectamente os servicios de contido económico que os faga susceptibles de explotación por empresarios particulares.

Artigo 296

1. Os servicios esenciais que lles fosen reservados pola lei ás entidades locais poderán prestarse en réxime de libre concorrencia ou en réxime de monopolio.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. A prestación do servicio en réxime de libre concorrencia necesitará da aprobación definitiva do Pleno. A prestación en réxime de monopolio requirirá, ademais, a aprobación da Xunta de Galicia.

3. Para o exercicio dos servicios esenciais reservados poderá empregarse calquera das formas de xestión establecidas pola lei.

Artigo 297

1. As entidades locais terán plena potestade para constituír, organizar, modificar e suprimi-los servicios da súa competencia, de conformidade co establecido pola lexislación de réxime local e por outras disposicións aplicables.

2. As entidades locais acordarán de forma expresa a creación dun servicio público local e procederán, se é o caso, á súa regulamentación antes de empezar a prestalo. Así mesmo, determinarán as modalidades de prestación e o réxime estatutario dos usuarios.

3. As entidades locais poderán constituír consorcios locais con outras administracións públicas para fins de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas. O procedemento para a constitución dos consorcios locais será o regulado polos artigos 149 e seguintes desta lei.

Artigo 298

1. No acceso ós servicios públicos e na utilización deles respectarase o principio de igualdade en relación con todas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos pola regulamentación do servicio.

2. Se as características ou a natureza do servicio o permiten, as entidades locais establecerán as técnicas de participación dos usuarios na prestación dos servicios públicos, coa finalidade de garanti-lo seu axeitado funcionamento e a súa mellora.

Artigo 299

A xestión indirecta, nas súas distintas formas, non poderá ser outorgada por tempo indefinido, debendo fixarse o tempo do convenio de acordo coas características do servicio, sen que en ningún caso exceda do prazo total de cincuenta anos, incluídas as prórrogas.

Nos casos de arrendamento, concesión e empresa mixta, reverterán ó patrimonio local, ó remate do convenio, os bens, as instalacións e o material afectados ó servicio, en condicións normais de uso.

Artigo 300

Na xestión directa pola entidade local, esta asumirá, en exclusiva, o seu propio risco e exercerá os poderes de decisión e xestión a través dos seus órganos ordinarios ou mediante

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

órgano especial instituído para tal efecto. En ámbolos dous casos os medios persoais e materiais do servicio adscribiranse e integraranse no orzamento da entidade local.

Artigo 301

1. Os organismos autónomos para a xestión directa son entidades de dereito público, con personalidade xurídica pública e patrimonio propio, creadas polas corporacións locais para a xestión descentralizada dos seus intereses.

2. Réxense polo seu propio estatuto, aprobado pola entidade local, que determinará os fins que se lles asignen e os bens e recursos económicos afectados ó seu cumprimento, a organización xeral e réxime de funcionamento e o sistema de designación dos órganos e persoal directivo, así como as facultades de tutela que aquela se reserve.

3. Os organismos autónomos elaborarán un orzamento adaptado á estructura dos orzamentos das entidades locais, que se integrará no xeral da Corporación local da que dependan.

4. Nos procedementos de contratación e de selección de persoal os organismos autónomos procurarán adapta-los seus procedementos ós aplicados na entidade local. En particular, na contratación, garantirán os principios de publicidade e libre concorrencia, igualdade e non discriminación, e na selección de persoal, os de equidade, publicidade, mérito e capacidade.

Artigo 302

1. As sociedades mercantís con capital social achegado exclusiva ou maioritariamente pola entidade local adoptarán unha das formas de responsabilidade limitada.

2. Na escritura de constitución dunha sociedade constará o capital achegado pola entidade local, a forma de constituí-lo Consello de Administración e a determinación dos que teñan dereito a emitir voto en representación do capital social.

3. Nas sociedades mercantís nas que o seu capital pertenza integramente á entidade local a Corporación asumirá as funcións da Xunta Xeral.

4. O persoal da sociedade non adquirirá en ningún caso a condición de funcionario. O procedemento de selección respectará os principios de publicidade, mérito e capacidade.

5. As sociedades mercantís locais elaborarán un estado de previsión de gastos e ingresos que se integrará no orzamento xeral da entidade. Tamén elaborarán un programa de actuación, investimentos e financiamento que se unirá, como anexo, ó citado orzamento xeral.

Artigo 303

Na concesión administrativa, a entidade local encoméndalle a un particular ou entidade o establecemento, ó seu cargo, dun servicio público, mediante a realización das obras e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

instalacións precisas, e a súa ulterior xestión, ou soamente a prestación de servicio, cando non requira obras ou instalacións permanentes ou estivesen xa establecidas.

A xestión do servicio polo concesionario será feita ó seu risco e ventura.

A retribución do concesionario será a establecida no acordo de concesión, podendo incluírse nela a concesión de taxas, prezos de servicio, contribucións especiais ou outras achegas.

Artigo 304

Mediante a xestión interesada, o particular ou empresario presta o servicio e a entidade local asume en exclusiva o resultado da explotación ou compárteo co xestor na proporción establecida no contrato.

Corresponderalle á entidade local a recepción das tarifas devengadas polos usuarios. Os gastos de explotación distribuiranse entre o xestor e a entidade local na proporción pactada no contrato.

A remuneración que o xestor perciba da Administración poderá consistir, conxunta ou illadamente, nunha asignación fixa ou proporcional ós gastos ou ós beneficios da explotación.

Así mesmo, poderase estipular un beneficio mínimo en favor de calquera das partes asociadas atendendo os resultados da explotación.

Artigo 305

As corporacións locais poderán concerta-la prestación de servicios con outros entes públicos ou privados e con particulares, empregando os que estes teñan establecidos mediante o pagamento dun prezo alzado predeterminado e inalterable pola totalidade do servicio, por unidades ou actos.

A entidade local poderá repercutir nos usuarios o custo dos servicios concertados.

Artigo 306

A prestación dos servicios nos que as instalacións pertenzan ás entidades locais poderá ser obxecto de arrendamento por canon fixo anual.

Corresponderalle ó arrendatario a percepción das contribucións dos usuarios e serán do seu cargo os gastos de explotación e as reparacións que cumpran para o bo funcionamento do servicio.

Artigo 307

Sen prexuízo do establecido nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan, as sociedades mercantís con participación exclusiva ou parcial das entidades locais rexeranse pola normativa civil, mercantil ou laboral que lles sexa aplicable.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 308

1. Nos casos de xestión indirecta mediante sociedade mercantil con responsabilidade limitada, ou cooperativa, a contribución da entidade local poderá ser minoritaria, sen que en ningún caso sexa inferior ó tercio do capital social, e poderá consistir na concesión ou outra clase de bens e dereitos que terán a consideración de patrimoniais e numerarios. O capital social será desembolsado completamente no momento da constitución ou da ampliación de capital.

2. Os estatutos sociais delimitarán o carácter de empresa mixta en canto órgano xestor dun servicio público ou dunha actividade económica e, en especial, determinarán as facultades reservadas ó ente público ou ós seus representantes nos órganos directivos da sociedade e as causas de disolución destes. A responsabilidade da entidade local polas obrigas sociais limitarase á súa contribución ó capital social.

3. A xestión da sociedade será compartida pola Corporación local e polos particulares en proporción á participación respectiva no capital social. Non obstante requirirase a conformidade da entidade local para a modificación do acto de constitución ou dos estatutos da sociedade, a concertación de operacións de crédito e a aprobación das contas e dos balances.

Artigo 309

1. O exercicio polas entidades locais de actividades económicas requirirá un expediente previo no que se acreditará a conveniencia e oportunidade da iniciativa pública.

2. Para adopta-la iniciativa cumprirá:

a) O acordo inicial da Corporación, logo da designación dunha comisión de estudio composta por membros dela e por persoal técnico.

b) Unha memoria redactada pola comisión, relativa ós aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade económica de que se trate, na que se deberá determina-la forma de xestión, entre as previstas pola lei, e os casos en que debe cesa-la prestación da actividade.

c) A toma en consideración da memoria polo Pleno e a exposición ó público por un período de trinta días como mínimo, durante o cal poderán presentarse reclamacións ou alegacións.

d) A aprobación final polo Pleno da entidade local.

Capítulo III Contratación

Sección 1.ª Disposicións xerais

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 310

As entidades locais poderán concerta-los contratos, pactos ou condicións que consideren adecuados sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e cumpriranos de conformidade co seu contido, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, se é o caso, pola lexislación básica ou pola lexislación da Comunidade Autónoma en favor das mencionadas entidades.

Artigo 311

1. Os contratos que asinen as entidades locais terán carácter administrativo ou carácter privado.

2. Os contratos administrativos poderán ser ordinarios ou especiais:

a) Son ordinarios aqueles dos que o seu obxecto directo, conxunta ou separadamente, sexa a execución de obras, a xestión de servicios públicos e a realización de abastecementos, os de consultoría e asistencia ou de servicios e os que se asinen excepcionalmente con persoas físicas para a realización de traballos específicos e concretos non habituais.

b) Son especiais os de obxecto distinto ós anteriormente expresados pero que teñan natureza administrativa especial por resultar vinculados ó xiro ou tráfico específico das corporacións locais, por satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquelas ou por declaralo así unha lei.

3. Os restantes contratos asinados polas corporacións locais terán a consideración de contratos privados, e, en particular, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables.

4. Cando un contrato administrativo conteña prestacións correspondentes a outro ou outros contratos administrativos de distinta clase, atenderase, para a súa clasificación e aplicación das normas que o regulen, o carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

Artigo 312

1. Os contratos administrativos rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polas leis de contratos das administracións públicas e polas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Non obstante, os contratos administrativos especiais, ós que se refire o apartado 2, letra b), do artigo 311 desta lei, rexeranse polas súas propias normas con carácter preferente.

2. Os contratos privados das administracións públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, polas leis de contratos das administracións públicas e polas súas disposicións de desenvolvemento, e, en canto ós

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado. Os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables rexeranse pola lexislación patrimonial das administracións públicas aplicable a cada caso.

Artigo 313

1. Os contratos das entidades locais axustaranse ós principios de publicidade e concorrencia, agás as excepcións establecidas pola Lei de contratos das administracións públicas, e, en todo caso, ós de igualdade e non discriminación.

2. Son requisitos necesarios para a subscrición dos contratos administrativos, a non ser que expresamente se dispoña outra cousa nesta lei e na Lei de contratos das administracións públicas, os seguintes:

a) A competencia do órgano de contratación.

b) A capacidade do contratista adxudicatario.

c) A determinación do obxecto do contrato.

d) A fixación do prezo.

e) A existencia de crédito adecuado e suficiente, se do contrato derivan obrigas de contido económico para a entidade local.

f) A tramitación do expediente, ó que se incorporarán os pregos nos que a entidade local establecerá as cláusulas que han de rexe-lo contrato que se vai realizar e o importe do orzamento do gasto.

g) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico.

h) A aprobación do gasto polo órgano competente.

i) A formalización do contrato.

Artigo 314

1. A competencia dos órganos das entidades locais en materia de contratación rexerase polas seguintes regras:

a) Será competencia do presidente a contratación de obras, servicios e abastecementos sempre que a súa contía non exceda do cinco por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento nin do cincuenta por cento do límite xeral aplicable ó procedemento negociado.

b) Será competencia do Pleno a contratación das obras, dos servicios e dos abastecementos non incluídos no parágrafo anterior.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. A competencia para subscribi-lo contrato comportará a facultade de aproba-lo proxecto, o prego de cláusulas administrativas, o prego de prescricións técnicas, o expediente de contratación e o gasto, a facultade de adxudica-lo contrato e tódalas demais facultades que a lexislación lle atribúa ó órgano de contratación.

3. O Pleno poderá delega-las facultades de contratación na Comisión de Goberno coas seguintes condicións:

a) O acordo de delegación determinará se se refire a tódalas facultades de contratación ou non.

b) Para o procedemento negociado fixarase previamente, por acto xeral ou regulamentariamente, a contía máxima da delegación.

c) Non poderán ser obxecto de delegación as facultades de contratación cando por lei se esixa unha maioría cualificada para o establecemento do contrato.

Artigo 315

Estarán facultadas para contratar coas entidades locais as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean comprendidas en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade determinados pola lexislación básica estatal e polas normas que a desenvolven e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Este último requisito será substituído pola correspondente clasificación nos casos en que, de acordo coa lexislación básica estatal, sexa esixible.

Artigo 316

1. O obxecto do contrato deberá ser determinado e xustificarase no expediente de contratación a súa necesidade para os fins do servicio público correspondente.

2. Os contratos terán sempre un prezo certo, expresado en moeda nacional, que se lle aboará ó contratista en función da prestación realmente efectuada e de acordo co convido.

Sección 2.ª Das actuacións relativas á contratación

Artigo 317

1. As entidades locais poderán aprobar, logo do dictame do Consello Consultivo de Galicia, pregos de cláusulas administrativas xerais. Estes pregos conterán as determinacións xurídicas, económicas e administrativas típicas que se lles aplicarán a tódolos contratos de obxecto análogo e as determinacións esixidas pola lexislación aplicable á contratación local.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Os pregos de cláusulas administrativas xerais referiranse necesariamente ós seguintes aspectos:

a) A execución do contrato e as incidencias del.

b) Os dereitos e obrigas das partes e o réxime económico.

c) As modificacións do contrato, con indicación dos supostos e límites.

d) As causas de resolución do contrato.

e) A conclusión do contrato, as recepcións e o prazo de garantía e a liquidación.

Artigo 318

1. As entidades locais aprobarán, previa ou conxuntamente coa autorización do gasto e sempre antes da perfección e, se é o caso, da licitación do contrato, os pregos de cláusulas administrativas particulares, que incluirán os pactos e as condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán as partes contratantes.

2. A aprobación dos devanditos pregos corresponderalle ó órgano de contratación competente e requirirá informe previo do secretario e do interventor da Corporación.

3. O órgano de contratación competente poderá, así mesmo, establecer modelos tipo de pregos particulares de xeral aplicación ós contratos de natureza análoga.

4. Os contratos axustaranse ó contido dos pregos particulares e as súas cláusulas consideraranse parte integrante dos respectivos contratos.

5. As entidades locais facilitaránlle-las copias dos pregos ou das condicións dos contratos a tódolos interesados que o soliciten.

Artigo 319

Os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que teñan que rexe-la execución da prestación serán elaborados, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a lexislación estatal básica en materia de contratación, con anterioridade á autorización do gasto, correspondéndolle a súa aprobación ó órgano de contratación competente.

Artigo 320

Os contratos que concerten as entidades locais serán inválidos cando o sexa algún dos actos preparatorios ou o de adxudicación e cando concorra algunha das causas de dereito administrativo ou de dereito civil ás que se refiran os artigos 62 e seguintes da Lei de contratos das administracións públicas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 321

1. Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados pola lexislación básica en materia de contratación, o órgano competente para a contratación terá a prerrogativa de interpreta-los contratos administrativos e resolve-las dúbidas que presente o seu cumprimento. De igual xeito, por razóns de interese público, poderá modifica-los contratos subscritos e acorda-la súa resolución dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos establecidos legalmente.

As facultades outorgadas no parágrafo anterior serano sen prexuízo da audiencia preceptiva do contratista e das responsabilidades e indemnizacións que procedan.

2. Os acordos dictados polo órgano competente para interpretar, modificar e resolve-los contratos poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos. Antes de adoptalos será preceptivo o informe do secretario e do interventor da Corporación.

3. Malia o anterior, será preceptivo o dictame do Consello Consultivo de Galicia nos casos de:

a) Interpretación, nulidade e resolución, cando sexa formulada oposición por parte do contratista.

b) Modificacións, cando a contía delas, illada ou conxuntamente, sexa superior a un vinte por cento do prezo orixinal do contrato e este sexa igual ou superior a mil millóns de pesetas.

Artigo 322

1. Os expedientes de contratación poderán ser ordinarios, urxentes ou de emerxencia.

2. Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes de contratos cando a súa necesidade sexa inaprazable ou cumpra acelera-la súa adxudicación por razóns de interese público. Para tales efectos, o expediente deberá conte-la declaración de urxencia, feita polo órgano de contratación, que estará debidamente motivada. Os expedientes cualificados de urxentes seguirán o trámite abreviado establecido pola Lei de contratos das administracións públicas.

3. O Pleno e o presidente das entidades locais poderán exerce-las facultades excepcionais en materia de contratación que cumpran cando as entidades locais teñan que realizar obras, servicios, adquisicións ou abastecementos de emerxencia, por causa de acontecementos catastróficos, de situacións que comporten un grave perigo ou de necesidades que afecten directamente a seguridade pública. Se fose o presidente quen exercese a facultade, daralle conta disto ó Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.

Artigo 323

1. A adxudicación dos contratos poderá levarse a cabo por procedemento aberto, restrinxido ou negociado.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Tanto no procedemento aberto coma no restrinxido a adxudicación poderá efectuarse por concurso ou poxa.

A poxa versará sobre un tipo expresado en diñeiro, con adxudicación ó licitador que, sen exceder daquel, oferte o prezo máis baixo.

No concurso a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa, tendo en conta os criterios que fosen establecidos nos pregos, sen atender exclusivamente ó seu prezo e sen prexuízo do dereito da Corporación a declaralo deserto.

Artigo 324

1. Os órganos de contratación utilizarán, normalmente, a poxa e o concurso como formas de adxudicación. O procedemento negociado só procederá nos casos determinados pola Lei de contratos das administracións públicas para cada clase de contratos.

2. En calquera caso deberá xustificarse no expediente a elección do procedemento e da forma empregados.

Artigo 325

1. As entidades locais poderán executar directamente por administración as obras en que concorran algunha das circunstancias establecidas na Lei de contratos das administracións públicas, sen prexuízo das limitacións que regulamentariamente se establezan, atendidas as características da entidade e da obra que se vai realizar.

2. O procedemento de adxudicación dos traballos que van executar terceiros axustarase así mesmo á devandita lexislación nos supostos do apartado anterior.

Artigo 326

1. Tódolos procedementos para a adxudicación dos contratos, con excepción dos procedementos negociados, publicaranse no Boletín Oficial da provincia e no Diario Oficial de Galicia. Ademais, cando por razón da súa contía estean suxeitos a publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas, publicaranse no Boletín Oficial del Estado.

2. Nos procedementos abertos, o anuncio publicarase cunha antelación mínima de vinteseis días ó sinalado como último para a recepción das proposicións. Este prazo será de catorce días anteriores ó último para a recepción das solicitudes de participación nos procedementos restrinxidos e nos negociados con publicidade. Nos procedementos restrinxidos o prazo para a presentación de proposicións será de vinteseis días desde a data do envío da invitación escrita.

3. Nos anuncios expresaranse o prazo e as horas en que poidan presentarse as proposicións na Secretaría da Corporación, onde deberá estar á disposición dos futuros propoñentes o prego de condicións, o lugar, día e hora en que se reunirá a Mesa, o modelo de proposición, o extracto do prego de condicións e a garantía provisional esixible para tomar parte na poxa

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

ou no concurso, así como a definitiva que se deberá constituír no caso de adxudicación, para a garantía das obrigas que haxa que cumprir.

4. Igualmente, publicarase no Diario Oficial das Comunidades Europeas cando así proceda, por razón de contía e conforme se determine regulamentariamente, de acordo coas normas comunitarias vixentes na materia.

Artigo 327

O procedemento de adxudicación dos contratos polas entidades locais rexerase polas normas xerais ás que se refire a Lei de contratos das administracións públicas, ademais de polas seguintes regras:

1.ª) Será potestativa a constitución de xuntas de compras naquelas corporacións nas que a importancia dos abastecementos o xustifique. O acordo da constitución será adoptado polo Pleno, e determinará tamén a súa composición.

2.ª) Da Mesa de contratación será presidente o da Corporación ou o membro desta no que se faga delegación, e formarán parte da devandita Mesa o secretario e o interventor da Corporación e, se é o caso, os vocais que se determinen regulamentariamente.

3.ª) Os informes que a Lei de contratos das administracións públicas lles asignan ás asesorías xurídicas serán emitidos pola Secretaría da Corporación.

4.ª) Os actos de fiscalización serán exercidos polo interventor da entidade.

5.ª) O contrato será formalizado en escritura pública ou en documento administrativo, dando fe neste caso o secretario da Corporación.

6.ª) As garantías dos contratistas deberán depositarse na Caixa da Corporación contratante.

7.ª) Admitirase o aval bancario como medio de garantía para constituí-las fianzas definitivas dos contratistas.

Artigo 328

1. O obxecto dos contratos non poderá fraccionarse en partes ou grupos, a non ser que sexan susceptibles de emprego independente ou poidan ser substancialmente definidos, xustificándoo debidamente no expediente.

2. Nos contratos nos que o período de execución exceda o dun orzamento anual, poderán redactarse proxectos independentes relativos a cada unha das partes da obra, sempre que estas sexan susceptibles de emprego independente no sentido do uso xeral ou do servicio ou poidan ser substancialmente definidas e proceda autorización concedida polo Pleno da Corporación adoptada co voto favorable da maioría absoluta legal dos seus membros.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Título VIII Das facendas locais

Artigo 329

A Comunidade Autónoma galega regulará, mediante lei do Parlamento de Galicia, as facendas das entidades locais de Galicia no marco do establecido pola lexislación básica do Estado.

Artigo 330

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, de conformidade co artigo 49 do Estatuto de autonomía de Galicia, exerce-la tutela financeira sobre as entidades locais, respectándolle-la autonomía que lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución.

Artigo 331

1. Para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos fins que as entidades locais de Galicia teñen confiados estas serán dotadas de recursos suficientes.

2. As facendas das entidades locais galegas nutriranse dos tributos propios, da participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia e daqueloutros recursos que para tal efecto se prevexan, de conformidade e co alcance que se estableza na lei á que se refire o artigo 329 desta lei e, se é o caso, a lexislación xeral do Estado.

Artigo 332

1. A lei á que se refire o artigo 329 desta lei regulará un Fondo de Cooperación Local, e a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia fixará a contía anual do devandito fondo.

2. Este Fondo de Cooperación Local terá por obxecto compensa-los desequilibrios internos de Galicia en infraestructuras básicas de carácter local e, en particular, incrementar estas, achegando os servicios públicos locais de Galicia á media do Estado, facilitando, ó mesmo tempo, o apoio á actividade económica nos núcleos e nas zonas menos desenvolvidos da Comunidade Autónoma.

Artigo 333

A lei que regule as facendas locais de Galicia ordenará en especial as seguintes materias:

a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.

b) Os tributos propios.

c) As participacións nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) As subvencións, establecéndose para tal efecto un rexistro das subvencións e axudas ás entidades locais.

e) O producto das operacións de crédito.

f) O producto das multas e sancións no ámbito das súas competencias.

g) As demais prestacións de dereito público.

Disposición adicional

No prazo de seis meses, a partir da entrada en vigor desta lei, quedará constituída a Comisión Galega de Cooperación Local, á que se refiren os artigos 188 e seguintes desta lei.

Disposicións transitorias

Primeira

Os expedientes relativos á constitución de mancomunidades de municipios e de entidades locais menores, así como as alteracións de termos municipais en tramitación á entrada en vigor desta lei, axustaranse ó previsto nela.

Segunda

Os expedientes relativos a plans, programas de investimento ou calquera outro da mesma natureza regulado nesta lei e que se atopen en tramitación á súa entrada en vigor axustaranse ó previsto nela.

Terceira

A Federación Galega de Municipios e Provincias, recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades establecidas nesta lei e as derivadas da súa representatividade.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei, especialmente a Lei 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais galegas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposicións derradeiras

Primeira

A organización, o funcionamento e as competencias da parroquia rural serán regulados, no seu día, por unha lei do Parlamento de Galicia.

Segunda

1. Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para dicta-las disposicións regulamentarias para o desenvolvemento desta lei.

2. O desenvolvemento regulamentario ó que se refire o apartado anterior efectuarase no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

3. Mentres non se efectúe o desenvolvemento regulamentario serán aplicables os regulamentos e as demais disposicións do Estado sobre a materia en todo aquilo que non se opoña, contradiga ou sexa incompatible co establecido nesta lei. Aprobados os regulamentos pola Xunta de Galicia, as normas estatais serán aplicables supletoriamente, de conformidade co establecido polo artigo 149.3 da Constitución.

Establécese un período de vacatio legis de tres meses para a entrada en vigor desta lei, que se contará desde o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vintedous de xullo de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.